

eme


Número 7 Xullo 2003 7 euros

dez

Revista de Historia e Ciencias Sociais da Fundación 10 de Marzo

AMBIENTE DE MOBILIZACIÓN SOCIAL

COORDINADOR: RAMÓN LÓPEZ FACAL



FUNDACION
1º DE MAYO



VIVIR S/N NUCLEARES



**CAMPAÑA DE RECOGIDA DE FIRMAS
PARA LA INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR**

FUNDACION 1º DE MAYO/AREA DE MEDIO AMBIENTE - TFNOS.: (91) 308 00 63 - 319 24 16



PORTADA:
Manifestación «Nunca máis»
en Madrid.
(Tratamento infográfico
e cromático: Alejandro Vidal)

EDITORIAL

Unha vez máis, «Nunca máis» 5

CARTAS Á REDACCIÓN 6

Ó REDOR DA HISTORIA

O 'Prestige' e a historia ambiental.
Leccións dun accidente
Manuel González Molina 7

Balance e perspectivas na historia ambiental
Lourenzo Fernández Prieto 15

O movemento ecoloxista en Galicia:
unha avaliación crítica
Raimundo Viejo Viñas 21

NA CLASE

Escolas fronte á marea negra:
a teoría crítica posta en práctica
María Pilar Jiménez Aleixandre 31

A catástrofe do 'Prestige' nos medios:
¿chapapote informativo?
Marta Agraso / Fins Eirexas 38

A traxedia do 'Prestige' e das guerras dende
a expresión corporal. Educación física
e problemas sociais
Norma Pillado Ordóñez 43

DOSIER DOCUMENTAL

A polémica sobre a circular da
Consellería de Educación
Fundación 10 de Marzo 48

UNHA IMAXE

En aluguer
María Lado 59

MISCELÁNEA

Investigación e compensación: campos de
concentración, historiografía e uso público da historia
Javier Rodrigo 61

DE LIBROS

La psiquiatría y la represión franquista
LOS NIÑOS PERDIDOS DEL FRANQUISMO,
de Ricard Vinyes e cols.
David Simón Lorda 67

«... las cosas más claramente»
LAS HUELGAS DE 1962 EN ESPAÑA Y SU REPERCUSIÓN
INTERNACIONAL, de Rubén Vega García e outros
Xosé Ramón Quintana Garrido 70

As folgas de 1962 en Asturias
LAS HUELGAS DE 1962 EN ASTURIAS,
de Rubén Vega García (coordinador)
José Luis Pallín Justo 73

Dos anarquistas galegos
O MOVEMENTO LIBERTARIO EN GALICIA, 1910-1936,
de Óscar Freán Hernández
Raúl Soutelo Vázquez 76

Escaparate bibliográfico 78

GUÍA DE RECURSOS

O desastre do 'Prestige' na web
Eduardo Bragado 79

ENCONTROS

V Encontro de investigadores do franquismo
Javier Tébar Hurtado 85

ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

Actividades e proxectos da Fundación 10 de Marzo
José Gómez Alén 86

AUTORES DESTE NÚMERO 88

NO PRÓXIMO NÚMERO 90

Dez-eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO



Esta revista é membro de ARCE,
Asociación de Revistas Culturais
de España

Número 7 / Xullo de 2003

COORDINACIÓN

José Gómez Alén / Víctor Manuel Santidrián Arias

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carme Alvaríño Alejandro (Santiago de Compostela),
José Babiano (Madrid), Eloísa Baena (Sevilla), Eduardo
Bragado (Vigo), Heladio Fernández Manso (Santiago de
Compostela), José Gómez Alén (Vigo), Carlos González
(Ourense), Ramón López Facal (Santiago de Compostela),
Guillermo Llorca Freire (Ferrol), Maíta Rodríguez

(Ourense), Víctor Manuel Santidrián Arias (Santiago de
Compostela), Alberto Gómez Roda (Valencia), Javier
Tébar (Barcelona), Rubén Vega (Asturias).

COLABORACIÓN

Manuel González Molina, Lourenzo Fernández
Prieto, Raimundo Viejo Viñas, María Pilar Jiménez
Aleixandre, Marta Agraso, Fins Eirexas, Norma Pillado
Ordóñez, María Lado, Javier Rodrigo, David Simón
Lorda, Xosé Ramón Quintana Garrido, José Luis
Pallín Justo, Raúl Soutelo Vázquez, Eduardo Bragado,
José Gómez Alén

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña Méndez

GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO S. N. DE CC.OO. DE GALICIA

DESEÑO DA REVISTA E PORTADA

Alejandro Vidal

IMPRIME

Tórculo Artes Gráficas, SA

ISSN: 1576-4044 / DEPÓSITO LEGAL C-660-00
TIRADA: 300 exemplares

A FUNDACIÓN 10 DE MARZO NON É RESPONSABLE
DAS OPINIÓNS DOS AUTORES



Fundación 10 de Marzo
comisións obreiras

r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701-Santiago de Compostela
Télf. 981 599 765 / Fax 981 597 081 / e-mail: f10.msn@galicia.ccoo.es

moito máis do que poidas imaxinar

fotocopias

impresión dixital

imprenta offset

imprensa dixital

manipulados

o teu asesor en deseño

copias gran formato

carteis e posters

laminados e encapsulados

estructuras

impresiónate !!

e se tes calqueira dúbida...
pregúntanos



A CORUÑA

Plaza Maestro Mateo, 9
Tel. 981 274 820 - Fax: 981 274 9 09
e-mail: herculesc@torculo.com

SANTIAGO

Vía Edison 33-35 - Polígono do Tambre
Tel. 981 958 320 - Fax: 981 575 693
e-mail: torculo@torculo.com

VIGO

Álvaro Cunqueiro, 3
Tel.: 986 213 456 - Fax: 986 207 825
e-mail: artes@torculo.com



TÓRCULO

global printers

Praza Mazarelos, 14 - Tel.: 981 585 455

Unha vez máis, 'Nunca máis'

Como xa anunciamos na achega anterior desta revista, o desastre do *Prestige* obrigou o Consello de Redacción de DEZ·EME a modifica-la súa programación. Por esa razón o sétimo número, que o público ten nas súas mans, está dedicado ás relacións entre as ciencias sociais e o medio natural.

O Consello da revista tivo que actuar con rapidez para dar resposta a unha realidade inmediata, intentando non fuxir do rigor. Cremos que a solidez das colaboracións e o prestixio das sinaturas que as rubrican avalan, unha vez máis, a calidade de DEZ·EME.

Este DEZ·EME pode resultar aínda máis monográfico cós anteriores; a práctica totalidade das seccións fan realidade o seu título. Procurámo-la presenza do medio natural dende a óptica das ciencias sociais en tódalas seccións da revista. Mesmo as imaxes incluídas nestas páxinas, procedentes de actividades desenvolvidas nos centros de ensino, xiran ó redor dese tema. Dende aquí agradecemos-lles ás persoas que realizaron eses traballos que nos permiten a súa reprodución.

Evidentemente, os resultados das eleccións municipais recentes non expresan as arelas de rexeneración democrática que as mobilizacións dos últimos meses crearon en moitas persoas. Sen embargo, estamos convencidos de que o apoio das urnas non xustifica en ningún caso a terxiversación da realidade, a descualificación da oposición política ou as actitudes de prepotencia —a concesión da Medalla Castelao a quen tivo responsabilidade na toma dunhas decisións que son, cando menos, discutibles—. Por iso, unha vez máis, Nunca Máis.



CARTAS Á REDACCIÓN

Agradecemos que as cartas teñan unha extensión máxima de 1.500 caracteres; en caso de superarse este límite, os responsables de redacción de DEZ·EME poderán facer un extracto ou resumo que non altere o contido orixinal da comunicación. As cartas deberán asinarse con nomes e apelidos lexibles así como cun número de DNI, aínda que se poderán publicar baixo pseudónimo se así fose solicitado de forma expresa. DEZ·EME garante a reserva e confidencialidade en tódolos casos.

A revista DEZ·EME obséquianos sempre con artigos que iluminan tempos de escarnecemento necesariamente revisítiles. O número 6, que leva por título *Cultura e Política*, repasa as difíciles relacións do informalismo artístico e do galeguismo coa cultura oficial franquista, á par que recolle o testemuño sempre esclarecedor de Isaac Díaz Pardo, entrevistado por Freixanes.

Mais desde a perspectiva dun ensinante da historia e as ciencias sociais en activo, quero agradecer sobre todo os apartados da revista que nos achegan á práctica docente na aula e suxiren instrumentos complementarios como a utilización crítica das imaxes artísticas para a

explicación dos fenómenos histórico-políticos ou a visita a páxinas web onde o alumnado pode consultar *per se* esta nova fonte primaria/secundaria en que se está a converter Internet. Agradezo como docente que DEZ·EME se postule como plataforma —nunca mellor empregado, no contexto da actual conxuntura política, o termo— na que se difunden experiencias tan relevantes como a de dar volume a unha obra atemporal como o *Guernica*, no Instituto de Sar en Santiago. Nestes tempos en que o mundo da cultura e do ensino se teñen plantado con pé firme contra a guerra, que ninguén quere nunca máis, a lembranza dun episodio atentatorio con-

tra a humanidade na súa esencia é imprescindible e vivificante.

DEZ·EME cumpre tamén cunha obriga de difusión selectiva dos fondos correspondentes ó arquivo da Fundación 10 de Marzo, na súa sección «Dosier documental», facilitando o coñecemento dun excepcional arquivo documental. Por todo iso, ós coordinadores, redactores e colaboradores de DEZ·EME estendo os meus parabéns e o desexo de que este proxecto se manteña vigoroso no futuro.

XOSÉ ANTÓN GARCÍA GONZÁLEZ

Dez·eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO



NÚMERO 1,
abril 2000:
Arquivo
Ángel Barcia



NÚMERO 2,
novembro 2000:
O franquismo



NÚMERO 3,
xuño 2001:
O mundo do traballo



NÚMERO 4,
decembro 2001:
Migracións



NÚMERO 5,
xuño 2002:
Partidos políticos,
coordinador: Ramón Máiz



NÚMERO 6,
febreiro 2003:
Cultura e política

Información e subscricións:

FUNDACIÓN 10 de MARZO

r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 / Santiago de Compostela
Telfs. +34 981 591 816 / +34 981 599 765 / Fax: +34 981 501 081
f10m.sn@galicia.ccoo.es

O 'PRESTIGE' E A HISTORIA AMBIENTAL: LECCIÓN DUN ACCIDENTE

MANUEL GONZÁLEZ DE MOLINA

A marea negra do *Prestige* conmocionou a sociedade galega e, en xeral, a española como ningún fenómeno semellante o fixera ata hoxe. As interpretacións que se levantado do fenómeno reflicten bastante fielmente as distintas concepcións sobre o medio natural e a súa importancia para unha sociedade como a nosa. Para uns, o accidente do petroleiro non é máis que iso, un accidente que se espera que non se repita, que os seus efectos pasen e poida recuperarse canto máis antes a economía da zona. En coherencia con isto, as medidas tomadas polo Goberno galego e pola Administración central non van alén da concesión de axudas para paliar as perdas de renda que sufriron (non están incluídas as que van sufrir) os mariscadores, os pescadores e o sector turístico. Sen embargo, investíronse grandes cantidades de diñeiro —e haberá que investir no futuro— para restaurar a saúde ambiental das praias e fondos mariños afectados. A isto deben engadirse as propostas gobernamentais de prohibición do tráfico de buques monocasco, aínda por concretar, tendo en conta que esta é unha decisión que lle corresponde tomar á Unión Europea.

Polo tanto, para uns o accidente puxo de manifesto algunhas imprevisións e, como moito, o erro cometido polo Goberno ó afasta-lo buque das costas galegas, facilitando a súa partición e posterior afundimento. Pero máis nada. Os mecanismos económicos habituais (axudas públicas, seguros, indemnizacións, etc.) acabarán por



elimina-lo problema, que se considera esencialmente económico. Incluso, desde a puridade da teoría económica convencional, o accidente xerou e vai xerar nos vindeiros meses demandas que satisfarán empresas (como, por exemplo, a de uniformes para o voluntariado, que disque beneficiou a familia dalgún ex conselleiro) e que, polo tanto, ben poderían computar, no xa caduco sistema de contabilidade nacional, como incrementos do produto interior bruto. Unha contabilidade que despreza —porque os

obvia— os efectos económicos, tanto a curto como a longo prazo, da contaminación nas praias e caladoiros e, en xeral, nos ecosistemas mariños da zona. Efectos que en moitos casos descoñecemos e que só de xeito aproximado somos quen de valorar en termos monetarios. Para os que así percibiron o problema, o accidente é froito dun risco imprevisible, unha especie de custo que hai que pagar polo progreso e o benestar dunha sociedade opulenta como a nosa, sen reparar na importancia que para a propia actividade económica ten o medio natural. Esta concepción do medio non vai máis alá da calidade paisaxística, das oportunidades turísticas que ofrecen determinados espazos naturais ou da necesidade xeral e abstracta de conserva-lo noso contorno; preocupación esta que xurdiu entre xentes que teñen cubertas as súas necesidades básicas e ven no medio unha expresión de calidade de vida, formulando unha preocupación que algúns sociólogos teñen chamado «posmaterialista». Como un ben que hai que protexer, si, pero subordinado ás lóxicas do crecemento económico e o consumo, confundido este coa calidade de vida.

En cambio, hai quen viu na marea negra do *Prestige* unha manifestación dun problema máis profundo e estrutural do modelo de sociedade que temos construído. O «accidente» do *Prestige* é o último episodio dunha serie xa longa de grandes vertidos ó mar de petróleo e outras substancias contaminantes que van máis alá da falta de garantías de seguridade das compañías navais e das bandeiras de conveniencia. As repercusións deste accidente sobre os ecosistemas mariños terán consecuencias económicas e productivas inmediatas pero tamén a curto e medio prazo, pois diminuirán a calidade e a cantidade dos recursos naturais imprescindibles para o funcionamento do sistema productivo. Un accidente que hai que sumar ós do Exxon Valdez, o Erika... e que son o produto do constante trasfego de petróleo e substancias perigosas polas principais rutas marítimas.

A conexión deste suceso coa dependencia absoluta da nosa sociedade respecto ós combustibles fósiles queda clara. Non se trata dun fenómeno esporádico, senón dunha consecuencia lóxica do tráfico incesante deste tipo de combustibles por todo o mundo. Non estamos, pois, diante dun suceso episódico, senón dun feito frecuente que seguirá ocorrendo no futuro se non muda o modelo enerxético. O mesmo cabería dicir da frecuencia e intensidade coa que se están a producir catástrofes naturais, consecuencia do cambio climático en curso; cambio que non é produto do azar, senón, precisamente, da queima de combustibles fósiles nos que a nosa sociedade basea o seu funcionamento.

Ámbalas posturas representan concepcións opostas con efectos tamén opostos sobre a realidade. A primeira non fai máis que reforza-lo noso actual modelo de produción e consumo, en tanto a outra revela os fundamentos profundos e desviados da nosa civilización. Independentemente das formas caducas de facer política que a crise evidenciou, ou de organiza-lo tráfico marítimo internacional, tantas veces nas mans de empresas situadas á marxe das leis, a primeira das posturas reflicte unha desconexión patolóxica da sociedade cos seus fundamentos físico-biolóxicos, é dicir, co mundo natural. Procede coma se o home se situase no baleiro, coma se a satisfacción das súas necesidades non obrigara a manipular e transforma-la natureza, coma se as súas accións non tiveran impactos a miúdo decisivos sobre ela. Esta forma de pensar, inscrita con lume na nosa cultura, é produto da *ficción metafísica* que alumeou a modernidade e o industrialismo e que se concretou en dous axiomas que amosan aínda unha asombrosa capacidade de subsistencia: o mito do progreso ilimitado e o antropocentrismo ou ideoloxía autorreferencial que coloca o home por riba, e moitas veces en contra, do resto dos seres vivos.

O efecto invernadoiro, o burato na capa de ozono, o esgotamento dos recursos mine-

O «accidente» do *Prestige* é o último episodio dunha serie xa longa de grandes vertidos ó mar de petróleo e outras substancias contaminantes que van máis alá da falta de garantías de seguridade das compañías navais e das bandeiras de conveniencia

rais e dos combustibles fósiles, a deforestación, a sobreexplotación e o esgotamento dos recursos hídricos, a polución atmosférica, a chuvía ácida, a erosión e a desertificación, etcétera están estreitamente vinculados ás formas de produción e consumo que trouxeron consigo o crecemento económico maila industrialización. É xa un lugar común entre os científicos o convencemento da finitude dos recursos naturais, da imposibilidade física da medra económica nun mundo de recursos limitados, da fraxilidade das bases que fan posible a vida no planeta, e máis en concreto a vida humana. Comeza a estar na axenda da maioría dos políticos sensatos a necesidade dun desenvolvemento sostible, é dicir, que non com-

que recollen a maioría dos libros de historia seguen fundamentándose nos mesmos valores e exaltando un modelo de sociedade, a industrial, que xa moi poucos consideran desexable. Identifícanse, pois, coa primeira das posturas (a governamental e a de moitos medios de comunicación) que criticamos máis arriba sobre o accidente do *Prestige*. Son relatos que negan a evidencia e nos que a natureza ocupa un lugar irrelevante ou está ausente.

A distancia entre o discurso historiográfico dominante —no enfoque e mais nos contidos convencionais— e as demandas sociais de coñecemento e de experiencias útiles faise cada día máis evidente. Un discurso deseñado para exalta-lo crecemento

A distancia entre o discurso historiográfico dominante —no enfoque e mais nos contidos convencionais— e as demandas sociais de coñecemento e de experiencias útiles faise cada día máis evidente



prometa as bases ecolóxicas que fan posible a mesma produción, asegurando o seu mantemento no tempo e o seu gozo polas xeracións futuras.

Esta viraxe ambiental «contaminou» as propias ciencias sociais, nas que se produciu un cambio de enfoque fundamental: a incorporación do concepto de 'sustentabilidade' como criterio central da análise da acción humana. Sen embargo, a maioría dos relatos e interpretacións sobre os feitos históricos, incluso a súa propia ordenación,

económico e o consumo inmoderado de bens materiais, a manipulación da natureza para incrementa-la base física da produción sen se coidar dos custos sociais e ambientais non achega nin pode achegar solucións á actual crise ambiental que compromete a continuidade e a capacidade productiva dos ecosistemas. Encontrámonos, pois, nunha situación na que os retos que hai que afrontar non atopan apoio nas visións do pasado que reproducimos ou ensinamos ou construímos. O discurso dominante na nosa

historiografía está caduco e a súa axiomática é antiga, alicerzada en valores e obxectivos propios dunha «modernidade obsoleta». Dese xeito, non é nada estraño que o historiador bote en falta un espacio de utilidade para o seu discurso —tal e como ocorría non hai moito tempo— ou que os coñecementos que transmite pouco eduquen para o futuro. O discurso historiográfico aínda dominante só serve para lexitimar unha sociedade en crise, retardando a conciencia do cambio.

Cómpre, pois, un «xiro ambiental» da historia ou, para sermos máis precisos, da historiografía. Un xiro que permita volver a considera-la natureza dentro da sociedade, de onde foi expulsada polo iluminismo racionalista e a súa concreción antropocén-

limita a acción humana pero é tamén modificado por ela. Unha relación, pois, *coevolutiva*, fundamento epistemolóxico no que asenta a *historia ambiental*; corrente historiográfica esta que non aspira a se converter en disciplina á parte, ocupándose dos aspectos naturais da acción humana, senón que pretende entendela dentro da súa necesaria incardinación no mundo natural. Non aspira, polo tanto, a entende-los feitos históricos en clave unicamente ambiental, senón que se ocupa das súas implicacións ambientais ou *materiais*, tanto desde o punto de vista das limitacións que a natureza e a dotación de recursos que esta ofrece establecen á acción humana, como do impacto ambiental que esta produce.

Poderíase pensar que a historia ambiental non é senón unha máis das modas historiográficas, reflexo desta volta do aumento da conciencia ambiental e, xa que logo, das demandas sociais dunha nova visión do pasado onde o medio natural teña cabida. Pero esta pretensión de coloca-la natureza na base da práctica humana, ¿non converterá o novo discurso histórico nun discurso presentista?, ¿non é a preocupación polo ambiente unha inquietude dos nosos días e non corre-mo-lo risco de proxectar cara ó pasado preocupacións antano inexistentes? Se abandonámo-la idea etnocéntrica de que as preocupacións polo medio só se expresan a través da linguaxe científica convencional e só son os científicos ou, como moito, os ecoloxistas occidentais os que o expresan; é dicir, se se analizan con coidado as preocupacións económicas e sociais doutras culturas distintas da occidental, constataremos que as inquietudes polos recursos naturais, polo medio e pola propia «sostibilidade» das relacións sociais con respecto ó seu medio natural estiveron presentes en tódalas sociedades antes do predominio da civilización industrial.

Antes de se afianzar o antropocentrismo na nosa cultura, e mesmo hoxe en moitas sociedades non occidentais, a natureza formou parte das preocupacións da xente. Basta pensar nas concepcións organicistas presen-



trica: o optimismo tecnolóxico. Un xiro que parta dun principio fundamental: que as sociedades humanas, calquera que sexan as súas condicións ou niveis de complexidade, non existen nun baleiro ecolóxico senón que afectan e son afectadas polos fenómenos e as leis da natureza. Nunca desde un punto de vista determinista, como facía a vella xeografía ratzeliana; tampouco como faría a sociobioloxía, buscando etoloxías que poidan elevarse á categoría de leis do comportamento humano; nin por suposto entendendo as distintas culturas como formas de adaptación ós limitantes de cada ecosistema; senón como un xogo de dobre determinación, no que o medio natural

tes na maioría delas que, a través da sacralización do espazo ou dos recursos, da ritualización das principais tarefas productivas, procuraban manter unha relación «harmónica» (que asegurara a reprodución sostible dos recursos naturais, imprescindibles para a subsistencia) coa natureza, entre outras cousas porque disto dependía a súa propia supervivencia como culturas. Por outro lado, o discurso histórico, como discurso socialmente construído, dificilmente pode manterse á marxe das preocupacións do presente. Demóstrao a propia existencia da historia como disciplina profesional, institucionalizada durante o século XIX, cando houbo que construí-los Estados nacionais e a propia identidade nacional. A historia construíu relatos que proxectaban sobre o pasado a existencia da nación, destacando todo aquilo que podía xera-la ilusión dunha comunidade unificada existente desde o comezo dos tempos; unidade que obviamente non era nin podía ser anterior á propia constitución da nación. Do mesmo xeito, a aplicación tan frecuente ó pasado das metodoloxías propias da economía, elaboradas para medi-lo crecemento económico occidental durante o XIX e o XX, foron aplicadas sen empacho a sociedades e períodos cronolóxicos onde a propia noción de crecemento era descoñecida. Poderíanse aducir moitos outros exemplos para mostra-la condición de «presentista» de todo discurso histórico, sen por iso cuestiona-la utilidade e o rigor do coñecemento que produce.

A historia ambiental aspira a entender, pois, a acción humana no seu contexto natural, pero non pretende explicalo todo desde o prisma ambiental. As relacións sociais están presididas pola complexidade e non poden ser reducidas a análises físico-biolóxicas. A historia ambiental ocúpase esencialmente da base material das relacións sociais. Esta consideración da historia ambiental como proveedora dun coñecemento necesario pero parcial, supón tamén admiti-lo seu carácter provisional xa que só aspira a «ecoloxizar» o discurso histórico xeral, preparando o

camiño para a súa propia desaparición como disciplina separada. O que a historia ambiental achega ó discurso historiográfico é a preocupación pola sustentabilidade, en coherencia coa súa vocación consecuentemente materialista e coa condición material de toda relación social. Isto non quere dicir que se ocupe soamente do mundo físico e biolóxico e das limitacións que establece sobre a acción humana. Xa rexeitamos esta concepción determinista, igual que rexeitamos que a análise da sociedade con ferramentas prestadas das ciencias naturais ou da ecoloxía constituía o obxectivo principal da historia ambiental. Tamén rexeitamos esa desviación bioloxicista. O propio concepto de 'sustentabilidade', tal e como é manexado en boa



parte da literatura ambiental, axuda a comprende-la mutua determinación entre sociedade e natureza na que este tipo de historia se sitúa.

Polo tanto, a historia ambiental pode definirse como o estudo histórico da evolución e do cambio das sociedades humanas, onde os procesos naturais e sociais son «axentes activos» en permanente e mutua determinación (Sieferle, 2001). O coñecemento que prové é fundamentalmente interdisciplinario e, polo tanto, constitúe unha «ciencia de integración das partes». Parte dun principio básico que define dunha maneira específica a relación entre natureza e sociedade: a consideración do sistema

O metabolismo propio das sociedades industriais utiliza como base enerxética os combustibles fósiles ou a enerxía atómica, o que lle proporciona unha alta capacidade de intervención na dinámica dos ecosistemas, unha enorme capacidade expansiva, subordinante e transformadora. Isto explica que se producira coa súa introducción un cambio cualitativo no grao de artificialización dos ecosistemas


social como unha parte máis dos sistemas naturais. Para a concreción de tal principio propúxose o concepto de *metabolismo socio-ambiental*: toda sociedade humana produce e reproduce as súas condicións materiais de existencia a partir do seu metabolismo coa natureza. Ese metabolismo comprende o conxunto de procesos por medio dos cales os seres humanos organizados en sociedade, independentemente da súa situación no espacio (formación social) e no tempo (momento histórico), *se apropian, circulan, transforman, consomen e excretan* materiais ou enerxías provenientes do mundo natural (González de Molina e Toledo, 2001).

O obxectivo esencial das relacións sociais é a satisfacción das necesidades materiais. Isto require e requiriu sempre da *apropiación* dos recursos naturais para a produción de bens cun valor de uso histórico e culturalmente dado, mediante o consumo dunha cantidade determinada de enerxía e materiais e o emprego dun saber e uns instrumentos de produción adecuados. Este proceso metabólico, que ten na produción o seu núcleo central, non foi invariable ó longo do tempo, nin desde o punto de vista das relacións sociais que se establecen en torno a el nin do tipo de manexo (*modo de uso*) que promove dos recursos naturais e do medio. Tanto Guha e Gadgil (1992) coma Toledo (1994) coincidiron en distinguir polo menos tres grandes modos de uso que corresponderían a outros tres grandes formas de organiza-lo metabolismo social coa natureza: o modo primario ou propio dos cazadores-recolectores, no que a apropiación dos recursos non consegue transformala estrutura e a dinámica dos ecosistemas; de feito, os seres humanos poderían considerarse como unha especie máis dentro de cada ecosistema. O modo secundario, campesiño ou agrario establece un tipo de metabolismo que produce aínda transformacións certamente limitadas sobre a dinámica dos ecosistemas; non obstante, domesticáanse plantas e animais, manipúlanse especies e transformanse —aínda que de xeito moi limi-

tado— determinados materiais en obxectos útiles (apeiros agrícolas, arados, arneses, ferraduras e, por suposto, armas). Esta capacidade limitada de intervención nos ecosistemas e no propio planeta é produto da base enerxética sobre a que asentan este tipo de sociedades: a enerxía solar. En calquera caso, este modo de uso coexistiu cunha gama moi ampla de sistemas sociais que, malia a presentaren distintos graos de complexidade, tiñan como base da súa economía as actividades agrarias, desde a aparición da agricultura ata o feudalismo, os sistemas tributarios asiáticos ou o propio capitalismo.

O metabolismo propio das sociedades industriais utiliza como base enerxética os combustibles fósiles ou a enerxía atómica, o que lle proporciona unha alta capacidade de intervención na dinámica dos ecosistemas, unha enorme capacidade expansiva, subordinante e transformadora (a través de máquinas movidas por combustibles fósiles). Isto explica que se producira coa súa introducción un cambio cualitativo no grao de artificialización da arquitectura dos ecosistemas. A investigación, aplicada ós solos e á xenética, deu lugar a novas formas de manipulación dos compoñentes naturais ó introducir fertilizantes químicos e novas variedades de plantas e animais. Por primeira vez, coa promoción deste tipo de metabolismo, a produción de residuos —resultado de toda transformación da enerxía e a materia— superou a capacidade de reciclaxe e a velocidade na extracción de recursos comezou a ser moi superior ó tempo de produción. O tipo de organización social propio deste modo de uso é ben coñecido por actual; só resaltaremos que se basea en criterios esencialmente materiais de clasificación social, na promoción de valores culturais antropocéntricos, en pautas de conducta urbanas e en lóxicas ou racionalidades maximizadoras, moi afastadas das propias dos dous modos de uso anteriores.

Con estes tres grandes tipos de metabolismo socioambiental non se pretende reconstruír unha nova liña evolutiva máis ou



menos lineal, entre outras cousas porque os tres coexisten na actualidade. O primeiro é, non obstante, relictual, en tanto que o segundo segue sendo —se tomamos en conta o conxunto do planeta— a forma máis numerosa en que se organiza o metabolismo coa natureza; aínda que a súa hexemonía está ameazada pola capacidade expansiva do modo de uso industrial, que fixo que fora dominante en Occidente e que se encontre en plena expansión polo Terceiro Mundo tanto en número de produtores como en superficie controlada. Estes non son senón exemplos do modo de proceder da historia ambiental, que estudia e clasifica as sociedades en función da súa base material (fluxo de enerxía e materiais) e dos límites que impón a práctica humana. Práctica que, ó mesmo tempo, modifica e transforma o propio metabolismo ata mudalo totalmente. A historia ambiental proporciona, pois, coñecementos imprescindibles para entende-lo escenario no que a acción humana se desenvolve.

Ó comezo deste texto insinuabámo-lo desfasamento existente entre a maioría dos discursos sobre o pasado, a súa función lexitimadora dun presente xa insostible e a necesidade de anova-los seus contidos cun necesario principio de utilidade social do coñecemento. Precisamente, a his-

toria ambiental está contribuíndo a redefinir non só os contidos do discurso histórico, senón tamén a función social dos historiadores e da historia a partir do seu vínculo coa realidade, neste caso física. Á marxe das funcións coñecidas do discurso (identidade como función da memoria, intelixibilidade da realidade, etc.), pode servir para algo máis que para rescata-lo patrimonio histórico ou elabora-lo propio discurso para consumo da colectividade; pode ter tamén unha dimensión práctica gracias á Historia ambiental.

Nesa dirección, o discurso historiográfico debe recuperar (como o tivo nas culturas tradicionais de base oral) o carácter de *coñecemento aplicado*, de ferramenta útil para a resolución dos problemas concretos que afectan a sociedade de hoxe. Por primeira vez na súa historia, os seres humanos enfróntanse á posibilidade da súa propia desaparición como especie, ó se modifica-los patróns ambientais que fan posible a vida. Parece probado que a maioría desas modificacións son produto das formas de organizar, pensar e manexa-la natureza que o home puxo en práctica a partir, sobre todo, da hexemonía dos valores da civilización industrial. Esta certeza, que está na mente dun maior número de individuos, fai que a ciencia se enfrente ó reto de proporcionar solucións urxentes e inmediatas á crise civilizatoria e ás súas principais manifestacións (crise ecolóxica, pobreza, desigualdade social, etc.). A ecoloxía está a converterse nun «saber de salvamento» ante a gravidade e irreversibilidade dos danos ambientais. Neste sentido, o coñecemento histórico —que non é en si un saber especializado que pon o acento na dimensión tempo, nos procesos evolutivos e, polo tanto, no cambio— pode cooperar eficazmente coa ecoloxía e outras disciplinas na busca de solucións inmediatas á crise ecolóxica.

A ecoloxía está a converterse nun «saber de salvamento» ante a gravidade e irreversibilidade dos danos ambientais. Neste sentido, o coñecemento histórico pode cooperar eficazmente coa ecoloxía e outras disciplinas na busca de solucións inmediatas á crise ecolóxica.

como un vector esencial da súa análise.

Parece claro que problemas ambientais de primeira orde, como o quentamento global, non poden ter un diagnóstico claro nin, xa que logo, solucións adecuadas, se non se analizan series cronoloxicamente longas de temperaturas e precipitacións. A propia dinámica dos ecosistemas non se pode entender á marxe da súa evolución histórica. Neste sentido, a historia pode constituír un instrumento ben útil para o diagnóstico correcto do estado dun determinado ecosistema. A fixación no tempo dos cambios antrópicos máis decisivos e a busca de factores de diversa índole que os expliquen poden contribuír a un diagnóstico correcto das patoloxías ambientais e á busca de solucións eficaces.

Esta idea dun coñecemento aplicado, lonxe dunha historia narrativa ou literaria, aboca por forza á rotura do parcelamento do coñecemento e a transdisciplinabilidade, tal e como dixemos. É unha das posibilidades máis claras de producir coñecementos útiles, cun alto grao de eficiencia social. Os historiadores deben perde-lo medo ó contacto con outros científicos e cos seus instrumentais, sen pechárense na seguridade que dá un saber acoutado, con instrumentos propios, moitas veces fabricados para dota-la disciplina dun status diferenciado. O mesmo se podería dicir das outras ciencias que poden caer en suposicións erróneas por falta de perspectiva histórica. É moito o que se ventila, o que a sociedade demanda da súa propia memoria, como para volver a un exercicio dunha historia meramente academicista.

Un exemplo do que propoñemos pode acharse nos enfoques agroecolóxicos frecuentes na historia ambiental. Tanto a investigación como a docencia poden contribuír a resolver os problemas e responder ós retos que ten o sector agrario, afectado por unha grave crise socioambiental que compromete o seu futuro. As metodoloxías agroecolóxicas aplicadas ó pasado poden constituír unha ferramenta básica no diagnóstico dos problemas que afectan a nosa

agricultura. Do mesmo modo, como xa se fixo nalgúns casos, pode axudar a recuperar e poñer en práctica, baixo condicións tecnolóxicas novas, formas de manexo agrícola que sexan sostibles. Para iso é imprescindible que asuma variables ambientais de maneira integrada coas sociais e económicas utilizadas ata o de agora. Exemplos deste enfoque aplicado pódense atopar nos estudos que se veñen realizando sobre as formas tradicionais de organiza-los espazos agrarios, de manexa-los cultivos, etcétera, que, adaptados ás tecnoloxías actuais, están a resultar moi útiles para evita-la erosión (cobertas vexetais, especialmente idóneas para cultivos leñosos como o oliveiral en fortes pendentes), para aforrar auga, para deseñar e utilizar fertilizantes naturais, para rescatar sementes tradicionais adaptadas ás condicións particulares do solo e o clima, para deseñar leiras e sistemas agrarios baixo cultivo ecolóxico, etcétera (ver González Molina, Guzmán Casado e Ortega Santos, 2002). En definitiva, estas e moitas outras son as posibilidades que se abren na historiografía do futuro, que por forza terá na historia ambiental un dos seus piares.

REFERENCIAS

- Gadgil, M., e R. Guha (1992), *This Fissured Land: An Ecological History Of India*, Oxford, Oxford University Press.
- González de Molina, M., e V. Toledo (2001), «Metabolisms across time: towards a social-ecological theory of historical change», Coloquio Internacional sobre Historia e Medio ambiente, Xalapa, México (no prelo).
- González de Molina, M., G. Guzmán Casado, e A. Ortega Santos (2002), «Sobre la sustentabilidad de la agricultura ecológica. Las enseñanzas de la Historia», *Ayer*, núm. 46, páxs.155-185.
- Sieferle, R. F. (2001), «Qué es la historia ecológica», en M. González de Molina e J. Martínez-Alier (eds.), *Naturaleza Transformada: estudios de historia ambiental en España*, Icaria Editorial, páxs. 31-54.
- Toledo, V. (1994), *La apropiación campesina de la naturaleza: una aproximación etnoecológica*, tese de doutor en Ciencias, Facultade de Ciencias, Universidade Nacional Autónoma de México.

Tanto a investigación como a docencia poden contribuír a resolver os problemas e responder ós retos que ten o sector agrario, afectado por unha grave crise socioambiental que compromete o seu futuro

MANUEL GONZÁLEZ DE MOLINA
UNIVERSIDADE PABLO DE OLAVIDE



BALANCE E PERSPECTIVAS NA HISTORIA AMBIENTAL

LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO

Nas seguintes liñas intentarei presentar un estado da cuestión sobre esa nova orientación historiográfica que se dá en chamar «historia ambiental», a partir de recentes balances e renovadas preocupacións derivadas de acontecementos que, como o afundimento do *Prestige*, contribúen a unha abrupta toma de conciencia dos problemas ecolóxicos. O primeiro dos balances fíxoo F. J. Brüggemeier (2000), como relator da sesión *New Developments in Environmental History* no último Congreso Mundial de Ciencias Históricas de Oslo e, polo tanto, ten o valor do seu alcance global¹. O segundo, sobre a cuestión ambiental na historia agraria dos noventa en España, correu a cargo de M. González de Molina (2000). Para completa-lo panorama que aquí queremos pre-

sentar, hai que referirse ós dous encontros de historia ambiental que tiveron lugar polo de agora en España: o primeiro Encontro Estatal de Historia e Medio Ambiente, celebrado en Andújar (1999), do que xa viu a luz un volume que contén unha selección de relatoríos e comunicacións de moitísimo interese (M. González de Molina e J. Martínez Alier [eds.], 2001); do segundo encontro, celebrado en Huesca en outubro de 2001, contamos polo de agora unicamente cos materiais presentados na edición das pre-actas do congreso. Por último, hai que anota-la recente publicación dunha *Historia ecolóxica de Galicia* (Guitián Rivera e Pérez Alberti, 2002) dentro da colección *Semata* da Facultade de Xeografía e Historia da USC que recolle algúns traballos do que entre nós se entende por tal.

1. A novidade da historia ambiental

A historia ambiental —que neste mesmo número de DEZ·EME define e presenta conceptualmente M. González de Molina— é máis unha orientación ca unha disciplina, e caracterízase sobre todo pola súa novidade. Aínda que é de sobra coñecido que a preocupación ecolóxica non deixou de medrar nos últimos trinta ou corenta anos, a atención profesional dos historiadores a estas cuestións é moito máis recente. É tan nova que a historia ambiental aínda empeza a facerse e a penas leva unha década incorporada á historiografía académica como tal².

O seu nacemento académico está bastante ligado á historia rural por dúas razóns: porque é nese ámbito onde as relacións entre a humanidade e a natureza son máis evidentes, pero tamén porque é o que asentou a primeira tradición de atención ó medio, dende a vella relación entre a xeografía rexional de Vidal de La Blanche e a historiografía ruralista de Annales, tan ben representada por M. Bloch na súa *Historia da Francia rural* ou, en certo modo, pola xeografía histórica británica de N. J. G. Pounds ou, máis recentemente, de D. Grigg. A inexperiencia da ollada ecolóxica da historia explica que tódolos seus cultivadores veñan doutras especialidades historiográficas; moitos deles da historia económica ou da historia rural, sendo esta última a que leva a palma no Estado español na xestación da historia ambiental pero, como se puxo de manifesto no congreso de Oslo, tamén a historia social, a cultural maila política son susceptibles dunha ollada ecolóxica, e deses ámbitos proceden algúns dos seus máis recentes cultivadores, anunciando seguramente a amplitude que a perspectiva ecolóxica terá no futuro na historiografía.

As dificultades para o seu acomodo na academia, que contrastan coa preocupación social polas cuestións ambientais, teñen que ver en gran parte coa obrigada interdisciplinariedade que o estudo histórico do medio reclama entre as ciencias sociais e as

ciencias naturais; isto esixe superar na práctica unhas barreiras moi poderosas. En todo caso, un campo tan novo e que permite moi diferentes enfoques disciplinares está cheo de perspectivas de futuro pero xa conta cun pasado susceptible de ser valorado.

Os autores dos balances citados concordan nalgunhas das súas consideracións críticas sobre dos problemas que acompañan o curto desenvolvemento da historia ambiental. O máis evidente ten que ver con que a súa orixe militante transferiu ó tratamento académico da cuestión un bo feixe de prexuízos e unha considerable dose de idealización que estivo moi presente nas súas preocupacións e obxectos de estudio, así como nas súas conclusións. Unha orixe militante que podemos considerar un lastre no momento actual e da que a historiografía ambientalista está empeñada en desfacerse para gañar en rigor e capacidade de análise.



2. Consideracións sobre a historia ambiental: un balance global en Oslo 2000

A primeira consideración sobre a historia ambiental practicada, a partir dos traballos presentados no congreso de Oslo, leva a

A inexperiencia da ollada ecolóxica da historia explica que tódolos seus cultivadores veñan doutras especialidades historiográficas; moitos deles da historia económica ou da historia rural, sendo esta última a que leva a palma no Estado español na xestación da historia ambiental pero, como se puxo de manifesto no congreso de Oslo, tamén a historia social, a cultural maila política son susceptibles dunha ollada ecolóxica

Brüggemeier a unha constatación xeoacadémica: a nova historiografía ambiental restrínxese fundamentalmente ós países industrializados de Europa e Norteamérica, e son tamén os académicos destes países os que acoden a estudar as realidades asiáticas, africanas ou sudamericanas, pese ás diferencias de acervo cultural. Esta circunstancia, un chanzo máis no etnocentrismo, é coherente co feito de que os países que provocaran e sufriran as consecuencias ambientais da industrialización fosen os que adquiriran unha máis aguda conciencia da crise ecolóxica.

A propósito dos fundamentos da historia ambiental, Brüggemeier outorga moita importancia a que esta se desenvolveu nos seus comezos sobre «a teoría do home caído», que parte de supoñer que a humanidade viviu en sintonía coa natureza ata a industrialización; pero aquela harmonía foi destruída na contemporaneidade e dende entón a degradación non parou de medrar. Un mito romántico e idealizado da sociedade preindustrial que ten enorme forza explicativa e grande influencia sobre o movemento ambientalista. Neste sentido, na lóxica posmoderna do ambientalismo hai un empeño por identificar os pecados da modernidade, que leva a que a crítica teórica ós paradigmas en vigor supere as posibilidades da análise empírica, de xeito que a deconstrución supera a capacidade de construción. Isto pode conducir a conclusións algo grosas, que foron cuestionadas en Oslo e que aproveitamos para, cando menos, enumerar nas seguintes liñas³.

A historia ambiental revalidou os coñecementos e as prácticas locais que as sociedades modernas adoitan considerar, baixo o epígrafe de «prácticas tradicionais», como desfasadas e inoperantes para o tratamento da natureza e dos recursos, sobre todo nas antigas colonias, onde a expansión europea suprimiu as culturas tradicionais. Pero nesta revalorización do local e do tradicional, chegouse á idealización e a identificar tódalas prácticas e concepcións modernas e

tódalas institucións centrais como destructoras do medio natural, dun xeito demasiado basto que agora estase a emendar. Así, algunhas das comunicacións presentadas en Oslo procuraron evidenciar os límites do coñecemento local e, en sentido contrario, valorar mellor a actuación das autoridades centrais. Seguramente a constatación máis interesante pon de manifesto, dende o punto de vista da historia da ciencia, a porosidade entre o coñecemento local e o coñecemento científico en determinados momentos do seu proceso de construción, especialmente no ámbito colonial. Na mesma liña, introduciuse unha consideración preventiva en torno ó papel ecolóxico da propiedade comunal, que non sempre é o mellor para o medio, fronte a unha propiedade privada que non sempre resultou espoliadora.


Considerouse ademais que a realidade natural é tamén unha construción das elites; xa sexa das autoridades coloniais e dos burócratas ilustrados europeos ou da elite chinesa, e, neste sentido, de qué forma os argumentos pro-natureza implicaron erros e agocharon intereses de clase. Erros ós que se refire Pfister na súa comunicación sobre o paradigma da deforestación como causa das inundacións, establecido pola escola forestal alemá que tamén influíu na orientación dunha política forestal conservacionista e destructora do monte como soporte do sistema agrario, á que, entre nós, se ten referido o profesor Balboa (1990). Intereses que supuxeron axendas ocultas en relación coa defensa dos privilexios das elites: a defensa da vida salvaxe en África, que agocha o empeño de asegurar reservas de caza para a elite colonial europea. Ou, noutro sentido, que son soporte para a xustificación de argumentos racistas, segundo a expón D. Blackburn na súa comunicación, a partir do estudo das políticas prusianas de dominación da natureza e colonización agraria fronte ós salvaxes eslavos.

Debateuse tamén un concepto de sustentabilidade que non é exclusivo patrimonial

A propósito dos fundamentos da historia ambiental, Brüggemeier outorga moita importancia a que esta se desenvolveu nos seus comezos sobre «a teoría do home caído», que parte de supoñer que a humanidade viviu en sintonía coa natureza ata a industrialización; pero aquela harmonía foi destruída na contemporaneidade e dende entón a degradación non parou de medrar

nio das sociedades industriais e ten carácter histórico que muda segundo as épocas e as rexións. Unha conclusión xeral, presente tanto no balance coma en varios dos relatorios, pero especialmente no de Sara Elkind (2000), é que o gran reto da historia ambiental é o estudo das sociedades industriais, superando os enfoques máis habituais que analizan o estrago das sociedades preindustriais pola modernización ou o negativo desenvolvemento das sociedades industriais. Xa non abonda esa orientación; trátase dende agora de estudar o cambio complexo e sostible, non o desastre. Nese camiño, o concepto de 'intensificación sostible' (W. Beinart, 2000) ofrece unha alternativa máis aberta ós cambios da sociedade industrial.

Como se ve, precisamente é a autocrítica un dos valores da historia ambiental. Ata tal punto que, como se observa na sesión do congreso de Oslo e tamén no balance de González de Molina (2000), o debate sobre os propios prexuízos tende a deseñar en parte as liñas de investigación. Dalgún xeito, os historiadores ecolóxicos están en combate co seu pasado recente, buscando supera-los seus propios tópicos e abrindo por ese camiño novas vías de traballo que procuran precisamente supera-lo romanticismo idealizador, supera-la simple —aínda que imprescindible— deconstrución do paradigma modernizador e a da ideoloxía do progreso baseada na teodicea industrialista, tentando deixar atrás a orientación estritamente militante e, xa que logo, formular doutro xeito o debate sobre a suposta incompatibilidade entre modernidade e ambiente. Esta última orientación permite precisamente indagar nas alternativas históricas ó modelo non sostible de desenvolvemento contemporáneo, confrontando as posibilidades do Estado, do mercado e da ciencia moderna para promover a protección do medio natural e mailo desenvolvemento sostible, sen partir do principio da radical incompatibilidade entre modernidade e ambiente.



3. A historia ambiental como historia aplicada. Algunhas propostas

Nos últimos anos, varios autores de diferentes latitudes —entre eles o costarricense Mario Samper e o andaluz M. González de Molina— temos insistido na necesidade de recupera-lo carácter da historia como coñecemento aplicado que faga desta disciplina unha ferramenta útil na práctica. Nesa dirección, a historia ambiental encerra grandes posibilidades, pois a indagación sobre alternativas históricas ó actual modelo industrialista e non sostible actual, permite traballar na orientación dunha historia aplicada que aproveite o acervo do pasado para propor solucións que xa foron historicamente ensaiadas. Xunto ás posibilidades hai que anotar, sen embargo, as dificultades de carácter práctico que ten esta aposta. Primeiro polo dominio do paradigma de progreso no metadiscorso dos historiadores profesionais, pero, sobre todo, pola dificultade obxectiva, mesmo formativa, de conectar interdisciplinariamente o discurso histórico cos coñecementos das ciencias experimentais. En todo caso, unha vía para lograr converte-la historia en coñecemento aplicado parte da necesidade de conecta-las orientacións da investigación histórica coas preocupacións actuais, coa axenda dos ecólogos.

Por esta vía, e dende unha perspectiva ecolóxica da historia agraria, atopámo-la posibilidade de pescudar en torno ó desenvolvemento sostible, que adoito é un slogan

Nos últimos anos, varios autores de diferentes latitudes temos insistido na necesidade de recupera-lo carácter da historia como coñecemento aplicado que faga desta disciplina unha ferramenta útil en termos aplicados

con escaso fundamento empírico dirixido a cazar subvencións; así como de poder contribuír ó diagnóstico de problemas dos agroecosistemas e sobre todo supera-lo discurso lexitimador da modernidade obsoleta para construír outra memoria alternativa á da lóxica do progreso. No ámbito agrario, pois, trataríase en definitiva de estudia-lo cambio complexo da intensificación sostible en vez do paraíso perdido. No pasado podemos atopar argumentos agroecolóxicos e lóxicas sostibles e tamén a súa ruptura histórica na busca de alternativas que foron frustradas historicamente e ficaron ocultas pola revolución verde.

En relación co anterior, pódense apuntar tres vías de indagación que vinculan a historia agraria practicada e a historia ambiental como proposta. A primeira ten que ver co estudio da propiedade, a xestión e o aproveitamento dos montes, e o papel da propiedade privada e o da comunal en relación co ambiente. Trátase dun tema central na historia ambiental e moi desenvolvido en España que, atendendo á formulación de Oslo, permite unha aproximación segundo a cal nin o papel da propiedade comunal é sempre o mellor para o medio, nin a propiedade privada resultou sempre espoliadora. Neste sentido, pódese avanzar nesta análise en relación coa evolución dos montes na Galicia contemporánea. Pois pode empezar a considerarse que a privatización veciñal do monte foi a mellor vía para o desenvolvemento dunha intensificación sostible, que se intuía nos traballos de Bouhier (1979/2002) cando se refería ó monte como soporte de éxito do sistema agrario galego contemporáneo, e que foi substancialmente confirmada por X. Balboa (1990) e definitivamente na recente tese de David Soto (2003) na que ademais se demostra que no longo prazo do século XVIII e a segunda metade do século XX, o monte, máis ca soporte do sistema, foi a chave dos seus procesos máis fructíferos de intensificación (presumiblemente sostible) no marco da agricultura orgánica. E isto, enlazando co traballo de Balboa, semella

que aconteceu preferentemente naquelas rexións de Galicia onde o monte foi privatizado a instancias dos veciños para garanti-lo control deste recurso segundo as súas necesidades de produción e reprodución; e non tanto naquelas onde os montes veciñais se mantiveron sen repartir. Daquela, quizais podería establecerse unha hipótese que sosteña que, nas condicións concretas da evolución da agricultura galega contemporánea, a intensificación sostible tivo máis garantías onde avanzou a lóxica individualizadora das explotacións familiares ca onde se mantivo a comunitaria. Neste último caso, a expropiación por parte do Estado franquista dos comunais (Rico, 1995) deu lugar a procesos de abandono e hiperforestación, pendentos aínda dunha análise rigorosa en termos historicoambientais.

Unha segunda vía de indagación, relacionada tamén coa identificación e o estudo dos procesos de intensificación sostible, vincula a historia da ciencia coa da agricultura e o medio. Tense analizado en que medida as ciencias agrarias convencionais apoiaron o modelo dominante de desenvolvemento agrario antisostible, coñecido como «revolución verde», pero moito menos en que medida as ciencias agrarias tamén contribuíron historicamente a modelos de desenvolvemento sostibles, antes da revolución verde. É necesaria, pois, unha lectura máis complexa da historia da ciencia, da técnica e do coñecemento que, desprovista da lóxica do progreso pero tamén da dicotomía simple local-global, teña en conta que ámbolos sistemas de coñecemento, o científico-global e o tradicional-local, foron historicamente moito máis porosos e plurais do que se creu e que inflúen considerablemente un no outro. De feito, científicos e técnicos agrarios tiveron autonomía e marxe de manobra en moitas conxunturas para reconstruíren os seus coñecementos; de xeito que ó se enfrontar a condicións socioeconómicas concretas (coloniais ou simplemente diferentes das coñecidas polos paradigmas dominantes), foron capaces de reaccionar,

No ámbito agrario, pois, trataríase de estudia-lo cambio complexo da intensificación sostible en vez do paraíso perdido. No pasado podemos atopar argumentos agroecolóxicos e lóxicas sostibles e tamén a súa ruptura histórica na busca de alternativas que foron frustradas historicamente e ficaron ocultas pola revolución verde

Trátase de non nos conformar con describi-los cambios das sociedades tradicionais pola modernización como simple degradación ou destacar simplemente o carácter negativo do desenvolvemento das sociedades industriais

reformular e rectificar, obrigados polas resistencias do contorno social, en moitas ocasións en razón dunha diferente lóxica socio-ambiental de uso dos recursos. Deste xeito formuláronse propostas de desenvolvemento que aceptaron a lóxica das resistencias fronte ó paradigma hexemónico e comprenderon e integraron a agronomía iletrada, en canto forma concreta e eficiente de tecnoloxía e coñecemento local (Fernández Prieto, 2001).

A indagación sobre as formas de agronomía iletrada e a súa influencia na agronomía letrada convencional permite establecer os límites ambientais dos procesos históricos de innovación tecnolóxica e coñecer procesos de identificación sostible que definan modelos de cambio con aplicación da ciencia, e saber en qué condicións se deron, qué resultados tiveron en termos de sustentabilidade, por qué fracasaron ou cando e como foron substituídos por outros modelos. Por esta vía pódese contrastar a hipótese de se, por exemplo, a pequena explotación foi un ámbito propicio á innovación con cambio social e eficiencia ambiental e se favoreceu máis equilibrio social e máis control do cambio técnico.

Trátase, en definitiva, de non nos conformar con describi-los cambios das sociedades tradicionais pola modernización como mera degradación ou destacar simplemente o carácter negativo do desenvolvemento das sociedades industriais. A identificación do cambio sostible é, pola contra, un auténtico reto para o desenvolvemento da historia ambiental como unha historia aplicada.

BIBLIOGRAFÍA

- Balboa López, X. (1990), *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais.
- Bouhier (1979/2002), *Galicia. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Biblioteca de Clásicos Agrarios, vol. XVI, Xunta de Galicia.
- Brüggemeier, F. J. (2000), «New Developments in Environmental History» in *Proceedings. 19th International Congress of Historical Sciences*, Oslo, páxs. 375-394.
- González de Molina, M. (2000), «De la cuestión agraria

a la cuestión ambiental en la historia agraria de los noventa», en *Historia Agraria*, 22, 19-36.

González de Molina, M., e J. Martínez Alier (eds.) (2001), *Naturaleza transformada*, Barcelona, Icaria.

González de Molina, M. (2001): «Condicionamientos ambientales del crecimiento agrario español (ss. XIX y XX)», en VV. AA., *El pozo de todos los males. Sobre el atraso en la agricultura española contemporánea*, Barcelona, Crítica, páxs. 43-94.

Guitián Rivera, L., e A. Pérez Alberti (eds.) (2002), *Historia ecolóxica de Galicia, Sémata, n.º 13*, USC, Santiago de Compostela.

Fernández Prieto, L. (1997), «Unha aproximación ecolóxica á Historia do cambio tecnolóxico na agricultura galega», en *1.ª Xornadas de Agroecoloxía*, Lugo, Fouce, páxs. 75-87.

— (2001), «Caminos del cambio tecnológico en las agriculturas españolas contemporáneas», en VV. AA., *El pozo de todos los males. Sobre el atraso en la agricultura española contemporánea*, Barcelona, Crítica, páxs. 95-146.

Rico, E. (1995), *Política forestal e repoboacións en Galicia (1941-1971)*, Santiago de Compostela, Departamento de Historia Contemporánea, USC.

Samper Kutschbach, M. (1999), relatorio presentado ó Congreso *Encuentros por la Historia*, Universidad Nacional de Heredia, Costa Rica, agosto de 1999, pro. ms.

Soto, D. (2003), *Transformación productiva na agricultura galega contemporánea. Da agricultura orgánica á revolución verde (1752-1986). Unha aproximación a partir das macromagnitudes*. Tese de doutoramento. Dpto. de Historia Contemporánea, USC.

NOTAS

¹ Este tipo de congresos mundiais pasan bastante inadvertidos para a historiografía española. No congreso de Oslo, a reducida participación española (arredor de dúas ducias) foi parecida á de Irlanda e infinitamente menor cá italiana, con máis de douscentos participantes, e, por suposto, cá chinesa ou a hindú.

² O seu tratamento académico principiou nos Estados Unidos; en Europa, só moi recentemente empezaron a constituírse redes de investigadores que desembocaron na creación, na Universidade de St. Andrews (Escocia), da Sociedade Europea de Historiadores Ambientistas, no verán do ano 2000.

³ Os traballos presentados na sesión do congreso de Oslo, comentados por J. J. Brüggemeier, son os seguintes: David Blackbourn, «Conquests from Barbarism: Interpreting Land Reclamation in 18th Century Prussia»; William Beinart, «African History and Environmental History»; Sarah S. Elkind, «Environmental History of the Twentieth Century: Cities, Natural Resources, Politics and Social Conflicts in North America»; Mark Elvin, «Chinese Environmental History: Regional Diversity as a Key to Analysis»; Christian Pfister, «Deforestation of Mountains—Floods in the Lowlands: Concerning the Formation and Challenge of an Environmental History»; Joachim Radkau, «In Search of the Peculiar European Path in Environmental History».

LORENZO FERNÁNDEZ
PRIETO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

O MOVEMENTO ECOLOXISTA EN GALICIA: UNHA AVALIACIÓN CRÍTICA

RAIMUNDO VIEJO VIÑAS

1. Introducción

«Las 200.000 personas que conmocionaron a Galicia el domingo pasado en Compostela, van más allá de la foto fija que los partidos políticos gallegos le ofrecen ahora mismo al electorado. Y posiblemente sobrepasan los límites de la estructura política establecida, buscando, tal vez, nuevos cauces de expresión y de participación que superan a los sesudos análisis que todavía realizan hoy las cúpulas partidarias de nuestro país, buscando la dirección de ese invisible viento humano que mueve a las impredecibles mareas que lleva el pueblo en su interior»¹.

Así falaban as crónicas do momento. Non cabe dúbida: a manifestación do 1 de decembro de 2002 ficará gravada por moito tempo na nosa memoria colectiva. As mobilizacións históricas que entón tiveron lugar e que proseguen hoxe en día baixo outras expresións de resistencia e loita, expresan con claridade o nivel de éxito acadado pola «política do movemento»². Nembargante, por máis que as mobilizacións que desencadeou a «catástrofe» do *Prestige* fosen un auténtico éxito desde o punto de vista da acción colectiva, a realidade política destas ten posto de relevo, de novo, as dificultades polas que pasa o movemento ecoloxista en Galicia. De feito, non é a primeira vez (nin, moi probablemente, a derra-

deira) que no decurso dun «ciclo de loitas» concreto, o movemento ecoloxista fica subsumido no conxunto do «modo de mobilización» do noso sistema político³.

A razón disto, como veremos, débese, basicamente, á preeminencia doutras clea-



vages ou «liñas de fractura social» sobre as que opera unha maior tensión institucional e que determinan un contexto de concorrencia intermovementista que hipoteca as propias potencialidades do movemento ecoloxista. Así acontece, de feito, no modo de mobilización galego, onde o ecoloxismo se desen-

A fins de 1999, logo dunha fase á baixa que se estendeu ó longo de máis de tres décadas, tivo lugar en Seattle o punto de inflexión definitivo que inaugurou a vaga na que vivimos desde entón e que, ata o de agora, ten a súa expresión máis acabada nas mobilizacións contra a guerra do 15 de febreiro de 2003

volve canda outros movementos como o nacionalismo ou o movemento obreiro.

Todo isto non significa, claro está, que un xiro estratéxico por parte dalgunhas das organizacións doutros movementos (nacionalismo e movemento obreiro incluídos) non puidera coadxuvar ó desenvolvemento do ecoloxismo. Moi ó contrario, un cambio de estratexia tal, baseado no recoñecemento efectivo da autonomía dos movementos e que cabería definir como «estratexia multi-axial», desencadearía de seu sinerxías positivas que rematarían por inseri-la dinámica intermovementista do modo de mobilización na lóxica constituínte da «política das multitudes»⁴.

Sobre a base destas premisas iniciais, no que segue abordamos unha primeira avaliación crítica das mobilizacións do *Prestige* á luz das achegas dos distintos paradigmas de estudio dos movementos sociais. Isto permitiranos realizar unha análise xenética sobre a situación do movemento ecoloxista en Galicia a partir das mobilizacións en curso.

2. Condicionamentos estruturais da acción colectiva

Principiemos, pois, polos aspectos macroestructurais destas mobilizacións; o que equivale a dicir: comecemos polas grandes transformacións nas que estamos implicados a escala mundial. Ó cabo, ciclos de loitas específicos, como o que se está a desenvolver contra o *Prestige*, forman parte dun devir común da sociedade. Cada ciclo de loitas concreto insírese, ben que en diferente grao e forma, nunha vaga de mobilizacións particular, ó desenvolvemento da cal contribúe con toda a súa especificidade⁵. A análise concreta dun ciclo de loitas non pode escapar a este aspecto fundamental.

De igual xeito, non resulta posible acomete-lo estudio dun ciclo sen considera-los constrinximentos institucionais. Falamos



entón de «estructura de oportunidades políticas», mais sabedores do carácter continxente das formas institucionais histórico-concretas en que teñen lugar as diferentes mobilizacións sociais⁶. Neste epígrafe abordamos por separado dúas achegas (vagas de mobilización e estruturas de oportunidade) desde o caso do *Prestige*: se, por unha banda, valorámo-la imbricación efectiva deste ciclo na vaga de mobilizacións, pola outra examinámo-las condicións de oportunidade concretas en que se producen as mobilizacións.

2.a. A vaga de mobilizacións altermundialista

A fins de 1999, logo dunha fase á baixa que se estendeu ó longo de máis de tres décadas, tivo lugar en Seattle o punto de inflexión definitivo que inaugurou a vaga na que vivimos desde entón e que, ata o de agora, ten a súa expresión máis acabada nas mobilizacións contra a guerra do 15 de febreiro de 2003⁷. Neste sentido, as mobilizacións contra o *Prestige* poñen de relevo unha serie de características estruturais propias dun ciclo de loitas que se insire claramente na vaga de mobilizacións altermundialista.

Así, o problema sobre o que se artellan as mobilizacións resulta de constata-lo claro fracaso das políticas da globalización neoliberal (fracaso evidenciado no incumprimento ou na non aplicación da legisla-

ción internacional relativa ó tráfico marítimo, especialmente en todo o concernente á súa dimensión ambiental), así como a inoperancia das axencias gobernantais responsables, xa non só autonómicas e estatais (deslexitimadas na súa incapacidade para facer fronte desde a soberanía ós efectos da mundialización), senón tamén europeas e internacionais, na mesma medida en que, ora facendo deixamento de funcións (caso da UE), ora promovendo a propia globalización (a UE, mais tamén as grandes axencias da globalización capitalista), provocan a degradación progresiva e irreversible do ecosistema⁸.

Xa na conxuntura actual que atravesamos, é de sinalar como o endurecemento das políticas represivas contra os movementos sociais —aplicadas por gobernos de moi diferente ascendencia, pero co común empeño de pór en práctica as mesmas políticas ó abeiro da «loita contra o terrorismo»— non logrou impedir o progreso das mobilizacións en curso. Acorde coa tendencia xeral da vaga, o ciclo do *Prestige* evidencia un claro fortalecemento das resistencias e loitas en resposta ás políticas represivas das axencias gobernantais. Réstanos por saber, en todo caso, a valoración final do papel da oposición parlamentaria e, xa que logo, ata qué punto o descontento se traducirá nun refor-

zamento dos mecanismos de representación ou no fortalecemento da deserción da «política do Estado» («desafección política» no dicir da politicoloxía liberal) a prol da «política do movemento».

2.b. *A estrutura de oportunidade política*

Descendendo no ordenamento macro-micro dos paradigmas, vexamos qué resultados ofrece a análise das oportunidades políticas xeradas polo Estado. A literatura politolóxica establece toda unha serie de variables para determinar os cambios que configuran a estrutura de oportunidades. Segundo a tese central desta teoría, os cambios na estrutura incentivan a mobilización social.

Con independencia da terminoloxía empregada, estas variables veñen a coincidir basicamente nas seguintes: 1) posibilidades de acceso formal ó poder institucional; 2) relacións de poder informais —aliados, estabilidade das coalicións, etc.—; 3) configuración das alianzas de poder respecto a un problema determinado —como o *Prestige*—; e 4) formas e niveis de represión na resolución dos contenciosos⁹.

Polo que fai ás mobilizacións do *Prestige*, as posibilidades de acceso formal ó poder institucional vense claramente marcadas pola inminencia das eleccións municipais. Na perspectiva dunha forte penalización electoral, as maiorías absolutas do Partido Popular perden boa parte da súa consistencia sometidas á lóxica emerxente do poder constituínte das multitudes. Tal é o paradoxo ó que teñen que enfrontarse as maiorías gobernantais e a organización de partido sobre a que se sustentan: nunhas condicións nas que a «racionalidade instrumental» do poder institucional aboca a unha defensa sen concesións dos intereses partidarios, explotando ó máximo a potencialidade da maioría absoluta, o fortalecemento —cando non a mera conservación— deste mesmo poder esixiría unha fonda reorientación política que fixera posible a ampliación dos sectores sociais representa-

Acorde coa
tendencia xeral
da vaga, o ciclo
do *Prestige*
evidencia
un claro
fortalecemento
das resistencias
e loitas en
resposta ás
políticas
represivas das
axencias
gobornamentais



O movemento ecoloxista debe operar nun contexto marcado pola tensión institucional que impón o xogo representativo entre goberno e oposición. Así, no ámbito governamental cómpre sinala-la dupla estratexia inducida, desde o Executivo, con incentivos materiais como o paquete de medidas do «Plan Galicia»

dos ó número crecente de excluídos da política governamental.

E dado que, a xulgar polo desenvolvemento dos acontecementos, unha reorientación tal non é considerada polos executivos, as posibilidades que se abren son dúas: 1) un cambio de goberno nas vindeiras eleccións que, en condicións dunha participación electoral semellante á de eleccións anteriores, confirme a saúde dos mecanismos de representación facendo chegar ó poder os partidos da oposición; 2) un reforzamento relativo das organizacións de partido da oposición, non necesariamente capaz de provocar un cambio de goberno e que, en todo caso, iría acompañado dunha importante redución da participación electoral, froito da deserción política.

No relativo ás relacións de poder informais, o movemento ecoloxista debe operar nun contexto marcado pola tensión institucional que impón o xogo representativo entre goberno e oposición. Así, no ámbito governamental cómpre sinala-la dupla estratexia inducida, desde o Executivo, con incentivos materiais como o paquete de medidas do «Plan Galicia» e, desde o partido de goberno, con incentivos políticos como os que derivan da escenificación dos contenciosos internos no Partido Popular.

No ámbito da oposición, por máis que as relacións co movemento ecoloxista se presenten nestes momentos nunha maior harmonía, constátase igualmente a potenciación das liñas de fractura por mor do incremento da tensión institucional que atravesa todo o modo de mobilización en detrimento do ecoloxismo. Neste sentido, a definición do «contrato electoral» convértese nun ámbito privilexiado, pero limitado, para a negociación de apoios concretos ó ecoloxismo; privilexiado, por canto as condicións establecidas pola inminencia das eleccións municipais son óptimas para a difusión do programa ecoloxista; limitado, tendo en conta a precariedade organizativa das redes coas que debe negociar o movemento ecoloxista, sempre sometido á


mediación das organizacións de partido doutros movementos que dispoñen de representación parlamentaria.

Pola súa banda, a configuración das alianzas de poder respecto ó *Prestige* tense manifestado claramente na agudización dos conflitos internos do Partido Popular. Nembargantes, tal e como demostra a dimisión do conselleiro Xosé Cuña, esta agudización está a ter lugar sobre a liña de fractura centro/periferia que o Partido Popular interioriza a resultas da propia estruturaación territorial do poder estatal. Lonxe de beneficia-lo movemento ecoloxista, a lectura xeneralizada desta dimisión como resultado dunha determinada repartición institucional do poder estatal fornece fundamentalmente ó movemento nacionalista producindo un desprazamento estratéxico da cerna do conflito a un eixe diferente do promovido polo movemento ecoloxista.

Por último, en boa lóxica coas políticas policiais que se están a desenvolver en resposta ó progreso da vaga de mobilizacións altermundialista, os niveis de represión política incrementáronse moi notablemente, se ben este incremento non é indiscriminado, senón que está relacionado co grao de integración institucional das actividades e activistas implicados. Os corpos de seguridade do Estado interviñeron así con gran dureza nas manifestacións das organizacións máis puramente movementistas e foron moito máis benévolos coas convocatorias das organizacións institucionalmente máis integradas. Con todo, non cabe esperar a medio prazo unha redución da intensidade das políticas de control e represión policial dos movementos.

3. As estruturas de mobilización

Coma en anteriores ciclos de loita, no decurso do ciclo do *Prestige* emerxeron importantes estruturas de mobilización que iniciaron e manteñen as súas actividades. Emporiso, co progreso do ciclo e a



consolidación destas mesmas estruturas como instancias de lexitimación relativamente autónomas, resulta posible identificar unha crecente tensión institucional que ameaza con estraga-los logros acadados ata o de agora. A diferenza das estruturas de poder estatais, construídas sobre o exercicio do monopolio da violencia, as estruturas de mobilización configúranse sobre a base da produción interactiva de consensos nun proceso de constante (re-)definición das relacións entre as redes que as integran e que se resiste a toda constitucionalización.

A capacidade de resistencia e loita destas estruturas áchase en relación directa co desenvolvemento do ciclo de protesta. Na práctica, isto significa que, chegado un determinado momento, o propio desenvolvemento do proceso político de loita pode conducir á restitución dun equilibrio que garanta a hexemonía do monopolio estatal. Desta sorte, segundo os actores implicados sigan unha estratexia ou outra, as consecuencias serán ben diferentes. Dada, en fin, a composición reticular das estruturas de mobilización, coñece-las posibilidades dun desenvolvemento futuro do ciclo comporta tamén identificar ó mesmo tempo as dinámicas internas ás propias estruturas de mobilización.

3.a. O ciclo de loitas do Prestige

Analícemos primeiramente a dimensión temporal en que se desenvolveron ata o de agora as estruturas de mobilización. A penas transcorridos uns días dun naufragio que tardou unha semana en se producir, apareceron as primeiras estruturas de mobilización novas e formadas especificamente para a loita contra o *Prestige*. Tal foi o caso do colectivo de xentes da cultura creado o 25 de novembro en Compostela co nome Plataforma contra a Burla Negra; a esta iniciativa seguiría dous días despois a presentación en Madrid da Plataforma Nunca Máis.

Agora ben, as primeiras accións resultaron da iniciativa dunha estrutura de mobilización xa existente e procedente do movemento ecoloxista: a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa. Igual ca outras plataformas de defensa de rías e ríos, ADEGA, ERVA—Ecoloxistas en Acción, a Federación Ecoloxista Galega e outras organizacións do movemento ecoloxista, a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa integrouse finalmente en Nunca Máis co propio progreso do ciclo de loitas. Con todo, tampouco sería de estrañar que coa fin do ciclo, as organizacións verdes volve- sen ficar soas nas convocatorias.

Sexa como for, a expansión do ciclo traducíuse, como resulta polo demais habitual, nunha importante diversificación social das redes integrantes das estruturas de mobilización acorde á emerxencia da política das multitudes. Parellamente, o avance do ciclo experimentou unha importante novación do repertorio da acción colectiva. Configurado inicialmente polas tradicionais manifestacións de grande impacto nos grandes núcleos urbanos¹⁰, estas axiña se foron espallando no tempo e no espacio, cedendo o paso a outras accións colectivas máis orixinais, froito da eclosión da política das multitudes¹¹.

Ó mesmo tempo, a interacción coas forzas de seguridade do Estado incidiu paradoxalmente sobre o propio evolucionamento

A análise das mobilizacións do Prestige pon de A diferenza das estruturas de poder estatais, construídas sobre o exercicio do monopolio da violencia, as estruturas de mobilización configúranse sobre a base da produción interactiva de consensos nun proceso de constante (re-)definición das relacións entre as redes que as integran

Nunca Máis engloba case trescentas redes diferentes, das que só un 8,6 % poden ser consideradas estrictamente ecoloxistas fronte a un 8,8 % de redes procedentes do movemento obreiro, un 9,6 % de redes nacionalistas, un 9,9 % de redes veciñais, un 15,8 % de redes culturais ou un 19,9 % de redes profesionais

nar do ciclo de loitas, beneficiando o fornecemento das estruturas de mobilización no desenvolvemento da fase alcista. Neste sentido, a polémica sobre a integración en Nunca Máis das organizacións procedentes da rede independentista nucleada arredor do partido Primeira Linha (Agir, NÓS-UP, etc.) resulta moi significativa; e non xa só polo que ten de clarificador respecto á posición de Nunca Máis en todo o relativo ó emprego de tácticas disruptivas de enfrontamento directo co Estado no seo do movemento, tamén polo que fai ó desenvolvemento futuro do ciclo.

En efecto, nun primeiro momento do ciclo, o illamento político desta rede, reputada pola dureza das súas prácticas disruptivas, foi sen dúbida beneficioso na difusión e crecemento de Nunca Máis. Emporiso, co desenvolvemento desta estrutura de mobilización e o progreso paralelo do ciclo de loitas, este illamento perdeu o seu sentido estratéxico fundacional para configurarse máis ben nun elemento simbólico de demarcación organizativa no campo multiorganizacional do movemento nacionalista. Outra volta, o movemento ecoloxista arríscase a fortalecer unha tendencia de desenvolvemento estratéxico que despraza o eixe sobre o que se artellan as estruturas de mobilización desde a liña de fractura productivismo/ecoloxismo á liña de fractura centro/periferia.

3.b. Dinámicas centrífugas das redes ecoloxistas en Galicia

A febleza das redes ecoloxistas en Galicia é un feito sobradamente coñecido. Se atendemos ó tecido asociativo que se artella arredor da defensa da natureza, non resulta difícil comprobar un subdesenvolvemento comparativo con outros países da Europa occidental, por moito que se dispoña de certa vantaxe comparativa respecto a outros bioespacios do contorno ibérico inmediato. Certamente, o ciclo de loitas en curso está a ter un impacto moi positivo, pero aínda moi insuficiente para romper coa tensión institu-



cional que percorre o modo de mobilización. Debemos, pois, destacar aquí a notable forza que aínda teñen as dinámicas centrífugas na rede do ecoloxismo que opera no sistema político galego. Lonxe de constituír unha malla autónoma e integrada, a rede ecoloxista segue subsumida en estruturas de mobilización que non sempre operan desde a centralidade do eixe verde.

O exemplo de Nunca Máis neste caso resulta moi revelador. Na actualidade, Nunca Máis engloba case trescentas redes diferentes, das que só un 8,6 % poden ser consideradas estrictamente ecoloxistas fronte a un 8,8 % de redes procedentes do movemento obreiro, un 9,6 % de redes nacionalistas, un 9,9 % de redes veciñais, un 15,8 % de redes culturais ou un 19,9 % de redes profesionais¹². Resulta evidente que o peso específico das redes profesionais, nas que están incluídas moi significativamente as confrarías de pescadores, supera con moito as ecoloxistas.

Así as cousas, non resulta desatinado pensar que no caso dun incremento da tensión institucional, a estrutura de mobilización puidera derivar cara á defensa de intereses corporativos encadrados no discurso da «defensa dos sectores productivos» que tanto o socialismo como o nacionalismo institucionais teñen promovido en



situacións de crise precedentes e nas que o movemento ecoloxista ficou finalmente subsumido no modo de mobilización galego.

Non está de máis lembrar aquí que tiveron que ser organizacións verdes, externas ó modo de mobilización galego, as que cargaran co maior peso na loita pola defensa dos ecosistemas mariños. En crises como a chamada guerra do fletán de 1995 co Canadá, isto quedou patente. Houbo daquela silencios moi significativos na política galega, que o ecoloxismo galego non debería esquecer. Á hora, pois, de completa-lo cadro organizativo, cómpre ter presente que as organizacións ecoloxistas con centros de poder exteriores (Greenpeace, WWF/Adena, etc.) seguen a trazar outra liña de fuga que hai que considerar na diagnose do movemento verde operativo en Galicia.

4. O discurso «secuestrado»: a produción dun ideosistema verde autónomo

O ámbito da produción do discurso é un dos que máis se resinte, precisamente, da perda de centralidade do eixe verde no conxunto do modo de mobilización. As mobi-

lizacións do *Prestige* están a favorecer sen dúbida a difusión do ideario verde e a preocupación polo ecosistema. Sen embargo, abonda unha análise exígua do discurso mobilizador para se decatarse de que non foi elaborado por medio da ecoloxía política; unha sucinta análise de discurso dos principais manifestos demostra o que dicimos.

En efecto, na inmensa maioría dos textos producidos, «Galicia», «sociedade» ou a hibridación de ambas: «sociedade galega», e non «natureza», «ecosistema» ou calquera outra categoría central do discurso ecoloxista sitúanse na cerna da produción discursiva, artellando as tres funcións básicas da construción do problema sobre o que resulta posible a mobilización: 1) definición dun diagnóstico do que acontece (a definición do problema ecolóxico —e non social ou nacional— como tal); 2) determinación de posibles vías de desenvolvemento ou prognóstico, e 3) motivación para que as mobilizacións decanten definitivamente a evolución dos acontecementos nun sentido determinado.

No caso que nos ocupa, a definición do problema, dos actores enfrontados no conflito que deste deriva —antagonistas e protagonistas—, así como as súas posibles solucións non resultan tanto do desenvolvemento dunha matriz ideosistémica ecoloxista autónoma como dunha hibridación dos discursos nacionalista e socialista nunha relación asimétrica, claramente dominada polo primeiro.

De novo a análise das mobilizacións do *Prestige* pon de relevo ata que punto o movemento ecoloxista segue subsumido no modo de mobilización do sistema político galego. Logo de varias décadas de existencia dun movemento ecoloxista propiamente dito en Galicia, o desenvolvemento dun ideosistema verde, fundado sobre unha matriz ecoloxista autónoma, segue a ser un proxecto preterido.

Nesta orde de cousas, a subsidiaridade do ecoloxismo respecto doutros ideosistemas no plano da produción do discurso

A análise das mobilizacións do *Prestige* pon de relevo ata que punto o movemento ecoloxista segue subsumido no modo de mobilización do sistema político galego. Logo de varias décadas de existencia dun movemento ecoloxista propiamente dito en Galicia, o desenvolvemento dun ideosistema verde, fundado sobre unha matriz ecoloxista autónoma, segue a ser un proxecto preterido

A subsidiaridade do ecoloxismo respecto doutros ideosistemas no plano da produción do discurso mobilizador é o correlato lóxico da dinámica centrífuga que caracteriza o funcionamento das redes verdes que operan no sistema político galego



mobilizador é o correlato lóxico da dinámica centrífuga que caracteriza o funcionamento das redes verdes que operan no sistema político galego. No plano organizativo, significativamente, son aquelas redes menos arraigadas no noso bioespacio as que dispoñen dun ideosistema máis integrado. A subsidiaridade ideosistémica convértese así en subsidiaridade directamente política, en dependencia de centros de poder exteriores e, xa que logo, na imposibilidade de facer efectiva a coñecida máxima mobilizadora: «pensar globalmente, actuar localmente». Alén disto, cede-lo espacio da produción do discurso ecoloxista a instancias políticas exteriores en detrimento da produción dun ecoloxismo galego autónomo (por máis que complementario con outros movementos sociais que operan en Galicia), equivale a hipoteca-lo desenvolvemento futuro dun ideosistema verde ó que poder recorrer cando os recursos simbólicos e textuais mobilizadores sexan precisos para afronta-los problemas que de seguro haberán de ter lugar.

5. Por unha «política das multitudes»: cinco liñas político-estratéxicas a xeito de conclusión

Comezabamos estas páxinas cunha crónica do momento que puña de relevo as insuficiencias da «política do Estado». Sinalabamos entón a importancia crecente que, por contraposición, está a ter a «política do movemento». Para rematar esta diagnose do movemento ecoloxista á luz das mobilizacións do *Prestige*, presentamos cinco liñas político-estratéxicas a xeito de conclusión, orientadas a fornecer de argumentos o debate sobre o futuro do ecoloxismo en Galicia como parte integrante da máis ampla «política das multitudes». Lonxe de pretenderse cinco solucións máxicas, estas cinco liñas non procuran máis que apuntar algunhas orientacións posibles para seguir avanzando na construción dun movemento ecoloxista galego.

1. O alto grao de ligazón do ciclo do *Prestige* na vaga de mobilizacións alter-mundialista evidencia a súa potencialidade, pero asemade pon de manifesto as dificultades reais de 1) definición estratéxica, 2) integración de redes e 3) produción de discurso que seguen a existir para o ecoloxismo no «modo de mobilización» do sistema político galego. Réstanos por ve-lo impacto final da representación (eleccións municipais) sobre as mobilizacións e o ecoloxismo. Unha retirada táctica das organizacións que operan na lóxica do xogo representativo ben se podería traducir nunha readaptación beneficiosa para o conxunto do movemento ecoloxista e, sobre todo, para as súas organizacións máis autónomas.

2. Se os comicios locais se traducen finalmente nunha derrota electoral cun elevado índice de participación, cómpre esperar un incremento da tensión institucional nun duplo nivel: por unha banda,

fronte a un PP que tomará boa nota do acontecido e procurará incrementa-la tensión institucional mediante un aumento dos incentivos ofertados ás estruturas de mobilización (neste sentido, o movemento ecoloxista deberá estar particularmente atento a non se deixar levar por eventuais dinámicas centrífugas no seo de Nunca Máis); por outra banda, en caso de continuidade das maiorías do PP ou unha derrota relativa —sempre en condicións de baixa participación electoral—, o ecoloxismo debería tomar boa nota do elevado grao de deserción política e orientalos seus esforzos a fornecer-las propias redes diante dun moi probable incremento dos niveis de represión, retirada táctica dos partidos políticos con representación e subseguinte desmobilización social.

3. O futuro do ciclo depende en gran medida dos resultados electorais. As eleccións marcarán sen dúbida un punto de inflexión que o movemento ecoloxista debería aproveitar para poñer en marcha un xiro estratéxico de loita a medio prazo, máis atento ó novo contexto institucional e ó feito de que o problema vai seguir, por moito que o grao de mobilización social decaia. A recuperación de mobilizacións masivas ou de alto valor simbólico máis espaciadas temporalmente permitiría acomoda-las necesidades do movemento ás novas esixencias estratéxicas e a un máis ca previsible por máis que paulatino esgotamento da participación social. O recurso a tácticas disruptivas farase cada vez máis necesario para facer fronte ó incremento da tensión institucional inducida desde o Estado.

4. Atravesado polas fortes tensións que derivan do xogo da representación institucional, non cabe esperar un progreso inmediato das redes ecoloxistas ata o punto de acadala centralidade estratéxica que lles correspondería nun ciclo

ESTAN FODENDO O ECOSISTEMA



COORDINADORA ANTI-GOLF DOMAYO Apdo. N.º 62 MOAÑA

como o que está en curso. Con todo, podemos ser optimistas respecto á expansión das redes verdes e ó incremento dos recursos dos que estas disporán nun futuro inmediato. Bo sería que en diante se configurasen dinámicas centrípetas no seo das redes ecoloxistas que contribuísen a activa-las sinerxías que tanto precisa o ecoloxismo nestes momentos, e así poder facer efectiva a preeminencia do eixe verde no seo do modo de mobilización.

5. Por máis que o discurso mobilizador teña incorporado achegas substantivas do discurso verde, o desprazamento da produción do discurso fóra do eixe verde cara ós eixes nacionalista e socialista resulta obvio e non debe ser relativizado. Non é nunha Galicia nacionalista, como tampouco nunha Galicia socialista, senón nunha que ademais de ámbalas cousas sexa tamén unha Galicia ecoloxista onde o noso bioespacio recuperará a súa harmonía natural. A subsunción do discurso ecoloxista nas hexemonías establecidas no modo de mobilización do sis-

O futuro do ciclo depende en moi boa medida dos resultados electorais. As eleccións marcarán sen dúbida un punto de inflexión que o movemento ecoloxista debería aproveitar para poñer en marcha un xiro estratéxico de loita a medio prazo

tema político galego convértese nunha hipoteca a medio prazo para o movemento ecoloxista. Unha estratexia acertada pasa pola reafirmación da centralidade do discurso verde diante doutras opcións, así como pola deslexitimación de hexemonías artificiais que xeran contradicións entre intereses ditos galegos e respecto pola natureza, alí onde este último é determinante dos primeiros e non á inversa.

NOTAS

- ¹ Ver Xavier Navaza, «Marea social, cosecha cidadana», *El Correo Gallego*, 5 de decembro de 2002.
- ² Nesta mesma revista tiñamos ocasión de adiantar algunhas reflexións ó respecto das que partimos agora. Ver, xa que logo: Raimundo Viejo Viñas, «A política do movemento», *Dez.eme*, núm. 5, páxs. 32-35.
- ³ Por «modo de mobilización» entendemos aquí o conxunto de redes asociativas, repertorios da acción colectiva e estratexias discursivas implicadas no desenvolvemento dun determinado ciclo de loitas sociais, así como a forma en que se combinan entre si todos estes elementos.
- ⁴ Ver Yoshihiko Ichida, Maurizio Lazzarato, François Matheron e Yann Moulier Boutang (2002): «La politique des multitudes», *Multitudes*, núm. 9 (edición electrónica).
- ⁵ Ver Sidney Tarrow (1991): «'Aiming at a Moving Target': Social Science and the Recent Rebellions in Eastern Europe», *PS: Political Science & Politics*, 24/1, páxs. 12-20.
- ⁶ Ver Dough McAdam (1999): «Orígenes terminolóxicos, problemas actuais, futuras liñas de investigación», en Dough McAdam, John D. McCarthy e Mayer N. Zald (eds.): *Movimientos sociales: perspectivas comparadas*, Madrid, Istmo, páxs. 49-70.
- ⁷ Ver Harry Cleaver (1999): «Computer-linked Social Movements and the Global Threat to Capitalism», Texas, Universidade de Austin (edición electrónica).
- ⁸ Esta mesma idea deu orixe a estruturas de mobilización como a «Plataforma Cidadá contra as Redes Negras». Ver <http://www.casaencantada.org/redesnegras/manifiesto.html>
- ⁹ Ver Dough McAdam, *op. cit.*, pág. 54.
- ¹⁰ Un de decembro, 200.000 en Compostela; 6 de decembro, de novo en Compostela, 20.000; 11 de decembro: 150.000 en Vigo, 40.000 en Pontevedra;



15.000 en Compostela e outros tantos en Ourense; 5.000 persoas na Coruña; 19 de decembro, 100.000 en Madrid e varios milleiros noutras cidades do Estado; 6 de xaneiro, 100.000 en Vigo; 23-F, maniféstanse en Madrid varios centos de milleiros, case un millón segundo os cálculos máis optimistas.

¹¹ Cadeas humanas, peches, cazaroladas, concertos, apagóns de luz, folgas de fame e un longo etcétera de accións desenvolvidas ata nos núcleos de poboación máis pequenos do país ó longo de tódolos últimos meses. É de destacar o carácter acumulativo do repertorio. De feito, moitas das accións postas en marcha resultaron de anteriores experiencias inscritas na actual vaga altermundialista, como as mobilizacións contra a LOU e tantas outras.

¹² A falla dun traballo de campo máis rigoroso, estes datos son meramente aproximativos, posto que foron elaborados a partir de considerar un único valor de entrada e se basean en pescudas inconclusas arredor da configuración ideosistémica das propias redes. Acontece, así, que o nacionalismo pode ficar infravalorado, ó non se considerar de xeito máis exhaustivo outras redes que, como as culturais, ben se poden achar atravesadas polas liñas de tensión do campo multiorganizativo nacionalista.

Unha estratexia
acertada
pasa pola
reafirmación
da centralidade
do discurso
verde diante
doutras opcións

RAIMUNDO VIEJO VIÑAS

DOUTOR EN CIENCIA POLÍTICA
E DA ADMINISTRACIÓN
raiviejo@hotmail.com

ESCOLAS FRONTE Á MAREA NEGRA: A TEORÍA CRÍTICA POSTA EN PRÁCTICA

MARÍA PILAR JIMÉNEZ ALEXANDRE

Introducción: teoría crítica e práctica escolar

A teoría crítica contempla as escolas como espazos creativos nos que é posible realizar accións de resistencia e transformación. Como di Giroux (1992), as escolas non son unicamente lugares onde se realiza a instrución, senón espazos sociais onde os elementos de resistencia permiten a construción de experiencias vividas nas que as e os estudantes poden encontrar unha voz. Un dos creadores desta teoría, Jürgen Habermas¹, sinala os novos potenciais de protesta —feminismo, ecoloxismo, pacifismo— que xorden nas sociedades occidentais en liñas diferentes dos tradicionais conflitos de clases (Habermas, 1999), relacionadas, por exemplo, coa «defensa e restauración das formas de vida ameazadas» (*op. cit.*, páx. 555). Aínda que o que Habermas chama «gramática das formas da vida» corresponde a unha noción máis ampla que o sentido que se lles dá a seres vivos na linguaxe cotiá, parece unha formulación singularmente adecuada para as accións relacionadas coa marea negra. A catástrofe do *Prestige* non ten a magnitude do xenocidio nazi pero cando as escolas galegas proclaman Nunca Máis, nese berro resoan as palabras de Adorno, situando no centro da educación o Nunca Máis Auschwitz. A idea



central de Adorno (1998) é que o esencial na educación non é a instrución, e propón unha educación para a emancipación: «que sexa unha educación para a contradicción e a resistencia» (*op. cit.*, páx. 125).

Neste traballo analízanse as accións levadas a cabo nas escolas galegas en resposta á catástrofe do *Prestige*, desde a perspectiva da teoría crítica. Isto non significa que o profesorado implicado nelas —unha considerable proporción dos docentes galegos— coñeza esta teoría ou utilice

A cerna do movemento liderado pola plataforma Nunca Máis é negar que accidentes como o do *Prestige* sexan inevitables, que as mareas negras constitúan un prezo a pagar polo progreso; afirmar que as persoas podemos influír na realidade social e lograr a súa transformación

conscientemente os seus postulados, pois cremos que é só unha minoría a que o fai. Si quere dicir que as accións das escolas poden encadrarse nela, por unha banda porque corresponden aos novos movementos sociais que, como indican Ayuste e col. (1994), contribúen de forma tan substancial á perspectiva crítica como os teóricos. Por outra banda, o profesorado que forma parte dos movementos de renovación pedagóxica (en sentido amplo, estean ou non afiliados a eles) si utiliza as ideas da pedagogía crítica, sexa por coñecelas directamente, sexa por inmersión na súa cultura dentro da (activa, aínda sendo pequena) comunidade renovadora.

En primeiro lugar, quero sinalar que esta pedagogía crítica non parte de cero, senón que se insire nunha tradición. A escola transformadora —e non unicamente a conservadora— conta tamén coa súa tradición, que vén desde Rousseau e Montessori á Escola Iasnía Poliana de Tolstoi e á Escola do Pobo de Freinet. Algunhas das propostas renovadoras xestáronse no medio da coñecida da segunda guerra mundial: Célestin Freinet concibiu a súa obra pedagóxica nos campos de concentración de Vichy e, máis adiante, na Resistencia e no maquis, e Theodor Adorno, como xa se indicou máis arriba, fai de Auschwitz o paradigma da barbarie que non debe volver a ocorrer. Cando se cita esta herdanza, esquecense ás veces os autores e movementos españois pioneiros das novas for-

mas de ensinar, dos que o máis relevante é a Institución Libre de Enseñanza. O seu principal teórico, Francisco Giner de los Ríos, propoñía a comezos do século XX facer da escola primaria «un laboratorio de investigación persoal» e substituír o exame final por un «exame constante» (Giner de los Ríos, 1925) que non parece moi distinto da avaliación continuada. Nos últimos anos diversos traballos de investigación están rescatando facetas do labor da ILE, por exemplo a orientación de Educación Ambiental (tal como se entende hoxe en día) das súas saídas ao campo (Martín Ruano, 2000). En Galicia, unha interesante experiencia inspirada nos principios da ILE é a Escola da Granxa de Barreiros, que tiña como obxectivo influír na mellora do mundo rural desde unha inserción no contorno (Pousa Antelo, 1988). Aínda máis esquecida, quizais por encadrarse na tradición anarquista, é a Escola Moderna de Ferrer i Guardia (fusilado logo da Semana Tráxica, tras ser acusado inxustamente polos propietarios de escolas relixiosas con quen competía ideoloxicamente). Freinet, por exemplo, inspirouse no modelo de Ferrer i Guardia.

A correspondencia entre a teoría crítica e a práctica das escolas galegas en torno á marea negra analízase, en primeiro lugar a partir dalgunhas ideas centrais da primeira, como a crítica á «racionalidade instrumental», e en segundo lugar sobre estratexias concretas de aula.

Os fins racionais fronte á «racionalidade instrumental»

As fontes de datos sobre a actuación das escolas son, ademais das obtidas directamente nunha investigación en curso, por unha banda, as informacións enviadas polos propios centros ás páxinas web de Areanegra e Edugaliza, e por outra as reflexións realizadas desde as escolas, publicadas nos monográficos das revistas *Guix*



(núm. 293 de marzo de 2003), *Perspectiva Escolar* (núm. 274 de abril) (ambas en catalán) e *Aula de Innovación Educativa* (núm. 122 de xuño). A comezos do mes de xullo terá lugar un congreso organizado por Nova Escola Galega co título «Materiais e Experiencias Educativas sobre o Prestige», e sen dúbida se publicarán máis experiencias e reflexións, o que pode levar a unha futura revisión desta análise.

Crítica da racionalidade instrumental e defensa dos fins racionais

Unha xustificación relevante para encadrar as accións sobre a marea negra na teoría crítica é a coincidencia entre as primeiras e o eixe central da segunda: a noción de que é necesario superar o que, desde a teoría crítica, se denomina «racionalidade instrumental» (Carr e Kemmis, 1988), ou tendencia a contemplar todos os problemas prácticos como asuntos técnicos, o que leva á crenza de que as solucións deben ser de carácter técnico. Sendo así, as persoas carecerían de control sobre a realidade, idea que, segundo Carr e Kemmis, leva a unha diminución da capacidade de reflexión sobre unha situación dada, así como da capacidade de modificala a través dos seus propios actos. Precisamente a cerna do movemento liderado pola plataforma Nunca Máis é negar que accidentes como o do *Prestige* sexan inevitables, que as mareas negras constitúan un prezo a pagar polo progreso; afirmar que as persoas podemos influír na realidade social e lograr a súa transformación.

Por exemplo, algúns dos elementos de reflexión nas escolas inclúen análises de causas da catástrofe relacionadas con dimensións socioeconómicas, como «a lóxica dun sistema económico que favorece a acumulación privada de beneficios e fai repercutir sobre toda a sociedade os efectos negativos» (López Facal, 2003), idea que pode parecer abstracta, pero que probablemente resulta máis doada de comprender no contexto dun accidente sufrido



por un barco monocasco, nunha situación na que España carece de barcos anticontaminación —que se deberon alugar a outros países a alto prezo— e o servizo de remolcadores está privatizado. En canto á crenza de que o cambio é posible, a esperanza nun futuro sen mareas negras, reflíctese na meirande parte dos artigos que dan conta das accións nos centros escolares, desde o título do de López Facal, citado máis arriba («Educación, democracia e esperanza») ao traballo de Sende (2003) «Unha cadea humana cara ao futuro», onde se xustifica a cadea do 22 de xaneiro como unha intervención de esperanza no futuro e no cambio, unha proposta de rebeldía fronte á brétema da resignación. É probable que a meirande parte das accións dos centros non respondan a unha visión tan articulada coma a dos autores citados, pero tamén é certo que a idea da necesidade do cambio, o «Nunca Máis mareas negras» é o motor dunha grande proporción das accións escolares, como das accións sociais das que forman parte.

Algúns dos elementos de reflexión nas escolas inclúen análises de causas da catástrofe relacionadas con dimensións socioeconómicas como «a lóxica dun sistema económico que favorece a acumulación privada de beneficios e fai repercutir sobre toda a sociedade os efectos negativos» (López Facal, 2003)

Foi Paulo Freire quen cuñou o concepto de «concienciación» como proceso no que as persoas como suxeitos de coñecemento alcanzan conciencia da realidade e da súa capacidade para transformala. En consecuencia propón unha educación problematizadora, que rompe as barreiras entre educador e educando, constituíndo unha comunidade


Unha educación problematizadora nun contexto social

Foi Paulo Freire (1970) quen cuñou o concepto de «concienciación», como proceso no que as persoas como suxeitos de coñecemento alcanzan conciencia da realidade e da súa capacidade para transformala. En consecuencia propón unha educación problematizadora, que rompe as barreiras entre educador e educando, constituíndo unha comunidade. Na proposta de Freire, a escola non vive de costas á sociedade, senón que toma como obxecto educativo os problemas sociais.

Creo que as actividades levadas a cabo nas escolas enmárcanse nesta educación que pon de manifesto os problemas e busca vías de solución; así cando Arnos e col. (2003), reflexionando sobre o ocorrido nas escolas de primaria de Cee, Fisterra e Buxantes, onde os nenos e nenas viven a traxedia en directo, din que «As aulas enchéronse de preguntas e de rabia» abordando as actividades organizadas en clase non só os aspectos de consecuencias ecolóxicas máis inmediatas, senón tamén o paro, a saúde, ou a posibilidade de que se produza máis emigración.

Canabal e col. (2003), na introducción ao traballo sobre a participación do CPI de Cuntis nas accións contra a marea negra, critican o carácter decorativo que en moitas ocasións se asigna aos temas transversais, indicando que «A escola non debe permanecer á marxe dos problemas reais da sociedade. Como educadores temos que intentar formar cidadáns responsables, solidarios cos que sofren, críticos coa realidade, conscientes dos seus dereitos e defensores do medio ambiente». Desde os institutos de secundaria de Ribeira, Miragaia e Rodríguez (2003) enmarcan as actuacións escolares no contexto social: «somos conscientes de que non podemos actuar nin responder de forma isolada, senón que debemos implicarnos activa e solidariamente co *conxunto da sociedade* da que formamos parte». López Facal

(2003), tamén reflexionando sobre secundaria, indica como gran parte do profesorado, quizais pouco disposto á crítica antes da traxedia do *Prestige*, chega a colaborar co alumnado na construción dun coñecemento socialmente situado. Unha razón, como subliña este autor, é «a brutal irrupción da realidade nas aulas», que altera algúns hábitos. É que tal vez sexa posible manter a rutina e deixar a realidade fóra da aula cando as situacións son estacionarias ou os problemas parecen distantes, pero ante unha catástrofe —e de carácter tan visible, pois a súa propia materia é negra e persistente— as cousas cambian.



Estratexias de aula: comunicación e comunidade

Ademais da correspondencia entre as actuacións fronte á marea negra e as ideas de que é posible a transformación da realidade, e que a escola forma parte da sociedade e comparte os seus problemas, hai algunhas estratexias concretas levadas a cabo na aula que tamén gardan relación coas propostas desde a pedagogía crítica. Así, por exemplo, a elaboración de xornais murais ou escritos (e electrónicos), os debuxos a través dos que

se expresaron os nenos e nenas máis pequenos, a análise das noticias de prensa ou as accións levadas a cabo en colaboración con outros sectores da sociedade.

Xornais escolares

Freinet (1972) propón na clase de primaria realizar cada semana un *periódico mural*, con tres columnas —criticamos, felicitamos, pedimos— no que os nenos e nenas escriben libremente e fan propostas (sobre a vida da clase) e dun xornal escolar manuscrito. Para Freinet, escribir e debuxar son actividades centrais na súa proposta pedagóxica, utilizando os métodos de



impresión dispoñibles daquela a modo de «imprenta escolar» para reproducir os traballos do alumnado. Tamén os escolares de primaria de Cee elaboraron durante estes meses «O Noticario do *Prestige*», un taboleiro onde se organizaba a información en catro bloques: o barco e a contaminación, as voluntarias e voluntarios, as manifestacións e a pesca e o marisqueo (Arnos e col., 2003). Algúns debuxos destes escolares de Cee, que mostran a súa implicación afectiva na catástrofe, reproducíense neste número. Os obxectivos dun xornal —sexa mural ou

doutro tipo— son favorecer que os alumnos e alumnas articulen as súas ideas e que as compartan cos demais. Os escolares galegos a finais de 2002 e comezos de 2003 contan non só coas pranchas de xelatina, senón coas novas tecnoloxías da información, coa comunicación a través da rede, que foi eficazmente utilizada, tanto en comunicacións por medio do correo electrónico, por exemplo por alumnado doutras zonas de Galicia ou de España que mostraban a súa solidariedade co da Costa da Morte, como nas páxinas web edugaliza e areanegra; Teira e Vázquez (2003) dan conta do desenvolvemento da comunidade virtual edugaliza.org e da forma en que participou difundindo as experiencias en torno a marea negra. En canto á páxina web areanegra.net, xogou un importante papel na organización da cadea humana do 22 de xaneiro.

Análise das noticias de prensa

Ademais da prensa escolar, é interesante que o alumnado analice o tratamento dunha mesma noticia en diferentes medios, pois é unha forma de poñer de manifesto que a realidade pode ser observada (e interpretada) de distintas maneiras, e nalgúns casos que hai intentos de manipular estas interpretacións. Paulo Freire (1970, páx. 156) propón a análise de distintos editoriais sobre un mesmo acontecemento como recurso didáctico para a educación problematizadora. Moitos centros escolares realizaron seleccións e interpretacións de noticias de prensa, por exemplo os de Cee e Fisterra (Arnos e col., 2003). Pola nosa banda, interesámonos pola capacidade do alumnado de bacharelato para avaliar afirmacións e prediccións de carácter científico sobre o desenvolvemento da marea negra (Federico, en preparación).

Romper o illamento entre escola e sociedade

Ademais de tratar desde a escola problemas sociais, queremos subliñar unha dimensión especial destas actuacións, pois

Freinet propón na clase de primaria realizar cada semana un periódico mural, con tres columnas —criticamos, felicitamos, pedimos— no que os nenos e nenas escriben libremente e fan propostas (sobre a vida da clase) e dun xornal escolar manuscrito

Todas estas estratexias teñen en común o obxectivo de establecer comunicacións, entre alumnos de distintos cursos, de distintas escolas, e coa sociedade; poñer de manifesto que todos formamos parte dunha comunidade que se estende máis alá das paredes da aula

moitas delas exceden o ámbito escolar, mostrando que neste caso escola e sociedade foron da man (Jiménez e Cienfuegos, 2003), por exemplo, os centros funcionaron permanentemente como garderías para permitir o traballo de pais e nais na recollida de fuel. Non é necesario insistir na importancia da conexión entre escola e sociedade para a pedagogía crítica.

En resumo, todas estas estratexias teñen en común o obxectivo de establecer comunicacións, entre alumnos de distintos cursos, de distintas escolas, e coa sociedade; poñer de manifesto que todos formamos parte dunha comunidade que se estende máis alá das paredes da aula.



A modo de conclusión: desenvolver o pensamento crítico

Como di López Facal (2003), coa traxedia do *Prestige* a realidade irrompeu no interior das aulas de forma brutal. A pesar de que todos os cambios —e por suposto os educativos— son lentos, cremos que, xunto co casco do barco, escacharon moitos estereotipos, como a imaxe inmovilista da sociedade galega. Tamén será difícil que se sigan repetindo tópicos como o *pasotismo* da mocidade, que demostrou nesta ocasión a

súa capacidade de mobilización e a súa solidariedade. Hai outros aspectos das accións escolares que tamén merecen unha análise detallada, desde o uso das novas tecnoloxías ata a súa dimensión a favor do medio, trazo distintivo da educación ambiental que se aborda noutro traballo (Jiménez Aleixandre, 2003). A resposta das autoridades educativas, nomeadamente a circular da Consellería de Educación do 12 de marzo, que mostra unha forma moi particular de concibir a educación e o que son cuestións educativas, contradictoria coa liña de conexión entre escola e sociedade aquí tratada, precisaría máis espazo para ser discutida.

A resposta social á marea negra non é o obxecto deste artigo, pero creo que é unha boa ilustración do patriotismo constitucional de Habermas, tal e como el propón (non como é tendenciosamente interpretado polo conservadorismo). Esta resposta proporciona oportunidades para facer algunhas preguntas como ¿que é España?, ¿que relacións queren establecer as xentes que viven nela entre si? O elevado número de voluntarios de lugares como Murcia, Andalucía ou Madrid (ademais de Valencia, Cataluña ou o País Vasco) mostra que para eles Galicia é parte do seu país, do seu imaxinario sentimental, e a acollida do voluntariado na costa indica que tamén andaluces ou madrileños son recibidos como «os nosos». Sen embargo, o número de voluntarios procedentes de Portugal foi moito menor, o que apuntaría á necesidade de establecer lazos máis fortes con este país que tantos consideramos irmán de Galicia. En resumo, unha oportunidade para reflexionar sobre os vencellos que as persoas libremente aceptan, tan diferente da imposición da «unidade» por decreto.

A catástrofe do *Prestige* foi ocasión para o desenvolvemento do pensamento crítico. Probablemente non é casualidade que Galicia fose un dos lugares onde a Guerra de Iraq orixinou máis mobilizacións. Coa teoría crítica, debemos crer que o cam-

bio é posible. Aínda que, como di Habermas, aprendemos moito máis das experiencias negativas que das positivas, esperamos que non sexa necesaria outra marea negra para que o pensamento crítico avance.

REFERENCIAS

Adorno, T. (1998), *Educación para la emancipación*, Madrid, Morata.

Arnos e col. (2003), «Costa da Morte, Nunca Máis Chapapote: Experiencias en las escuelas de Cee, Fisterra y Buxantes», *Aula de Innovación Educativa*, 122 (no prelo).

Ayuste, A., R. Flecha, F. López Palma e J. Lleras (1994), *Planteamientos de la Pedagogía Crítica. Comunicar y Transformar*, Barcelona, Graó.

Canabal, A., X. Constenla, E. Fernández Manso, M. Iglesias, e N. Pillado (2003), «Educar personas críticas, un reto a nuestro alcance: el CPI de Cuntis y el desastre del Prestige», *Aula de Innovación Educativa*, 122 (no prelo).

Carr, W., e S. Kemmis (1988), *Teoría Crítica de la Enseñanza. La investigación-acción en la formación del profesorado*, Barcelona, Martínez Roca.

Federico Agraso, M., *Fontes de coñecemento científico, autoridade e veracidade* (en preparación).

Freinet, C. (1972), *Por una escuela del pueblo*, Barcelona, Fontanella.

Freire, P. (1970), *Pedagogía del Oprimido*, Madrid, Siglo XXI.

Giner de los Ríos, F. (1925), *Filosofía y Sociología. Estudios de Exposición y Crítica*. Madrid, Espasa Calpe.

Giroux, H. (1992), *Teoría y Resistencia en Educación*, México, Siglo XXI.

Habermas, J. (1999), *Teoría de la Acción Comunicativa*, vol. II, Madrid, Taurus.

Jiménez Aleixandre, M. P. (2003), «Educación ambiental en temps de catástrofe: escola i societat de la mà davant el Prestige», *Perspectiva Escolar*, 274, 20-28.

Jiménez Aleixandre, M. P., e E. Cienfuegos López (2003), «Educación en un contexto social: la marea negra en los centros escolares gallegos», *Aula de Innovación Educativa*, 122 (no prelo).

López Facal, R. (2003), «Educación, democracia i esperanza. Reflexions sobre la catástrofe del Prestige», *Perspectiva Escolar*, 274, 29-37.

Martín Ruano, S. (2000), *El estudio del Medio ambiente en la Institución Libre de Enseñanza. Un antecedente de Educación Ambiental en España*, tese de doutoramento, UNED.

Miragaia, R., e M. Rodríguez Ruibal (2003), «La catástrofe del Prestige en la enseñanza secundaria: los institutos de Ribeira», *Aula de Innovación Educativa*, 122 (no prelo).



Pousa Antelo, A. (1988), *Unha Escola para a Galicia rural. A experiencia da Granxa Barreiros*, Sada, Edicións do Castro.

Sende, S. (2003), «Una cadena humana cap al futur», *Perspectiva Escolar*, 274, 7-13.

Teira, L., e F. Vázquez (2003), «Marea negra na escola», *Guix*, 293, 58-61.

NOTAS

¹ Nunha entrevista (*El País*, 15-5-2003), con motivo da concesión do premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais, Habermas dicía que lle resultaba difícil imaxinar como algunha das súas ideas —o patriotismo constitucional, baseado nos valores democráticos asumidos colectivamente— podía ser obxecto dun intento de apropiación polos conservadores.

Semella que a catástrofe do Prestige foi ocasión para o desenvolvemento do pensamento crítico. Probablemente non é casualidade que Galicia fose un dos lugares onde a Guerra de Iraq orixinou máis mobilizacións. Coa teoría crítica, debemos crer que o cambio é posible

MARÍA PILAR JIMÉNEZ ALEXANDRE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A CATÁSTROFE DO 'PRESTIGE' NOS MEDIOS: ¿CHAPAPOTE INFORMATIVO?

FINSEIREXASE MARTA AGRASO*

A catástrofe do *Prestige*, amais dunhas repercusións ambientais e socioeconómicas aínda non totalmente avaliadas, contribuíu tamén a facer evidente o papel que algúns medios de comunicación desempeñan na sociedade da información como poderosos axentes manipuladores da realidade. Parece claro que para algúns medios a información é poder, e a súa xestión, un obxectivo prioritario á hora de salvagardar determinados intereses económicos ou políticos. Deste xeito, os propios contidos e o xeito de nolos presentar inflúen na percepción que a sociedade ten da realidade:

crean [unha poderosa] opinión, en ocasións mediatizada polos criterios e servidumes dos grupos de comunicación.

Un dos labores do receptor é, xa que logo, descubri-lo carácter fragmentario ou interesado dalgunhas informacións e a distorsión da realidade que se tenta provocar: cómpre para iso identifica-lo feito que se quere transmitir (ou non) e o adubo con que se nos subministra, o que significa aprender a informarnos.

O comportamento da prensa escrita galega no seguimento da crise do *Prestige* reflicte os contrastes entre os distintos xeitos

* As conclusións e opinións expresadas neste artigo corresponden exclusivamente ós seus autores.

de presenta-la noticia. Con este artigo pretendemos analiza-la cobertura dos sucesos do *Prestige* durante novembro e decembro de 2002, en cinco cabeceiras representativas da prensa galega: *La Voz de Galicia*, *O Correo Galego*, *Faro de Vigo*, *El Progreso* e *La Región*. Queremos poñer de manifesto, mediante a comparación, os diferentes modos de transmitir unha mesma información —a catástrofe do *Prestige*— dependendo de quen, qué e cómo se presenta, e non tirar conclusións sobre a súa orientación, por outra banda sobradamente coñecida.

Dende o principio da crise (para os medios, o día 14 de novembro, un despois do accidente) foi evidente que a relevancia do feito reclamaba a máxima atención xornalística. Semella que tódolos sucesos catastróficos, e maiormente os próximos, acaparan a atención da opinión pública, que de primeiras se centra máis nas características do suceso e nas consecuencias inmediatas para logo, se procede, atender ás cuestións de fondo que o provocan.

Tódalas cabeceiras recollen o asunto na portada, para desenvolve-lo con maior ou menor extensión nas páxinas interiores, mesmo relacionándoo co temporal que nesas datas azoutaba o litoral. A relevancia da noticia, polas posibles consecuencias catastróficas do accidente, fai que, por exemplo, *O Correo Galego* saia ese día co titular «Perigo de macrocatástrofe ecolóxica no mar de Galicia». Hai que subliñar tamén que o *Faro de Vigo* é o primeiro xornal que fala explicitamente de «marea negra» para referirse ós posibles riscos do sinistro, dentro da sección de sucesos.

A evolución dos acontecementos dende ese mesmo día 14, co arrinque das máquinas e a manobra de afastamento do barco que vai deitando cinco mil toneladas de fuel nun regueiro de trinta e sete quilómetros, confirman a magnitude da catástrofe e confiren ó asunto unha transcendencia que reborda o primeiro flash informativo.

O día 15 afloran xa que logo cuestións máis de fondo, como os numerosos prece-

dentos e as implicacións ambientais, socioeconómicas e legais do suceso. É entón cando semella que as redaccións comezan a tomar posición, fixando os criterios e liñas editoriais que condicionarán o tratamento que cada medio vai dar ó suceso (moi probablemente a *noticia do ano*), en función das servidumes de cada un deles.

Así, o *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia* amplían considerablemente a cobertura informativa da noticia, abandonando as referencias ó temporal e, no caso de *La Voz*, inaugurando unha sección propia: «A fondo. Tragedia en el mar». Para *O Correo Galego* pasou xa o perigo de «macrocatástrofe», como evidencia o seu titular da portada: «Mínimo perigo de marea negra». Nas páxinas interiores refírese tamén a que a «mancha» está «perfectamente controlada». Para *La Región*, a chave do asunto é o temporal que teima en permanecer sobre o país, mentres os seus colaboradores habituais insisten na responsabilidade das nefastas bandeiras de conveniencia.

O 15 de novembro o petroleiro segue perdendo fuel por unha fenda de cincuenta metros, unha marea negra achégase ás nosas costas e aparecen nas praias as primeiras aves manchadas de petróleo. Na prensa do día seguinte xa é evidente que o *Prestige* vai ficar como cerna da atención da prensa galega, e tódalas cabeceiras saen co asunto na portada. Todas se ocupan nalgunha medida das peripecias do rescate da tripulación e a detención do capitán Mangouras, pero son *La Voz de Galicia* e *O Correo Galego* os xornais que amosan perspectivas máis diverxentes.

Para *La Voz de Galicia*, o risco de marea negra é moi real e a catástrofe ecolóxica case un feito. Concede moita importancia á opinión dos técnicos e expertos, así como ás xentes do mar, que dan por seguro que os ventos empurrarán a marea negra cara ás nosas costas. Por contra, para *O Correo Galego* as voces autorizadas son as do delegado do Goberno, Arsenio Fernández de Mesa e a do vicepresidente do

Semella que tódolos sucesos catastróficos, e maiormente os próximos, acaparan a atención da opinión pública, que de primeiras se centra máis nas características do suceso e nas consecuencias inmediatas para logo, se procede, atender ás cuestións de fondo que o provocan

O tema supera xa o ámbito puramente técnico e apunta ás cada vez máis evidentes consecuencias políticas. A transcendencia e o calado social da catástrofe poñen en alerta non só os equipos de redacción, senón que as propias direccións comezan a afrontar á súa vez as crecentes presións institucionais

Goberno, Mariano Rajoy. Sublíñase nas páxinas deste xornal a opinión de De Mesa, que insiste en que «a mancha non chegará a toca-las costas» malia a que se atopa a vinte quilómetros da terra e os ventos a dirixen cara ó continente. Tamén acadan amplo eco as manifestacións de Rajoy, que bota contra a permisividade de Xibraltar, presunto destino do barco, e contra os «desaprensivos» que rexentan algunhas compañías navais.

O día 16 chega a primeira vaga de fuel á Costa da Morte: contañina trinta e sete quilómetros de costa. Tódalas cabeceiras saen ó día seguinte dando conta do evidente: a traxedia ecolóxica e económica abátese sobre a costa galega. O termo «marea negra» aparece en tódolos xornais para referirse á vaga de fuel, agás en *O*



Correo Galego, que segue a falar de «vertido» ou de «mancha».

O 19, o buque fende e afunde a 133 millas de Fisterra, facendo crónica unha ameaza materializada logo nas sucesivas mareas negras, causantes da meirande catástrofe ecolóxica e económica sufrida polo noso país; as consecuencias ambientais e sociais aínda tardarán anos en avaliarse.

En adiante, os medios de comunicación, xa claramente definidos con respecto a este tema, asumen un papel que transcende a función máis inmediata —a de informar—, para prioriza-las interpreta-

cións dunha realidade sobre a que se aplica quer unha lupa, quer un filtro, segundo a liña editorial de cada un. Son precisamente estes diferentes xeitos de presenta-la noticia, os distintos enfoques, os que, por contraste coa teimuda realidade, dan a medida da «orientación» que cada medio introduce no tratamento informativo dos feitos.

Co *Prestige* xa afundido, a cuestión principal céntrase en se o barco está ou non perdendo fuel. O día 22, institutos de investigación estranxeiros constatan que o *Prestige* segue a deitar fuel dende o leito mariño. Ó día seguinte, *La Voz de Galicia* sae en portada cun titular demoledor: «Portugal y Francia avistan nuevas manchas de fuel, pero España lo niega». Na mesma liña, o *Faro de Vigo* titula: «Portugal y Francia descubren nuevos vertidos que España no reconoce». Para *O Correo Galego*, a portada merécea unha actuación do executivo: «Axudas de ata 1.200 euros ó mes para os afectados pola marea negra».

Resulta claro que o tema supera xa o ámbito puramente técnico e apunta ás cada vez máis evidentes consecuencias políticas. A transcendencia e o calado social da catástrofe poñen en alerta non só os equipos de redacción, senón que as propias direccións comezan a afrontar á súa vez as crecentes presións institucionais. Este feito ten o seu reflexo no tratamento dos contidos e no enfoque que cada xornal lle dá á noticia, pero tamén nun acontecemento xornalístico realmente inusitado na prensa galega: a redacción de editoriais.

Así, o editorial de *La Región* do día 26 de novembro: «El compromiso del momento», quere deixar claro que malia as desgraciadas consecuencias do accidente, non podemos obvia-la «... rapidez de Fraga» en xestiona-la crise e poñer a andar as axudas. Neste mesmo xornal, o día 11 de decembro, outro editorial titulado «La marea de los medios de comunicación» reclama a atención sobre o tratamento periodístico da crise, indicando que pese a todo, non se pode «... cuestionar o incues-

tionable», isto é, na opinión deste xornal, a actuación do presidente da Xunta.

Pola súa banda, *O Correo Galego*, nun editorial do día 2 de decembro, «Galicia está dolorosamente farta», subliña a importancia que a normativa internacional e as actuacións en materia lexislativa teñen no desencadeamento da catástrofe. Finalmente, *Faro de Vigo*, en contra tamén do seu costume, publica en decembro tres editoriais, dos que destaca o do día 8, «La rebeldía de un pueblo humillado», no que hai referencias ó importante movemento de resposta social contra o desastre.

Nos editoriais destes medios están implícitas (e por veces mesmo explícitas) as ideas-forza, os criterios que rexen o tratamento informativo da catástrofe para cada un deles, por se nalgún caso non quedarán xa claros abondo.

Para termos unha visión máis ampla do tratamento informativo que a catástrofe do *Prestige* tivo nos medios galegos durante o ano 2002, remitímonos ó «Informe PRESTIGE 2002», realizado polos autores dentro do proxecto «Comunicación e medio ambiente: cobertura de cuestións ambientais na prensa galega»¹.

Neste informe tentamos avalia-la repercusión do suceso nos medios escritos galegos mediante unha análise estatística de determinados parámetros xornalísticos. Por exemplo, para achegarnos á prominencia dunha noticia (no noso caso a catástrofe do *Prestige*) e a súa repercusión na sociedade, podemos utilizar como indicativo a proporción de noticias do xénero opinión ás que dá lugar, fronte ás demais categorías de funcións xornalísticas ou xéneros —información, interpretación e publicidade— (ver gráfico 1). Neste sentido, o xénero opinión supón un intento de contextualiza-la noticia pola reflexión e a opinión mediante os artigos, as cartas ó director, os comentarios e as viñetas gráficas.

Tamén unha maior proporción de noticias do xénero interpretación (reportaxes, crónicas e entrevistas) indica un maior

esfuerzo das redaccións por afondar no tema e dar a coñecer os seus protagonistas, o que apunta a unha meirande relevancia do feito noticioso.

No gráfico 1 pódese observar as manifestas diferencias entre *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo* por unha banda, e *El Progreso*, *O Correo* e *La Región* por outra, no tocante á proporción de noticias do xénero opinión e, sobre todo, do xénero interpretación.




Gráfico 1. Distribución das noticias por xornais segundo o xénero

Pola súa banda, o apoio gráfico pode proporcionarnos unha gran cantidade de información e constitúe un elemento de

Nos editoriais destes medios están implícitas (e por veces mesmo explícitas) as ideas-forza, os criterios que rexen o tratamento informativo da catástrofe para cada un deles, por se nalgún caso non quedarán xa claros abondo

As liñas editoriais de determinados medios introducen un grao de distorsión tan considerable que mesmo nos pode levar a pensar que tratan unha realidade diferente

soporte dos textos xornalísticos cada vez máis usado. Dentro das ilustracións, as distintas categorías (fotografía/retrato, mapa/gráfico e infografía) indican diversos graos de elaboración e, polo tanto, unha consideración diferente dos temas por parte do medio. Así, a inclusión de mapas ou gráficos e sobre todo de infografías require unha maior dedicación ou esforzo de redacción cá simple inserción de fotografías de axencias.

No gráfico 2, onde se representan as distintas categorías de ilustración por cabeceira, obsérvase que o apoio gráfico predominante para tódolos xornais son as fotografías. As demais categorías (infografías, mapas/gráficos e outros) aparecen en número relevante no *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia*, cabeceira esta que inclúe tamén numerosas viñetas como apoio gráfico dentro do texto (recollidas como 'outros'), mentres que hai moi pouca presenza destas tres categorías en *O Correo Galego*.




Gráfico 2. Distribución das noticias con ilustracións por xornais

As conclusións do «Informe PRESTIGE 2002» indican que a cobertura que os medios fan da catástrofe é moi ampla. Nembargantes, das cinco cabeceiras analizadas, *La Voz de Galicia* e o *Faro de Vigo* destacan pola súa implicación no tratamento informativo do tema e amosan en xeral un maior esforzo editorial e un maior

grao de elaboración nos textos, fronte a outras cabeceiras. Este esforzo faise patente tamén no número e tratamento das portadas (noticia de saída e tempo de permanencia), que para o tema do *Prestige* supón un caso excepcional na historia do xornalismo galego. Así, *La Voz de Galicia*, dende o 14 de decembro ata fin de ano, abre cada día co *Prestige* en titulares a catro ou cinco columnas, incluíndo tamén fotografía (agás tres días de decembro). Asemade, o *Faro de Vigo* coloca o *Prestige* como noticia de saída con grandes caracteres e foto tódolos días dende o comezo da catástrofe.

Outras dimensións do tratamento informativo que os medios galegos fixeron da catástrofe e que aparecen recollidas no informe fan máis evidentes os contrastes entre as formulacións informativas de cada xornal. As liñas editoriais de determinados medios introducen un grao de distorsión tan considerable que mesmo nos pode levar a pensar que tratan unha realidade diferente. Por iso, como nos preguntamos no título deste artigo, semella que o *Prestige* non só deitou fuel nas costas, un residuo da destilación (*cracking*) do petróleo, senón que provocou tamén unha caste de *cracking* informativo, facendo que algúns medios destilaran verdadeiro «chapapote informativo» sobre a sociedade galega. Ende ben, outros xornais actúan de forma ben distinta procurando que a sociedade teña acceso a unha información «sen chapapote».

NOTAS

¹ O «Informe PRESTIGE 2002» é unha parte do proxecto *Comunicación e medio ambiente: cobertura de cuestións ambientais na prensa galega*, realizado no marco do convenio entre o Consello da Cultura Galega (Sección de Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade) e a Universidade de Santiago (Departamento de Didáctica das Ciencias, Facultade de Ciencias da Educación). Pódese descargar na páxina do Consello da Cultura Galega: <http://www.consellodacultura.org/>



EDUCACIÓN FÍSICA E PROBLEMAS SOCIAIS

A TRAXEDIA DO 'PRESTIGE' E DAS GUERRAS DENDE A EXPRESIÓN CORPORAL

NORMA PILLADO ORDÓÑEZ

¿Que fai un artigo de educación física nunha revista de ciencias sociais?

Son profesora de educación física no CPI de Cuntis, unha vila no interior da provincia de Pontevedra. Coma calquera persoa, sentínme moi afectada pola catástrofe ecolóxica acontecida nas nosas costas o 13 de novembro e preguntábame qué podería achegar eu, dende a miña materia, para complementala tarefa educativa que se estaba a desenvolver no colexio; cómo conseguir unha educación

integral para que os alumnos realmente sentisen e fixesen seu o problema; cómo potencia-lo amor e o respecto pola natureza, tan esquecido na nosa cultura. Nada distinto do que se preguntou a maior parte do profesorado. Entón... ¿por que me pediron que contase esta experiencia? Quizais por levarse a cabo dende unha materia que «nada ten que ver con estes temas»; pero si ten que ver con eses temas e se poden e deben desenvolver nesta área contidos sociais como os do *Prestige* e as guerras.

Dende a educación física tamén se pode e se debe educar en temas de interese social e político; pódese porque temos contidos, como o da expresión corporal, que nos permiten abordalos directamente; e débese porque outros, como o deporte, sen nos decatarmos, xa transmiten os valores predominantes nesta sociedade capitalista neoliberal

Cando falo de educación física (E. F.) non me refiro a aquela materia chamada coloquialmente «ximnasia», na que un corría moito, saltaba o poldro, facía pinchar carneiros, táboas de exercicios... A educación física, como se chama agora, debe ser moito máis. Os seus obxectivos e contidos evolucionaron grazas, por unha banda, á influencia dos avances científicos sobre a motricidade, e, pola outra, ós cambios no sistema educativo.

Dende a educación física tamén se pode e se debe educar en temas de interese social e político; pódese porque temos contidos, como o da expresión corporal, que nos permiten abordalos directamente; e débese porque outros, como o deporte, sen nos decatarmos, xa transmiten os valores predominantes nesta sociedade capitalista neoliberal.

Explicarei brevemente por que é necesaria unha análise reflexiva e crítica sobre a influencia social que teñen os contidos de E. F.

Poño como exemplo o deporte por ser un contido cunha gran relevancia social ¿Proporciona realmente tantos beneficios como se cre? As formas de practicalo, sobre todo nos últimos tempos, levaron a que se cuestionase esa tradicional crenza de que promove valores éticos e forma o carácter das persoas. Non é disparatado pensar que o deporte, coma calquera contido do DCB, reflicte os valores dominantes: gañar por riba de todo, conseguindo o beneficio propio como sexa e á custa de quen sexa. ¿Non coincide isto coa competitividade, a eficiencia, as marcas, o espectáculo, a desmesura física... tan predominantes no deporte? Resulta difícil que a loita polo éxito e o triunfo non xere actitudes violentas.

Se non se analizan os valores que transmitimos nas clases, corrémo-lo risco de potenciar actitudes contrarias ás consideradas educativas. Produciranse situacións nas que o profesor valore o triunfo e a agresividade por riba da participación e da cooperación; nas que premie a excelencia física máis cás habilidades sociais excepcionais;



ou nas que prescindamos completamente dos alumnos que se comportan de forma *correcta*, especialmente nas clases numerosas. Pero ¿é por isto o deporte unha actividade antieducativa en si mesma? Non. Segundo o tratamento didáctico que se lle dea, pode fomentar o espírito de equipo ou o espírito individualista, pode educar no respecto ás normas ou no fomento da trampa, pode xerar unha subordinación dos intereses persoais ós do grupo ou promover a vaidade individual ou de equipo, o desexo cobizoso de victoria e o odio entre rivais.

Remato referíndome á inxenuidade coa que, ás veces, desenvolvémo-las nosas clases. É necesario un esforzo maior do profesorado para analizar a propia práctica docente dun xeito máis reflexivo e crítico co sistema establecido, ¡non vaia ser que dediquemos as horas «libres» a loitar contra este sistema individualista, violento, consumista, e nas horas lectivas esteamos contribuíndo a súa consolidación!

A traxedia do 'Prestige' dende a expresión corporal

Normalmente, sobre todo no ensino tradicional, sempre se potenciou moito o aspecto intelectual, deixando nun segundo plano algo tan valioso na configuración da persoa como é a creatividade, a sensación,

o sentimento, o imaxinario, a simbolización, a representación, a emoción..., todos eles aspectos moi vinculados ó corpo, o movemento e a expresión. As actividades de expresión corporal permítenos xogar coas representacións e coas vivencias, poñéndonos no lugar do outro para poder representalo. Por esta razón se escolleu este contido, para que experimentasen e vivisen na súa pel a magnitude da catástrofe.

Desenvolveuse primeiro un traballo nas clases e logo unha escenificación conxunta de tódolos cursos, que representaron para toda a comunidade educativa o acontecido dende o afundimento do *Prestige*.

Nas clases propúxose a observación de diferentes elementos da natureza antes e despois de seren danados polo petróleo. Primeiro tiñan que imaxinalos, poñerse no lugar deles, e logo intentar representalos co seu propio corpo. Por exemplo, cada un tiña que apañarse para, por uns intres, sentirse e moverse coma un peixe, coma un paxaro, coma a marea ou as ondas; pedíase despois que imaxinasen ese mesmo peixe, paxaro ou marea enchoupados de chapapote: ¿como se moverían?, ¿que lles pasaría?, ¿que sentirían? Tamén se puxeron na pel das persoas máis directamente afectadas: ¿cales serían os sentimentos dos mariñeiros, dos voluntarios, dos *responsables* políticos?

Buscouse tamén unha visión máis global do acontecido, sobre todo en 4.º da ESO, e tivéronse en conta as causas da magnitude da catástrofe: a falta de medios para a limpeza, a «actuación» das autoridades, o papel dos medios de comunicación e a resposta da sociedade galega.

Traballaron individualmente e en grupos. Estes, sobre todo, para representa-la marea negra, as manchas de petróleo, as rochas emporcadas, un barco que parte á metade... O resultado foi abraiante ¡vaia capacidade creativa!

A expresión corporal non ten sentido se non hai un receptor que interprete a mensaxe do corpo e o seu movemento. Por iso había que aproveitar necesariamente o que

destas clases saíra para llo amosar ó resto da comunidade educativa. Ó dota-los alumnos de máis recursos escénicos (roupa, decorado, música) pretendíase ir máis alá da noticia impresa e das imaxes. Había que chegar ós demais dende tódolos sentidos. O resultado destas clases forneceu de material abondo e puxémonos mans á obra.

Converteuse nunha actividade interdisciplinar gracias á participación do Departamento de Plástica e á colaboración doutras áreas. O obxectivo era que os alumnos tivesen o máximo protagonismo posible na elaboración da representación. E así foi: os de 1.º da ESO fixeron os seus traxes nas clases de plástica (peixes e paxaros); algúns de 3.º e 4.º recolleron cartóns por Cuntis e pintáronos de vermello para face-lo casco do barco, outros confeccionaron traxes coas bolsas do lixo (azuis para a marea, negras para o petróleo), outros as caretas (tamén azuis para a marea, vermellas para os do barco e negras para os de petróleo). ¡Xenia! ¡vaia montaxe! ¡e sen dispormos case de medios! Un verdadeiro labor de equipo.

Para a representación conxunta de tódolos cursos houbo que reparti-los papeis en función do nivel, deixándolle-los máis difíciles ós cursos superiores. Os peixes e paxaros facíanos os de 1.º da ESO; os políticos, mariñeiros, xornalistas e encargados do son eran de 2.º da ESO; a marea e o barco, os de 3.º, e o petróleo, os de 4.º.

A representación foi no pavillón municipal do concello, onde cento trinta e dous alumnos da ESO interpretaron ¡já xunta! unha escena chea de simbolismo, dramatización, creatividade e tamén bastante dose de realismo e crítica.

Comeza a representación con vintedous peixes e aves bailando ó ritmo dunha canción dinámica e alegre de Carlos Núñez. Detrás deles vese o barco ó garete no medio do mar. Nun recanto, ben agachada, a orquestra (catro alumnos) marca os momentos fortes da escenificación. Ó son de tambores e pratos estala a tempestade, o barco fende e empeza de vagar a deitar

Nas clases propúxose a observación de diferentes elementos da natureza antes e despois de seren danados polo petróleo. Primeiro tiñan que imaxinalos, poñerse no lugar deles, e logo intentar representalos co seu propio corpo

Os alumnos, por grupos, escolleron as imaxes que lle querían representar ó resto da clase. Para reproduciren exactamente os acenos dos personaxes e seren fieis á realidade, analizaron a foto e afondaron máis no seu contido: ¿que está a pasar?, ¿que senten?, ¿por que choran?

petróleo (alumnos vestidos de negro) polas gretas ó ritmo da canción «Negra Sombra»; o fuel vai denegrindo os paxaros e peixes que topa no seu camiño (con pintura negra de dedos). Un novo son da orquestra sinala o momento en que o barco afunde e o petróleo cobre todo (un gran plástico negro tapa a marea e o barco). A marea negra avanza, os peixes e paxaros foxen asustados cara ás rochas (a esquerda do pavillón). Xúntanse tódolos que fan de petróleo e van cara ás bancadas ó ritmo de «Negra Sombra», que os acompaña des que saen do barco. Algúns soben ás bancadas e mestúranse co público, agarímano con tiras de plástico negras penduradas das mans; outros fican pegados ás paredes —as rochas— e uns poucos seguen no mar luxando canto tocan.

Na parte dereita do pavillón represéntase outra escena paralela: dez alumnos dan vida a periodistas da TVG e da TV1; gravan todo: mariñeiros desconsolados fitando para o mar; Fraga cazando e un político camiñando por alí, sen facer caso. Cando a marea negra chega ata o público, os mariñeiros estalan cun berro amargo, os periodistas retrasmíten a noticia berrando tamén, pero en canto Fraga e o político os ven, deixan de cazar e, rapidamente, tápanlle-la boca ós periodistas. Estes, simbolizando a voz do pobo, tápanlles tamén a boca ós mariñeiros, ninguén berra. Quedan en silencio, paralizados.

No centro do pavillón continúa a traxedia. O plástico negro cobre a marea azul, o barco dá en moverse percorrendo o pavillón e engulindo todo o que atopa ó seu paso. Debaixo da marea xorden máis manchas de petróleo que empezan a rodear cos seus brazos e corpo os peixes e paxaros horrorizados, paralizados polo medo, e déixanse arrastrar debaixo do gran plástico negro.

Remata a representación. Tódolos alumnos, envoltos pola marea negra, chegan ó centro do pavillón, sacan o plástico de enriba, quitan as caretas e berran á xunta: «¡NUNCA MÁIS! ¡NUNCA MÁIS!».

A guerra dende a expresión corporal

Visto o resultado positivo da experiencia anterior, tanto no traballo das aulas coma na representación final, non o pensei dúas veces e decidínme a traballa-los conflitos bélicos. Abondaron catro sesións de expresión corporal e unhas cantas novas e fotografías sobre as causas e consecuencias das máis de corenta guerras existentes hoxe no mundo.

Na primeira sesión espaxexemos polo chan do ximnasio fotografías dalgunhas consecuencias das guerras. Os alumnos, por grupos, escolleron as imaxes que lle querían representar ó resto da clase. Para reproduciren exactamente os acenos dos personaxes e seren fieis á realidade, analizaron a foto e afondaron máis no seu contido: ¿que está a pasar?, ¿que senten?, ¿por que choran? Explicáronme as diferentes posibilidades e comezaron a prepara-la representación poñéndose na pel das vítimas. Finalmente, cada grupo expuxo a súa foto mentres os demais compañeiros observaban e poñían en común o que lles estaban a transmitir.

Coas seguintes sesións procurei un dobre obxectivo: dunha banda, unha maior implicación e protagonismo do alumnado na análise das noticias; doutra, amplía-la acción ó resto da comunidade educativa transmitíndolle a información traballada nas clases. Desta inquietude xurdiu a idea de elaborar un periódico entre tódolos cursos da ESO. Eles serían reporteiros e fotógrafos, escollerían as noticias e elaborarían as fotos coas súas representacións corporais.

Mantivémo-la dinámica da sesión anterior espaxexendo as noticias polo chan do ximnasio, pero desta volta mesturábanse as causas coas consecuencias das guerras e quitáronse tódalas fotografías. Cada grupo, de cinco ou seis rapaces, elaboraría un artigo do periódico. Comezaron escollendo unha noticia sobre as consecuencias e outra sobre as causas das guerras; logo imaxinaron qué fotos transmitirían mellor as noticias e buscaron a forma de representalas do xeito máis realista posible. A segunda parte



do artigo consistiría nunha foto que expresase, dun modo abstracto, algún dos sentimentos xurdidos dende a lectura das noticias (rabia, tristeza, impotencia...). Na última parte escolleron unha noticia ou mensaxe esperanzadora coa súa foto, real ou abstracta, tamén representada corporalmente. Nesta terceira sesión tamén se repartiron noticias das respostas do pobo contra as guerras e as inxustizas (manifestacións de denuncia, organizacións e asociacións traballando pola defensa da paz, mártires que dedicaron a súa vida a loitar a prol da paz e dos dereitos humanos con accións non violentas...).

A cuarta e derradeira sesión dedicouse a fotografar tódalas imaxes traballadas nas clases anteriores. Os recursos para elaboralo decorado, o vestiario, a maquillaxe e todo o demais que lles fixo falla saíu da súa creatividade e capacidade para reutilizalo material que atoparon no colexio ou na casa.

Saíron fotos realmente boas, tanto polo realismo coma pola orixinalidade na forma de empregarlo material e o resultado das representacións abstractas. Outras, en cambio, a penas se sabía ben qué querían transmitir pero, xaora, o resultado é o de menos. O importante foi o grao de implicación na elaboración do periódico e a información e sensacións que puidesen obter deste traballo.

Tres semanas máis tarde, tódolos alumnos de 4.º e algúns de 3.º e de 2.º animáronse a escenificar no pavillón municipal as causas e consecuencias das guerras. O son de diferentes músicas, uns cantos carteis e o corpo dos alumnos en movemento foron o único necesario para lle transmitir ó resto do alumnado e ó profesorado o que aprenderon nas clases de educación física sobre a violencia e a súa manifestación máis perversa: a guerra.

Á hora de avaliar sentimentos resúltame difícil chegar a unha conclusión. Foi un esforzo máis por achega-los problemas sociais ós rapaces, dun xeito diferente, interdisciplinar e procurando unha educación o máis integral posible. Persoalmente, collín folgos para me seguir formando como educadora, aínda que son consciente de que as boas intencións non son suficientes. Necesítanse máis medios para chegar a eles a través da educación física, unha materia pouco valorada pero cun potencial educativo moi valioso. A educación física non só entretén senón que tamén contribúe á formación de cidadáns críticos e reponsables, conscientes das inxustizas do mundo e dispostos a non as aceptar. Este obxectivo é un reto que fai moito máis interesante e importante a nosa profesión, o noso traballo, a nosa vida.

O son de diferentes músicas, uns cantos carteis e o corpo dos alumnos en movemento foron o único necesario para lle transmitir ó resto do alumnado e ó profesorado o que aprenderon nas clases de educación física sobre a violencia

NORMA PILLADO ORDÓÑEZ
 PROFESORA DE EDUCACIÓN FÍSICA



A POLÉMICA SOBRE A CIRCULAR DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

FUNDACIÓN 10 DE MARZO

Malia os resultados electorais, as condicións políticas non son cómodas para o Partido Popular dende hai xa bastantes meses. No seu camiño, os gobernos de Santiago de Compostela e Madrid tiveron que facer fronte a amplas mobilizacións sociais que puxeron nerviosas as nosas autoridades. O desastre do *Prestige* e a desastrosa actitude española ante a guerra de Iraq son algunhas das pedras que toparon os dirixentes populares no seu discurso de «España va bien». Aínda que xa non é posible volver á política de «la calle es mía», tan cara a ministros doutras épocas, o poder respondeu coa descualificación dunha disidencia á que, en ocasións, se intentou amedrentar.

Entre as moitas mostras desa actitude, destacámo-la circular redactada pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia (12 de marzo de 2003): un texto cargado de ambigüidade, interpretado dende moitas instancias como unha tentativa de coarta-la liberdade de expresión, que procuraba frea-la vaga de protestas que a crise do *Prestige* e a guerra de Iraq desataron nos centros de ensino.

DEZ-EME ofrécelle ó público lector unha escolma daquel escrito, así como varios documentos relacionados con el: dende a resposta de varias organizacións sociais ata notas de prensa do Goberno galego.

FUNDACIÓN 10 DE MARZO


CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano - SANTIAGO

INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E ORDENACIÓN EDUCATIVA SOBRE PUBLICIDADE E PROPAGANDA NOS CENTROS EDUCATIVOS E OUTRAS CUESTIÓNS FORMULADAS EN RELACIÓN CO SEU FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURIDICO.

PRIMEIRO: Ante a proliferación da existencia de publicidade e propaganda nos taboleiros de anuncios e nas distintas instalacións dos centros docentes e tendo en conta as reiteradas reclamacións e preguntas formuladas a esta Dirección Xeral, parece oportuno dicta-las correspondentes instruccións, lembrando o réxime xurídico que regula a cuestión e que, sucintamente, vén establecido pola normativa seguinte:

1º.- O artigo 27 da Constitución Española, segundo o cal a educación

.....


CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano - SANTIAGO

Sistema político constitucional que, como xa recordamos e precisamente en contraste con tempos afortunadamente pasados, aparta de politizacións e subxectividade á Administración Pública -da cal forman parte os centros docentes-, atribuíndolle o servizo con obxectividade dos intereses xerais, de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.

É máis, non cabería alegar no caso o exercicio do Dereito Fundamental á liberdade de expresión, segundo declara consolidada Xurisprudencia (así, por todas, Sentencia de 13 de novembro de 1989 do Tribunal Constitucional e Sentencias de 17 de xullo de 1998 e 28 de xullo de 2000 do Tribunal Supremo).

CUARTO: Por último, lembramos que o artigo 79 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación establece, como igualmente dispoñen os diferentes regulamentos orgánicos dos centros docentes xa referidos, que o director é o representante da Administración educativa no centro e que ten atribuída a competencia de garanti-lo cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.

Lembrar, igualmente, que estas instruccións son aplicables ós centros privados sostidos por fondos públicos ou non, en todos aqueles aspectos que non contraveñan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela.

Por todo o cal, parece oportuno dicta-las seguintes

INSTRUCCIÓNS

PRIMEIRA: Os directores dos centros docentes coidarán de que os taboleiros de anuncios e demais instalacións dos mesmos, sexan utilizados exclusivamente para fins propios do servizo público docente; o seu emprego para fins distintos -propagandísticos, publicitarios ou referidos a declaracións ou manifestacións de coñecemento, xuízo ou vontade sobre cuestións alleas ó ámbito que competencialmente lle é propio-, resultan, polo tanto, claramente ilegais.

SEGUNDA: É, así mesmo, ilegal que un centro docente recabe, recolla ou emita, por calquera medio ou procedemento -resolución, acordo, asemblea, consulta, votación, "referendum" ou similar-, declaracións ou manifestacións de coñecemento, xuízo ou vontade sobre cuestións alleas ó ámbito que competencialmente lle é propio.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano - SANTIAGO

TERCEIRA: Lembramos igualmente que os directores dos centros docentes teñen atribuída a competencia de garantir nos mesmos o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2003.

O DIRECTOR XERAL DE CENTROS
E ORDENACIÓN EDUCATIVA,



Alberto González Armesto.

ILMOS. SRS. DELEGADOS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.



PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA AS RELACIÓNS CÓS MEDIÓS INFORMATIVOS

O GOBERNO GALEGO FAI UN NOVO CHAMAMENTO Á CONCORDIA, Ó RESPECTO E Ó DIALOGO DEMOCRÁTICO

Unha vez máis o Goberno galego quere facer un chamamento á concordia e ó futuro común por riba das lexítimas discrepancias ideolóxicas e políticas.

Algúns feitos recentes veñen a demostrar que non estabamos no camiño da esaxeración cando falabamos dos perigos de certa radicalización da sociedade. Ultimamente asistimos a actuacións violentas de certos grupos que son consecuencia da estratexia de crispación permanente que algúns levan a cabo.

Unido á liberdade está a responsabilidade, e forma parte dela defende-los valores democráticos como o diálogo e o respecto. O comportamento violento e irresponsable dalgúns anímanos a reafirmarnos na conducta sempre serea e pacífica do pobo galego. Rexeitamo-los que buscan calquera escusa para encende-la mecha da crispación e os que se esconden detrás de calquera pancarta para instrumentalizala sen poñer por riba de todo-a responsabilidade social e política. Ningunha discrepancia pode significar unha alteración das normas democráticas ou a falta de respecto ás institucións lexítimamente constituídas.

Desde ese punto de responsabilidade debe entenderse a circular coas instrucións sobre publicidade e propaganda nos taboleiros dos centros educativos. Nunca demos carta de xeneralidade ás situacións particulares que criticamos, e nunca coartamos a liberdade de expresión. Sabemos que non pasa o mesmo en tódolos centros, que non tódolos profesores son iguais e que non tódolos pais teñen as mesmas conviccións. A nosa obriga é defende-la obxectividade, garanti-la neutralidade ideolóxica nun marco de convivencia en liberdade. Non nos parece que o mellor xeito para conseguilo sexa o de inundar algunhas paredes de escolas e institutos con algúns carteis insultantes e violentos. Por elo non podemos permitir o adoutrinamento que queren facer algúns e non podemos deixar de lamentar e difícilmente entender que sexan algúns mozos os que protagonizan os actos violentos. ¿Cómo pode facerse violencia desde unha reivindicación pacifista?

Este Goberno escoita e está aberto a tódalas críticas que se lle fagan desde calquera ámbito. Non nos cremos posuidores da verdade e sabemos que toda obra humana está suxeita a erros. Pero ninguén pode negarnos nin a honestidade nin a lexitimidade nas diferentes actuacións que buscan sempre o ben común por riba dos intereses partidistas ou persoais.



PRESIDENCIA

SECRETARÍA XERAL PARA AS RELACIÓNS COS MEDIOS INFORMATIVOS

Tal e como aprobamos e aceptamos democraticamente os problemas deben resolverse no Parlamento. E algúns, como o da guerra, están fora da nosa competencia política. Como Presidente da Xunta xa expliquei en repetidas ocasións a nosa postura que incide, unha vez máis, na esperanza de que a guerra remate canto antes e que haxa o menor número posible de vítimas .

Pido a todos que non caiamos na demagoxia electoralista nin en reivindicala protesta na rúa fronte ó debate constructivo nas institucións democráticas.

Tódalas noticias de tódolos ámbitos nos afectan, pero a principal misión da Xunta é gobernar e solucionar os problemas dos galegos. Nesa tarefa estamos comprometidos porque Galicia está viva e ten futuro.

POLÉMICA EN EDUCACIÓN

Fraga acusa a algunos profesores de "violar la conciencia de sus alumnos"

► Advierte que puede sancionárseles de no cumplir la prohibición de colgar propaganda como la de Nunca Más ► Denuncia que la oposición costea "carteles y toda esa mierda con la que quieren untar el país", en vez de ayudar en el 'Prestige'

REDACCIÓN • SANTIAGO

El presidente de la Xunta, Manuel Fraga, terció ayer en la polémica suscitada esta semana por la circular de la Consellería de Educación a los directores de centros docentes prohibiendo por "ilegal" el uso de los tablones de anuncios para colgar carteles como los de Nunca Más y en contra de la guerra de Irak. Fraga defendió la decisión de Celso Currás y fue muy tajante al denunciar que, en estos momentos, "algunos profesores violan la conciencia de sus alumnos".

El titular del Ejecutivo autonómico lanzó esta acusación en los siguientes términos: "En esta vida pocas cosas me alteran. Me altero cuando escucho noticias de que un



SÁBADO
29 DE MARZO DEL 2003

Este instituto fue uno de los que se «empapelaron» en protesta por la circular de Educación

Una profesora del Rosalía se niega a dar clase con carteles del Nunca Más

Los alumnos aseguran que hubo que retirar las pancartas para iniciar la clase

■ Los institutos Rosalía de Castro y Sar fueron los elegidos para empapelarse el pasado jueves con carteles sobre la catástrofe del Prestige, el no a la guerra y la defensa de la libertad de expresión, en protesta por la circular de la Consellería de Educación que considera ilegales los carteles ajenos al ámbito educativo.

Sin embargo, poco duraron en una de las aulas del IES Rosalía de Castro. Alumnos de este centro aseguraron ayer que una profesora de Historia de primero de Bachillerato, García-Rodeja, se negó a entrar e impartir clases hasta que se retiraron los carteles. Estudiantes y docentes terminaron recurriendo a la dirección del centro para mediar en la polémica y, finalmente,



Alumnos, padres y profesores empapelaron el pasado jueves el instituto Rosalía de Castro

se retiraron las pancartas para poder impartir las clases con normalidad.

El incidente sucedió a última hora de la mañana y, según los

alumnos, únicamente ocurrió en esta aula, ya que no se empapelaron todas. Pese a que durante toda la tarde de ayer este periódico intentó poner-

se en contacto en numerosas ocasiones con la profesora, así como con la dirección del centro, fue imposible recabar su versión de los hechos.

EN IRAK La misión diplomática del Gobierno



Alumnos de un instituto de Vigo colocaron ayer en la entrada del centro varias pancartas contra la guerra. / FALO R. VILLAR

Colegios gallegos desafían a la Xunta y exhiben carteles contra la guerra

Un concejal del PP de Ferrol dimite en protesta por el ataque a Irak

NOSE HERMIDA, Santiago
La orden promulgada por la Xunta de Galicia para atajar la proliferación de carteles con el "no a la guerra" y el "nunca más" en los colegios públicos ha tropezado con la desobediencia de gran parte de la comunidad educativa. Algunos institutos de bachillerato, entre ellos dos de Vigo y otros dos de Santiago, desafiaron ayer públicamente las instrucciones del Gobierno de Manuel Fraga y empapelaron sus paredes con carteles reivindicativos. A las consignas contra la guerra y la marea negra, las más abundantes en los pasillos, se unió una nueva causa: la defensa de la libertad de expresión.

La Consejería de Educación de la Xunta mantiene la orden dictada la semana pasada para prohibir en los centros educativos cualquier cartel que no esté estrictamente relacionado con la "actividad docente", pese al clamor en contra de profesores, padres y estudiantes. Pero al mismo tiempo, el Gobierno gallego ha matizado el contenido de la circular enviada a los directores de los colegios públicos y anuncia que la aplicará con flexibilidad. El propio consejero de Educación, Celso Currás, ha admitido que la orden "no se envió en el mejor momento" y que las pancartas contra la guerra "también son educativas".

El Gobierno de Fraga divulgó ayer una declaración institucional en la que inscribe sus instrucciones a los colegios en el intento de atajar la "estrategia de la crispación permanente que algunos llevan a cabo". La Xunta asegura que no pretende "coartar la libertad de expresión" sino garantizar la "neutralidad ideológica" de la educación pública. Un millar de estudiantes volvió a manifestarse ayer en Lugo contra la invasión de Irak. En Ferrol, el concejal del PP Román Cenalmon abandonó un pleno municipal y anunció su renuncia al puesto en la corporación en protesta por el apoyo de España a la campaña bélica contra Irak.

MARTES 25 DE MARZO DEL 2003

Los centros inician una campaña contra la circular de Educación

El jueves empapelarán varios colegios con carteles de Nunca Más y contra la guerra

Elisa Álvarez SANTIAGO
Sindicatos educativos, asociaciones de padres, colectivos estudiantiles y movimientos de renovación pedagógica no están dispuestos a ceder ante la circular de la Xunta que prohíbe en los centros carteles sobre temas ajenos al ámbito educativo. Ayer presentaron una campaña a la que podrán definir el refranero popular con aquello de que «al que no quiere caldo, dos tazas».

Y es que el próximo jueves empapelarán al menos dos o tres colegios e institutos en las siete ciudades gallegas, así como en las comarcas de A Mariña, Vilagarcía, A Guarda y Verín, con carteles sobre la catástrofe del Prestige, de la guerra y la libertad de expresión. Además, el 3 de abril los organizadores de este acto animan a todos los miembros de la comunidad educativa a acudir a clase con camisetas y simbología de esos tres asuntos. El objetivo último de la campaña es la retirada de la circular de la Dirección Xeral de Centros, que sindicatos, profesores y APA consideran ilegal y con el único objetivo de «amedrentar».

En la reunión celebrada la pasada semana entre todas es-

tas organizaciones, se redactó un manifiesto para entregar al consejero de Educación, Celso Currás, al que podrán adherirse miembros de la comunidad educativa hasta el 7 de abril.

Otras de las propuestas que se estudiarán en próximas reuniones serán pedir amparo al Valedor do Pobo y llevar el tema al Consello Escolar de Galicia. Los responsables de la campaña aseguran que, salvo en contadas excepciones, la norma tuvo el efecto contrario.

«Chamamos da comunidade educativa a igual circular por se ter o obxectivo amedrentar»

PLATAFORMA POLAR DA CIRCULAR

«La circular es ilegal, tiene una fuerte carga jurídica»

CELSO CURRÁS
Consejero de Educación

El consejero asegura que la norma sólo prohíbe los insultos

Poco eco han tenido las protestas en el consejero de Educación, Celso Currás, quien dijo ayer que no se va a retirar la circular, ya que es legal y tiene una fuerte base jurídica. El responsable de este departamento señaló que lo único que prohíbe la norma son insultos, acciones y palabras insultantes contra cualquier persona pública.

Lo cierto es que el documento recoge como ilegal cualquier fin publicitario ajeno al ámbito que le es propio, y no únicamente los insultos a personas. Respecto a lo que se va a hacer en los centros con los pacifistas y de Nunca Currás señaló que se harán individualmente y determinarán si son contenidos transversales y aprobados por el consejo escolar.

Medidas
Los sindicatos, que confían en la retirada de la circular, recordaron ya que si la consellería no da marcha atrás tomarán otro tipo de medidas entre las que se incluyen presentar recursos legales contra la instrucción.


dez.eme
54
XULLO 2003

SÁBADO 29 DE MARZO DEL 2003
OPINIÓN

A TORRE VIXÍA
XOSÉ LUIS BARREIRO RIVAS

Lágrimas para después de la guerra

haga falta ser un profeta para avanzar los trazos del cuadro: un pueblo masacrado y lleno de odio, que no quiere olvidar a sus imperio intratable, humillado moralmente ya estábamos!



QUINTA ESENCIA Temor a una gran catástrofe humana

«Washington y Londres deberían prestar atención a las advertencias de Unicef, que dicen que a menos que termine la guerra en un futuro cercano, Irak y sus habitantes podrían enfrentarse a la mayor catástrofe humana de los últimos años».

La Voz de Galicia

Producción: Francisco Domercq Prieto. Publicación: Carlos Quintana Izaguirre. Ventas: José Romero Vázquez. Marketing: Rafael Sanguino Martínez.

Edita LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Depósito Legal: C-1821-1996.
C.I.F.: A-15000648.

Redacción, Administración e Impresión:
Avenida da Prensa, parcelas 84 y 85.
Polígono Industrial de Sabón
15142 Arteixo (A Coruña).
Teléfono: 981 180 180*
Fax Redacción: 981 180 410
Correo electrónico: redaccion@voz.es
Fax Administración: 981 180 473
Fax Publicidad: 981 180 380
Dirección de Internet:
www.lavozdegalicia.es

Cuentas de Medios de Comunicación:
Teléfono: 981 180 304.

ej

2001	Tirada media	Difusión media
	125.074	108.201
	165.273	146.412

f10m.sn@galicia.ccoo.es

De: "federación do ensino de ccoo" <ensino@galicia.ccoo.es>
Para: <ensino@galicia.ccoo.es>
Enviado: martes, 18 de marzo de 2003 14:09
Asunto: ccoo pide a retirada da circular sobre publicidade e propaganda nos



federación do ensino

NOTA DE PRENSA.

CC OO PIDE A RETIRADA DA CIRCULAR SOBRE PUBLICIDADE E PROPAGANDA NOS CENTROS EDUCATIVOS.

A federación do ensino de CC OO manifestoulle a Consellería hoxe na mesa sectorial docente o seu profundo malestar pola circular emitida pola Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, de data 14 de marzo. Esta organización sindical esixiu a retirada da mesma, por considerala fóra de lugar, limitativa e improcedente dunha Administración Educativa.

A propia confección técnica da circular semella máis un exercicio de amedrentamento –cinco folios e medio de normativa- perante os centros educativos, que unha explicación clara sobre o exercicio da liberdade. Así, as instrucións resúmense en que os directores teñen que cumprir as normas, deixar as paredes limpas de papeis e limitar as actuacións dos centros educativos. Para CC OO resulta inaceptable o intento de limitar dereitos básicos, como é a propia liberdade de cátedra, e o acogotamento da autonomía de escolas e institutos. Así, a Educación para a paz é unha materia incluída nos programas educativos, desde a Educación Infantil ata a Universidade e así se practica desde hai anos. A resolución pacífica dos conflitos, os sistemas de intermediación en caso de enfrontamento, os procedementos e técnicas de colaboración e cooperación entre persoas e grupos forman parte dos avances en materia educativa e social nas últimas décadas. Semella que cando se concretan os aprendizaxes nun contexto social determinado, hai responsables políticos que se sitúan á marxe, reclamando unha escola illada, separada e allea á sociedade. Esta parece ser a nova doutrina da Xunta de Galicia, pretendendo exercer control ideolóxico nas aulas cando os conflitos sociais a desbordan.

Respecto á acusación da Consellería de Educación sobre a extralimitación de profesores ou centros nas súas funcións, este sindicato considera efectivamente que a Administración deberá de actuar nos casos que o precisen, a través da inspección educativa ou dos órganos administrativos oportunos. Agora ben, o que resulta absolutamente rexeitable é o intento de amedrentamento e de limitación das liberdades do conxunto dos centros educativos de Galicia.

Santiago de Compostela, a 18 de marzo de 2003.



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

Rúa C/125 de Edo, 102 - Edificio Nido de Lago - Ourense
 P.O. Box 102 - Edo, 102 - Ourense - Galicia - España

INFORMA

...A liberdade de expresión

CENSURADA

A Consellaría de Educación dá instrucións aos/as Directores/as dos centros para prohibir o exercicio da liberdade de expresión nos centros educativos



sobre Nunca Máis

"Eses carteis e toda esa merda coa que queren untar o país"

sobre os docentes

"Alguns profesores violan a conciencia dos seus alumnos"

"...Absoluta falta de respecto ós nenos, ós pais de Galicia"

Fórmula 1 - Voz de Galicia, 21/03/2003

A CIG-Ensin, ante as actuacións das inspeccións educativas que están obrigando a retirar informacións dos taboleiros dos centros sobre o Prestige e a guerra de Irak e ante as instrucións dadas pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, que vén de remitir un escrito aos/as directores/as dos centros, no que se lles indica que deben prohibir calquer "resolución, acordo, asemblea, consulta, votación, "referéndum" ou similar, declaracións ou manifestacións; de coñecimento, xuízo ou vontade sobre cuestións alleas ao ámbito que competencialmente lle é propio", quere manifestar o seguinte:

1.- Trata-se dunha circular propia dun goberno represor que pretende coartar á comunidade escolar a liberdade de expresión e de comunicación. Procura unha escola afastada da realidade e pretende intimidar aos centros escolares e ao profesorado máis dinámico, a aquel que concibe o ensino como unha educación activa e integral, cuxo obxectivo fundamental debe ser formar futuros/as cidadáns/as que sexan capaces de pensar libre e criticamente para construír unha sociedade máis xusta e solidaria.

2.- A Consellaría de Educación, con esta actitude, concibe o ensino como unha correa de transmisión de valores asentados na intolerancia, no pensamento único e na visión manipuladora dos feitos. Mentras se están pretendendo sacar dos taboeiros as bandeiras de "nunca mais" e os posicionamento en contra da guerra, o Sr. Conselleiro, remite cartas aos centros facendo un chamamento para que o alumnado asista ao partido de fútbol do día 15 no Estadio Bernabeu.

3. É indigno que a Consellaría de Educación non asuma nen sequer os obxectivos transversais que o propio sistema educativo se ten marcado: educación para a paz e defensa do medio natural. É evidente que se o resultado do referendun feito nos centros escolares fose a favor da guerra e en contra da paz, o Sr. Conselleiro non actuaría desta maneira. Con estas actitudes, o Sr. Conselleiro está-se posicionando activamente a favor da guerra e non coa paz.

3.- A CIG-Ensin exige do Conselleiro de Educación que retire as instrucións dadas na circular así como as dadas ás Inspeccións no mesmo sentido, porque atenta contra os dereitos fundamentais tanto do alumnado como do profesorado e por ser totalmente ilegal, do contrario exiximos a súa dimisión.

A CIG-Ensin fai un chamamento a que se ignoren estas instrucións por todo o que acabamos de relatar, pero tamén porque contradi a normativa que como cidadáns/as nos afecta así como aquela máis específica que garante a libre expresión tanto ao profesorado como ao alumnado (Lei de liberdade sindical, Real Decreto de dereitos e deberes do alumnado e mesmo toda a normativa relativa a currículos, que recollen entre os contidos educativos, a educación para a paz e a educación para o coidado do medio ambiente, etc.). Así mesmo tamén facemos un chamamento aos/as Directores/as e o profesorado dos centros para que remitan escritos ao Sr. Conselleiro expresando a ilegalidade de ditas instrucións xa que conculcan os dereitos fundamentais recollidos no noso ordenamento xurídico.

www.socialia.org

www.obrasocialcaixagalicia.es

el programa de
Caixa Galicia
para el sector
no lucrativo_



acción social en red_

socialia



 **CAIXAGALICIA**
OBRASOCIAL

socialia

DÁLE UNHA OPORTUNIDADE Á MEMORIA

axúdanos a reconstruí-la historia do sindicalismo en galicia. lega ou deposita o material relacionado co mundo do traballo que teñas e que poida incorporarse ó arquivo gráfico, sonoro e visual da FUNDACIÓN 10 DE MARZO. colabora na reconstrucción da memoria histórica

(carteis, documentos, fotografías, libros, manifestos, panfletos, adhesivos, revistas, vídeos, ou calquera outro material)

VIDAL / DISEÑO GRÁFICO

ARQUIVO HISTÓRICO DE CC.OO., ENTRA EN CONTACTO CONNOSCO

FUNDACIÓN  **10 DE MARZO**
comisións obreiras

• República do Salvador, 15 - 5ª planta • 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Telf. 981 599 765 • Fax 981 597 081 • email: f10m@galicia.es

DE ALUGUEIRO

MARÍA LADO

1a

No primeiro dereita mediodía chega antes da unha. Entra con Rosa cando ela volve do mercado, cunhas poucas bolsas e cinco portais marmorizados limpos pegados nos guantes de goma. Manuel agárdaa no sofá, calado, cos ollos prexubilados na fiestra. Leva toda a mañá escoitando o mar por detrás do edificio gris da discoteca. Ela saúdao e vai quita-lo *babi* coa idea de sentar un anaquiño ó seu lado, pero el saúda levemente e pecha os ollos recostando a cabeza. Vai dar e media e Rosa entra na cociña e pon auga a ferver.

Rosa sabe, Manuel ten días máis bos e días máis malos, algunhas veces, se ten algo de solaz, vai dar unha voltíña ou vai ata o Ramón...

Habían de tirar ese edificio vello, non se ve o mar coma antes.

Os días de Rosa son todos iguais. O silencio pesa por debaixo dos ruídos de xantar de formica.

2b

Caeulle unha pinza da roupa verde no balcón da casa de embaixo. É a quinta que lle cae esta semana, claro, como non se fixa e colga a roupa pensando noutra cousa... e mais dous calcetíns de cadanseu par. Un quedou pendurado da varanda e outro caeu nun testro de terra. Dous pares desfeitos. Cando aínda vivía alí Benita aínda ía recolle-las pinzas e tomaban un café, pero ela marchou a Tenerife que o home traballa alá de chofer nun hotel e buscoulle choio. Gánase facendo cuartos de hotel, mellor ca no mar... gánase se non fas gasto, claro, e alí pouco fan, que todo é máis barato e se non mira o tabaco. E afórrase algo. Aquí dous rapaces novos que fan se non hai en que traballar, fan ben. E

quedan os vellos, claro, que non nos queren en ningún lado porque xa só valen para estar aquí. E mira ti, que parece que vai chover, e o rapaz aínda non chegou. Acaba de recolle-la roupa para o balde e co pao da vasoira intenta colle-lo calcetín de deporte que quedou na varanda. Ten unha expresión de preocupación que arrastra para a cociña. Dálle-la volta a dous bistés que ten na tixola e coloca un prato na mesa.

2a

Vén don Santiago pola rúa falando cun dos mandos do exército e paran a despedirse no portal con palabras amables. Tratan o tema do bar de Santiago. Quere que eles se fagan cargo de paga-lo espello grande da parede e a cisterna do baño que fenderon en dous. Estaba o bar acabadiño de reformar, aínda non ben pagara tódalas obras e atópase con iso, vese moi apertado e el ten un negocio tranquilo, non quere complicacións porque os seus clientes son no fondo os catro de sempre, xente moi tranquila..., a outra xente non lle importará, pero el non quere barullos no bar. A ver se se arranxa así, si, non pasa nada. Porque eles tampouco queren leas, e este xeito é máis rápido. O do exército pensa que falando é como mellor se entende a xente e agora está máis tranquilo, claro, é que o outro día púxose algo nervioso porque era unha cousa de moita tensión, pero xa está todo aclarado. O caso é que Santiago vese vello para estas cousas, claro que igual debía vende-lo bar, pero encerrarse na casa non lle fai nada. Polo menos no bar ten con quen enredar unhas horas e é algo que vai sacando. Despídense e entra no portal. Santiago leva un pouso de tristura debaixo dos ollos.

**3b**

Cerca das dúas e media o coche de liña para en seco e roda unha laranxa ata os pés do conductor. Genoveva recóllea e gárdaa na bolsa do Gadis xunta o plátano que trae de volta, e sae do coche. Mira para a ventá da súa cociña dende a rúa e o peso de toda a casa concéntrase na bolsa de plástico co plátano e a laranxa que non almorzou na conserveira. Hoxe non trae o seu *babi* azul de letras vermellas, deixouno silenciosamente dobrado ante a mirada compasiva das súas compañeiras. Eses mesmos ollos séguena por toda a rúa, acompañan o seu tránsito lento entre os xardinciños ata que chega ó bloque seis. Na bolsa, o plátano e a laranxa comparten o seu cansazo e fanse cada vez máis pesados. Dende o portal o mar intúese lonxe entre os sons doutras vivendas. Antes de subir, detense para mirar atrás e está ela sentada coas veciñas no banquiño do xardín. As redes ráspanse nas pernas e perde o cabo. Acaba de casar, non había ese edificio aí. Despois Antonio chegou a xuntar para un barco. Agora teñen un barco morto. Antes o mar chegaba á cociña. Traía o seu primeiro fillo do hospital envolto nunha mantíña de punto azul e ela subía doutro xeito as escaleiras, coma cando se volve realmente á casa. Agora nin a casa recolle. Quedaron alí os silencios das cousas dos que marcharon e

crávanse. Agora toda ela cabe na bolsa co plátano e a laranxa.

Antonio chámala dende o alto das escaleiras porque lle tarda.

3a

A cociña do terceiro afoga os berros de Andrés no alto das escaleiras. Emilia prepara unha pota grande de arroz cun polo moi partido e a radio coas noticias. Pabliño sobe as escaleiras cando a pota rompe a ferver e para na porta do segundo a devolverlle unhas pinzas á señora Elisa, porque señora Elisa dálle pan con nocilla ás tardes cando súa avoa non está na casa. No terceiro saúda a Genoveva que lle sorrí cariñosa e en silencio. Dende hai poucos meses o mediodía entra na cociña de Emilia cun bico na meixela, cunha sintonía de familia numerosa. No fondo é unha alegría ata para a máquina de coser.

Pabliño chega e deixa que o aire distante do mar abatique a porta. Súa nai para a costura e vai á cociña. Ana sente que na súa vida de alugueiro só os momentos con Pablo lle pertencen de veras. El é bálsamo para as feridas da distancia. Pablo suxeita cun imán dos iogures un debuxo na porta da neveira, algo que fixo na escola e parece tan remoto, algo que xustifica tódolos presentes.

Dende detrás do edificio gris da discoteca, o mar espía as cociñas das casas.

MARÍA LADO
POETISA

INVESTIGACIÓN E COMPENSACIÓN: CAMPOS DE CONCENTRACIÓN, HISTORIOGRAFÍA E USO PÚBLICO DA HISTORIA

JAVIER RODRIGO

Debemos entende-la represión de posguerra, o feito represivo, como un todo global que atinxe non só o fusilamento, senón tamén o estraperlo; non só a prohibición dos partidos políticos, senón tamén a humillación sufrida polos vencidos en cárceres, campos de concentración e misas de domingo. É as reparticións de comida, a emigración do agro á cidade, a ideoloxización de varias xeracións de españolas a través das escolas, a represión sexual. Todo obedece a unha lóxica interna que o réxime, desde que senta as súas bases na inmediata posguerra, explota e utiliza.

O xa vello e gastado debate sobre a natureza do réxime franquista ha empezar por tanto a moverse, e así está ocorrendo nos últimos traballos sobre a represión, desde o fascismo / fascistización / non fascismo, ata interpretacións de orientación cultural e social, de vida cotiá. Incitado polo fastío dunha metodoloxía histórica que comeza a esgotarse de seu, e polo progresivo avance do paradigma historiográfico e das necesidades culturais e sociais do mundo académico (e non só) español, cada vez máis os estudos verbo da represión franquista empezan a gravitar non só sobre o aspecto político da natureza do réxime, senón que se achegan á realidade social; ó que haberemos de chamar natureza *moral*

do réxime¹. E entre estes temas que afloran como claves para entender de xeito global a España da guerra e a posguerra, destaca o dos campos de concentración. Sacar á luz a historia dos *nosos* 104 campos estables (188, sumados os provisionais) está levantando máis dunha bocha porque hai a quen non lle gusta que lle remexan nas cloacas nacionais. Pero tamén está levantando—xunta outras cuestións como a das foxas comúns ou a das compensacións económicas— unha sede de historia que, ata certo punto, puxo contra as cordas os paradigmas sociopolíticos nos que asentou *o noso* proceso de transición á democracia.

Paulatinamente, os estudos cuantitativos ou políticos sobre a represión franquista están deixando paso á análise das que xeralmente chamamos *outras represións*; o estudio destas está sendo aproveitado por esa crecente sede de memoria, pero que ten orixe, ante todo, nun crecente interese por desvelar en clave cultural a enorme rede de delación, opresión moral e privación de liberdades que implicou a multifacial represión franquista. Porque en tódolos niveis e escalas a Guerra Civil (1936-39, se ben ese estado de guerra se mantivo ata 1948; e ese non é un dato banal) foi un proceso de apropiación nacional, de choque de identidades colectivas, de

enfrentamento de concepcións antagónicas non só do poder, tamén da sociedade en conxunto. E tal hipostatización non puido quedar senón indeleblemente marcada no imaxinario colectivo e na articulación simbólica da realidade. A violencia e a represión atinxiron tódalas vilas, tódalas provincias, tódalas comarcas. E iso podemos comprobalo no tema que presentamos aquí de forma sucinta, o dos campos de concentración para prisioneiros de guerra, que vai irremediabilmente acompañado do uso que o franquismo fixo da súa man de obra como «escravos», e tamén ó do uso presente da historia².

A multiplicación de comunidades autónomas que propuxeron a compensación económica ós presos e prisioneiros do franquismo (a última en incorporarse, Euskadi) supuxo un reto no epistemolóxico e no práctico á historiografía, tan pouco pródiga ás veces en difusión extra-académica. Sen embargo, non se pode dicir que se respondera a este reto de maneira abondo útil. En primeiro lugar, porque algunhas das carencias de base dese uso actual (en medios de comunicación, na administración) da historia da violencia franquista é compartido tamén pola profesión académica. Por exemplo, o xeneralizado descoñecemento dalgunhas das fontes documentais para reconstruír este tipo de cuestións. Por iso, ó primeiro cómpre deixar claro cales son as fontes directas nas que asenta este intercambio academia-sociedade.

O fondo documental para estudialos campos de concentración franquistas áchase nos arquivos militares: basicamente, o Arquivo Xeral Militar de Ávila (AGMA) e o Arquivo Xeral Militar de Guadalaxara (AGMG); sobre todo no primeiro, onde pouco a pouco está estruturándose o que haberá se-lo arquivo fundamental de fontes militares para a Guerra Civil española, están os restos (boa parte, para qué seguilo negando, desapareceu ou foi destruída; un exemplo patente disto é o campo de Lavacolla, do que só aparece unha referencia nominal nun

documento marxinal) do sistema de campos, da súa organización e burocracia. No segundo, pola súa vez, encóntranse as referencias persoais unidas pola Comisión Liquidadora da Xefatura de campos de concentración; isto é, as longamente buscadas fichas para testemuña-lo paso dun prisioneiro por campos ou batallóns de traballadores. Os documentos, en definitiva, que demostran a «privación de liberdade» á que se fai referencia nas disposicións das comunidades autónomas para o cobramento de compensacións económicas.

A información fornecida polos expedientes persoais unidos pola Comisión Liquidadora, e que se encontran en Guadalaxara, é case inabarcable; non por iso se debe deixar a un canto á hora de reconstruí-la historia concentracionaria española, xa que algúns casos de prisioneiros revelan un mundo de malos tratos, condicións case vexatorias e traballos forzados, que non aflora xamais nos papeis oficiais. Un exemplo é o do soldado traballador Pedro Robles Clemente, madrileño nado en 1918, quen asina con letra refinada (moitos prisioneiros asinan de maneiras típicas de case analfabetos), voluntario na fronte, evadido do Batallón Disciplinario de Soldados Traballadores Penados —onde se facía a chamada «mili con Franco»— n. 1 (Puerto Bolonia, Tarifa) e falecido no Hospital Militar de Alxeciras a consecuencia de uremia o 28 de decembro do 41, á idade de 23 anos, estando entón na Compañía de Castigo do Batallón n. 41 por mor de deserción e roubo; ingresara alí o 26 de novembro de 1941. A uremia, como se le en calquera enciclopedia, pode deberse a causas como a vellez, a deshidratación ou os golpes na zona renal. Non é difícil intuír que ninguén morre de vellez ós 23 anos, e que os golpes recibidos nunha Compañía de Castigo podían ser tan crueis coma a deshidratación producida durante o traballo. Unha de tantas mortes, das que a documentación oficial dá conta raramente, nos campos de concentración e o sistema penal para os prisioneiros de guerra.

Non obstante, non só a investigación se ve beneficiada pola xustaposición de material organizativo e persoal de prisioneiros en campos e batallóns. Como sinalabamos, tanto a reconstrución histórica como as peticións de compensación económica abriron a caixa dos tronos e levantaron a tampa dunha historia acalada pola Dictadura e a súa peculiar construción identitaria: unha identidade que primeiro exaltou a violencia, logo instrumentalizouna e, ó cabo, tentou cubrila. Resulta que esa violencia era «sanadora», redentora; traía ó rego a cantos subverteran ou tentarían subverte-la orde e o statu quo tradicional nos anos trinta. Unha violencia política, física, simbólica, opresora de calquera disidencia real ou potencial. Cantos máis estudos se engaden ó corpus existente, máis se evidencia a natureza última do réxime implantado por Franco durante a Guerra Civil e despois dela: a da impiedade e a exclusión dos vencidos³. Ese Mal, co tempo que daba a victoria total e a convivencia coas potencias autoritarias europeas, podía ser agora reeducado, recristianizado e reaproveitado gracias á experiencia da Guerra Civil e o asasinato, ostracismo ou repudio dos líderes políticos e de pensamento.

A historiografía sobre a represión franquista acadou un grao de madurez que permite —sen existir aínda traballos empíricos para todo o territorio español— a síntese das liñas interpretativas que rexen o estudo da realidade represiva franquista. Xa non se apunta tanto á necesidade de coñece-la «cifras exactas» tan pregoadas polos linguatarios da historiografía profranquista, senón que se prefire o estudo cualitativo, sociolóxico, da represión física, moral, económica, cultural que desenvolveu a Dictadura desde as súas orixes de golpe de Estado, así como das súas consecuencias. Tal cambio de perspectiva permite analizar en clave de imposición violenta a represión *quente* desencadeada polo golpe de xullo de 1936, o «*reaxuste de*



contas» que deixou tantas gabias ensanguentadas e tantos desaparecidos, e que se tratou de dominar a principios de 1937, falido o golpe de Estado. Tanto se *dominou* e *racionalizou* a violencia, que da calor de 1936 se pasou á frialdade calculadora de 1937, imperante en toda a guerra (cos campos de concentración, os cárceres, as leis represivas) e a posguerra, ata a culminación da derrota e a fin da resistencia armada mediante a articulación de tribunais e o establecemento de redes sociais de colaboración cos militares e civís implicados na represión dos republicanos, como nos ensina Conxita Mir desde os seus traballos na xustiza ordinaria. Tal razón de ser foi a exclusión e a impiedade para cos vencidos na guerra e na «paz».

Valla un exemplo: revisando as dinámicas de actuación e represión habituais no funcionamento dos campos franquistas, achamos que, a pesar de que a rede concentracionaria non se planease como medida na escala local e rexional, a rede

coercitiva que os campos implicaban estendeuse a cada vila e cada rexión. E fíxoo a través da que era unha das súas misións primixenias, xunto coas de reeducar e reaproveita-los prisioneiros de guerra: a clasificación. Para levar a cabo as depuracións militares e político-sociais e ideolóxicas, o costume desde marzo de 1937 foi solicitar ás vilas e cidades de orixe dos prisioneiros internados ilegalmente nos campos unha serie de avais para garanti-la súa pertenza ó modelo ideolóxico e moral do Alzamento. As peticións de avais sobre os prisioneiros internados nos campos franquistas foi o modo de a administración militar reafirmar no ámbito local cáles eran os poderes básicos sobre os que se sustentaba. Clero, forzas coactivas —policía ou garda civil— e partido fascista —chefes locais ou alcaldes—, e mesmo ás veces o *señorito* que lle tocara a vez, serviron nun tempo próspero para a acusación e a delación, como catalizadores locais da imparable forza coactiva que campaba polos seus respectos polo territorio liberado. «Por sus callejas de polvo y piedra, por no pasar ni pasó la guerra», cantaba Serrat, referíndose a tantas vilas onde, en teoría, «no pasó nada» durante a confrontación. Ó menos esa é, respecto ós seus lugares de orixe, a opinión de moitas persoas que viviron no Aragón rural. Mais, ¿en que vila non morreu ninguén durante 1936-39, na localidade ou na fronte?, ¿que poboación non tivo os seus fillos na fronte republicana, na nacional ou nas dúas?, ¿sabían os familiares dos prisioneiros republicanos que o alcalde, o párroco ou a garda civil determinaban a sorte do fillo nunhas sucintas liñas de acusación ou descargo? Os espazos familiares e de sociabilidade non podían quedar fóra do control dun Estado que se pretendía totalitario e clerical e que, polo tanto, vedaba a transgresión moral impondo os seus propios criterios de valores, tradicionais pero tamén permeables, baseándose na xerarquía

social nada do Primeiro de abril —ou, se se prefire, os valores do 18 de xullo—.

Polo tanto, os campos non foron concebidos como un elemento de uso represivo local nin rexional. Houbo galegos nos campos de Galicia, o mesmo que os houbo en Miranda de Ebro, San Pedro de Cardeña, Castuera, Estella ou Deusto. O que interesa saber, neste caso, é o grao de interacción entre os habitantes dos lugares onde había campos de concentración e os seus indeseixados poboadores. Interacción que podía, claro está, ser



directa ou simbólica. Directa porque en moitos centros (como Cedeira, onde algunhas viúvas mandaban mensaxes ós prisioneiros coas roupas tendidas ó lonxe, segundo códigos que eles coñecían previamente) achamos referencias a contactos coa poboación civil, con mulleres que tentan pasar uns codelos de pan ou lavas as roupas dos prisioneiros (paisanas ou esposas e familiares: o concepto «esposa de prisioneiro» ou «de preso» adquiriu case un status político⁴ diferenciado en España) ou con capataces e xefes de obra que, a través das alcaldías, utilizaban a man de obra dos prisioneiros. E simbólica, pois non ten faladoiro que tal contacto debeu supor un medio de coerción para, de forma exemplar, eliminar calquera viso de disidencia política, ideolóxica ou moral ós valores do «Movimiento». O paradigma da exclusión é o principio básico para entende-la enorme maquinaria represiva que puxo en marcha o Estado de Franco, sempre perseguindo o seu principal obxectivo: durar.

Durou o réxime; e durou tamén o sistema de internamento e traballo forzoso establecido para reeduca-lo Mal (con maiúscula) da Nación. Dos campos saían os batallóns de traballadores; dos cárceres, as Colonias Penitenciarias Militarizadas. Estas tiveron penados ata 1946. Catorce anos despois solicitaríase o cambio de nome do servicio (concretamente Penitenciarías Militarizadas), xa que segundo dicía o seu responsable, «no parece justificado y puede hacer creer en la existencia en España de un Organismo Oficial que emplea penados en sus trabajos en régimen de esclavitud». Esta última parte rodeouse con lapis nalgunha instancia oficial e, escrito por riba, púxose un enorme «no». Sendo un documento oficial, non podía facerse ver que antes, cando *si* había penados, estes eran auténticos escravos⁵.

A actualidade e as polémicas xeradas por asuntos coma estes, onde progresiva-

mente se ratifican as intuicións da historiografía en canto ós porqués da longa duración da Dictadura de Franco, asúmense aquí como necesaria fonte de discusión e intercambio; debate onde a historiografía profesional se impuxo como o referente para seguir, normalizando e dotando de rigor o estudio dun pasado cada vez menos oculto. A *xustiza* de Franco, coas súas leis represivas, delacións, cárceres, campos de concentración, non é xa parte dunha memoria agachada nin dun inútil pacto de silencio. A historiografía, lémbra-nos Casanova, ten axudado a levanta-las tampas das cloacas da Dictadura; unhas cloacas acuguladas de mortos e procesións, de imposición, en definitiva, dunha dictadura que por cambiante nunca renunciou ó seu pouso coercitivo. En evidencialo co rigor e a divulgación diso que tantos denominan «memoria histórica» radica o compromiso da historiografía. A fin e ó cabo, todo iso formou parte da paisaxe de métodos empregados para impoñer unha orde coactiva que deu en chamarse «a Nova España».

NOTAS

- ¹ Sobre este tema *vid.* J. Rodrigo (2001), «La bibliografía sobre la represión franquista. Hacia el salto cualitativo», en *Spagna Contemporanea* núm. 19, Turín, páxs. 151-169.
- ² Para unha información máis completa: J. Rodrigo (2003), *Los campos de concentración franquistas, entre la historia y la memoria*, Madrid, Siete Mares.
- ³ Aínda que para o territorio nacional, a caixa dos tronos destapouna a publicación de S. Juliá (dir.), J. Casanova, J. M. Solé i Sabaté, J. Vilanova e F. Moreno (1999), *Víctimas de la guerra civil*, Madrid, Temas de Hoy.
- ⁴ G. di Febo (1980), *L'altra metà della Spagna. Dalla lotta antifranquista al movimento femminista: 1939-1977*, Nápoles, Liguri editori.
- ⁵ AGA-P (Arquivo Xeral da Administración-Fondo Presidencia), caixa 4881.

JAVIER RODRIGO

INSTITUTO UNIVERSITARIO
EUROPEO

La cultura pasa por aquí



AV Monografías
Ábaco
Academia
ADE Teatro
Afers Internacionals
Álbum
Archipiélago
Arquitectura Viva
Archivos de la Fimoteca
Arte y parte
Astrágaio
Atlántica Internacional
Aula, Historia Social
L'Avenç
Ayer
Boletín de la Institución Libre de Enseñanza
CD Compact
El Ciervo
Clarín

Claves de Razón Práctica
CLIJ
El Croquis
Cuadernos de la Academia
Cuadernos de Alzate
Cuadernos Hispanoamericanos
Cuadernos de Jazz
DCidob
Debats
Delibros
Dezeme
Dirigido
Doce Notas
Doce Notas Preliminares
Ecología Política
El Ecologista
Er, Revista de Filosofía
Exit, Imagen y cultura
Experimenta

El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia
La Factoría
FotoVideo
Goldberg
Grial
Guadalimar
Guaraguo
Hélice, revista de poesía
Historia, Antropología y Fuentes Orales
Historia Social
Ínsula
Intramuros
Jakín
Lápiz
Lateral
Leer en primavera, verano, otoño, invierno
Letra Internacional
Letras Libres
Leviatán
Litoral

Mas Jazz
Matador
Melómano
Mientras Tanto
La Mirada Limpia
Nickel Odeon
Nuestro Tiempo
Nueva Revista
Ópera Actual
La Página
Pasajes
Papeles de la FIM
Papers d'Art
Política Exterior
Por la Danza
Primer Acto
Quimera
Quórum
Raices
Reales Sitios
Reseña

Revista HispanoCubana
Revista de Estudios Ortegianos
RevistaAtlántica de Poesía
Revista de Libros
Revista de Occidente
Ritmo
Scherzo
El Siglo que viene
Síntesis
Sistema
Sociedad Geográfica Española
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
Utopías/Nuestra Bandera
Veintiuno
El Viejo Topo
Visual
Zona Abierta



Asociación de
Revistas Culturales
de España

Exposición, información, venta y suscripciones:

Hortaleza, 75. 28004 Madrid
Teléf.: 91 308 60 66
Fax: 91 319 92 67
<http://www.arce.es>
e-mail: info@arce.es

A PSIQUIATRÍA E A REPRESIÓN FRANQUISTA

A PROPÓSITO DO LIBRO *LOS NIÑOS PERDIDOS DEL FRANQUISMO* E OUTROS ASUNTOS

DAVID SIMÓN LORDA

**Ricard Vinyes e cols.,
Los niños perdidos del franquismo, Barcelona,
Plaza y Janés, 2002,
314 páxs.**

A Guerra Civil española e a longa e amarga posguerra son feridas que, malia os anos transcorridos, non deixan de supurar. No ano 2002, a televisión autonómica catalana estremeceu a audiencia coa emisión¹ do documental *Els nens perduts del franquisme*, realizado por Montse Armengou e Ricard Belis co asesoramento do historiador Ricard Vinyes. *Los niños perdidos del franquismo* puxo de manifesto a represión á que foron sometidos nenos e mulleres nos cárceres franquistas, moi especialmente durante a inmediata posguerra. Agora témo-la oportunidade de acceder ó texto e á algunha da documentación orixinal na que se fundamentaron aqueles documentais. O libro está asinado por Ricard Vinyes, Montse Armengou e Ricard Belis, e titúlase *Los niños perdidos del franquismo* (Plaza y Janés).

Neste testemuño de valor documental excepcional, moitas mulleres narran a represión política e as torturas a que foron some-



tidas, entre estas unha das máis terribles: a separación e «desaparición» dos seus fillos. Fillos que en moitos casos morreron de inanición ou de enfermidade nos propios cárceres franquistas, mentres que outros foron dados en adopción, evidentemente sen autorización familiar ningunha e nun claro abuso de poder da Dictadura para coas vítimas da súa represión. No documental recollíanse as primeiras denuncias que se deron a coñecer publicamente en España sobre a existencia de «nenos desaparecidos» baixo a xestión dos aparatos de seguridade e represión franquista, en conivencia en moitos casos coas relixiosas encargadas de vixia-las prisións de mulleres

naqueles anos.

Tal e como destacan os autores do libro, a desaparición e o secuestro de nenos foron moi similares ós ocorridos na Arxentina durante a dictadura militar entre 1976-1983 e que se demostraron no Informe Sábato – Comisión de la Verdad. Emporiso, hai unha diferenza que fai aínda máis terrible o sucedido en España: na Arxentina as desaparicións foron o efecto dunha «guerra sucia» contra os que eran considerados incómodos para o réxime militar; en España, a perda, desaparición e secuestro foi o resultado da «purificación» do país asumida polo Novo Estado. Foi este o que acometeu toda a institucionalización do proceso legal, administrativo e burocrático que facilitou as desaparicións e perdas, especialmente desde o cárcere de mulleres. Como se destaca no libro, a vulneración dos dereitos humanos no caso español foi tan sistemática e exhaustiva como o permitiron os medios con que contaba o Estado. Os seus actos non foron esporádicos, ocasionais ou accidentais.

O apéndice documental inclúe os traballos do coronel médico psiquiatra Antonio

Vallejo Nágera², baseados nas investigacións que levou a cabo con brigadistas internacionais presos no campo de concentración de San Pedro de Cárdena (Burgos), e as que realizou con cincuenta presas políticas do cárcere de Málaga. Estes estudos, particularmente os referidos ás mulleres, consolidaban «empíricamente» a súa tese de que cumpría segrega-los nenos dos seus pais republicanos. Os traballos que Vallejo publicou en diferentes revistas entre 1938-1939 titulábanse xenericamente «Psiquismo del fanatismo marxista».

Vallejo Nágera foi un dos pioneiros no mundo en psiquiatría-la disidencia. As súas afirmacións e «divagacións» impregnaron por diversos camiños o universo penal e a sociedade do Novo Estado...

Torturadores y damas del Auxilio Social, ministros del Estado o de la Iglesia católica, podían vivir en paz: el adversario, o el desafecto, no era más que un individuo con características psicológicas innatas y degenerativas históricamente que lo hacían mentalmente inferior, un infrahombre, un sujeto sin base ética. Lo decía la Ciencia. (Vinyes, 2002: 51)

Hai que sinalar que era unha «Ciencia» moi particular, manexada e distorsionada por Vallejo Nágera nun momento de «áspero militarismo de corte reaccionario», como sinalou Casco Solís³ (1999: 97).

Tamén publicou diferentes libros, como *Divagaciones intrascendentes* (1938), que incluía capítulos como «Maran-atha» (onde elabora un terrible e descarnado discurso que enlaza os

xudeos conversos co marxismo e o republicanismo para terminar acusándoos a todos eles de asasinados, ladróns, violadores e delincuentes) ou *La ley del talión*, de onde tirámo-lo seguinte parágrafo ilustrativo:

Inductores y asesinos sufrirán las penas merecidas, la de muerte la más llevadera. Unos padecerán emigración perpetua, lejos de la Madre Patria... Otros perderán la libertad, gemirán durante años en prisiones, purgando sus delitos, en trabajos forzados, para ganarse el pan, y legarán a sus hijos un nombre infame: los que traicionan a la Patria no pueden legar a la descendencia apellidos honrados (Vallejo, 1938) (Vinyes *et alii*, 2002: 308).

Todos estes conceptos e postulados serán utilizados amplamente nas campañas de propaganda e nos tribunais de represión⁴ e depuración ata ben entrada a posguerra, tal e como estudiaon Carreras Panchón, González Duro, Casco Solís ou Jiménez Lucena, amais dos xa citados Huertas e Bandrés.

En nuestra guerra hemos observado que muchos psicopatas han sido excelentes oficiales y soldados, fanáticos partidarios de sus ideales, por los que arriesgaron la vida repetidamente. En cambio, especialmente en la zona marxista, las tendencias psicopáticas de muchos individuos se han liberado en el crimen y en el delito, como lo prueban las horribles estadísticas de criminalidad marxista... Hemos observado el curioso fenómeno de que la moral marxista

se ha infiltrado en tal manera en las personas que estuvieron sometidas a su tiranía, que la simulación (castrense) se ha recrudecido en manera jamás observada⁵.

Todo delito español, cualquiera que sea su carácter corresponde a una compleción roja y marxista del agente comisor (*Arriba*, 4-8-1939)⁶.

Queda ben claro con este libro que o estudo da represión franquista é aínda unha cuestión sen esgotar⁷ e que asistiremos a máis e máis traballos sobre o tema no futuro. Vinyes deu relacionado, máis claramente ca ningún dos traballos publicados ata o momento, como os psiquiatras do bando vencedor da Guerra Civil proporcionaron bases «científicas» que lexitimaron e estimularon a terrible represión franquista cos republicanos e os seus fillos.

A psiquiatría, a ideoloxía dominante e maila política colléronse da man influíronse mutuamente. No resto de Europa empezaban a fraguarse neses mesmos anos, e máis claramente na Segunda Guerra Mundial, situacións que conectan aspectos da asistencia psiquiátrica do momento co relacionado por Vinyes no seu libro.

Nos últimos anos asistimos a un renovado interese nos foros da psiquiatría europea por coñecer e sacar á luz estudos verbor dos abusos practicados desde a psiquiatría en épocas recentes da nosa historia, como a da Alemaña nazi entre 1933-1945 ou o sucedido no Goberno francés de Vichy (1940-1944) coas mortes por fame nos manicomios ó seu cargo.

Así, a prestixiosa e influente revista *British Journal of Psychiatry* publicou hai uns meses un artigo dedicado á psiquiatría no Goberno de Vichy (J. L. T. Birley, [2002]: «Famine: the distant shadow over French psychiatry», *Br J Psychiatry* 2002, 180, 298-299). De tódalas formas, debemos sinalar que xa hai unha década Jean Garrabé lle dedicaba unhas cantas páxinas ó tema no seu imprescindible libro sobre a historia da esquizofrenia: *La noche oscura del ser. Una historia de la esquizofrenia* (1992) (editado en castelán en 1996, México, FCE).

En relación coa psiquiatría na Alemaña nazi, o psicólogo José Antonio García Marcos, en *Claves de Razón Práctica* (2002, núm. 120, 70-76) ofrece un recomendable traballo: «Psiquiatría y eutanasia en la Alemania nazi». Este vén a ser unha introducción á súa novela *Hadamar primero, Auschwitz después: Un relato para el recuerdo* (2000), onde, en clave literaria, se dá conta do plan de exterminio dos enfermos mentais incurables levado a cabo na Alemaña nazi e que foi o primeiro ensaio do que veu despois para o resto da Humanidade. Faleceron uns douscentos mil enfermos mentais. Hadamar era o nome dun manicomio situado cerca de Frankfurt, un dos máis representativos da política nazi «eutanáica» cos enfermos mentais. No artigo do psicólogo segoviano enxérganse as relacións da psiquiatría nacionalcatólica franquista coa psiquiatría nacionalsocialista nazi. Non é difícil imaxinar quen puido andar neses camiños.

NOTAS

¹ Ata hoxe (maio de 2003) este documental só se proxeitou na televisión catalana, a vasca e a andaluza (en horario de madrugada), tal e como sinalou Vicenç Navarro («Consecuencias de la transición modélica», *El País*, 8-1-2003). Este ensaísta e catedrático de Ciencias Políticas da Universidade Pompeu i Fabra relaciona este silencio dos medios de comunicación no resto do Estado español coa falta de compromiso político para recupera-la memoria histórica do sucedido durante a Dictadura franquista e a Guerra Civil. De Vicenç Navarro, e nesta mesma liña argumental, é tamén recomendable a lectura doutros traballos seus como «Reconciliación sí, olvido no» (*El País*, 12-1-2000), *Bienestar insuficiente, democracia incompleta* (2001, Ed. Anagrama), «Los costes de la desmemoria histórica» (*El País*, 22-2-2001) ou «Ideología en el estudio del pasado» (*Claves de Razón Práctica*, 2002, 120, 81-82).

² Para os interesados en ampliar coñecementos neste tema hai que dicir que bastantes dos postulados fascistas de Vallejo Nágera xa foran estudados por diferentes autores como González Duro ou Javier Bandrés e Rafael Llavona (na revista *Psicothema*), pero hai que destaca-la achega dos traballos de Rafael Huertas García-Alejo: na revista *Llul* e nun suxestivo capítulo («Una nueva Inquisición para un nuevo Estado: Psiquiatría y orden social en la obra de Antonio Vallejo Nágera») no libro de R. Huertas e C. Ortiz (eds.) (1998): *Ciencia y Fascismo*, Madrid, Cinco Calles. Vinyes non cita no seu libro ningún destes traballos. Bandrés e Llavona xa «protestaron» por isto nunha lista de discusión sobre a Guerra Civil en Internet (<http://tinnet.fut.es/mllistes/gce/>), aínda que Vinyes si fai referencias a Bandrés e Llavona nun traballo previo ó libro publicado na revista *Ayer* (2001, núm. 44) e titulado «Construyendo a Caín: Diagnóstico y terapia del disidente: las investigaciones psiquiátricas militares de Antonio Vallejo Nágera con presas y presos políticos». Por certo que erra Vinyes ó dicir que Bandrés e Llavona son psiquiatras xa que en realidade son psicólogos da Universidade Complutense de Madrid.

³ J. Casco Solís (1999): «Psiquiatría y franquismo. Período de institucionalización (1946-1960). Con un Pórtico y un

Epílogo como homenaje a Luis Martín-Santos», en: F. Fuentenebro, G. E. Berrios, I. Romero, R. Huertas (eds.) (1999): *Psiquiatría y cultura en España en un Tiempo de Silencio. Luis Martín Santos*, Madrid, Necodisne.

⁴ Hai investigacións recentes de alcance local que analizan os expedientes de represión e depuración do Hospital Provincial de Ourense nos anos 1936-1937. Neses expedientes, os argumentos sobre os que se fundamentan as ditas destitucións e condenas dos médicos, enfermeiras e outros traballadores do hospital, deixan entrever, de forma tendenciosa e «lombrosiana», conexións entre a militancia «extremista» (socialista, comunista...) e conductas antisociais (roubo, maltrato ós enfermos, promiscuidade sexual, borracheiras...), epilepsias, simulacións, etc. É un antecedente embrionario e local do que será perfilado e xustificado «científicamente» polos Servicios Psiquiátricos Militares do exército franquista nos anos seguintes. Ver D. Simon Lorda (2002): *Médicos ourensáns represaliados na Guerra Civil e a posguerra. Historias da «longa noite de pedra»*, Santiago de Compostela, Fundación Dez de Marzo.

⁵ Tomado de A. Vallejo Nágera (1942): *Psicosis de guerra. Estudio clínico y estadístico*, Madrid, Morata, páxs. 74-78.

⁶ Citado en I. Jimenez Lucena (1994): «El tifus exantemático de la posguerra española (1939-1943). El uso de una enfermedad colectiva en la legitimación del "Nuevo Estado"», *Dynamis*, 14, 185-198.

⁷ Destacariamos aquí os traballos de Conxita Mir, que é unha referencia punteira e innovadora no estudio da represión na Guerra Civil, e que achegou aspectos pouco estudados en España como o do suicidio en relación coa represión na posguerra en comarcas rurais catalanas (C. Mir Curcó [2000]: *Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y marginación en la Cataluña rural de la posguerra*, Barcelona, Milenio).

DAVID SIMÓN LORDA

PSIQUIATRA E HISTORIADOR
DA MEDICINA

«... LAS COSAS MÁS CLARAMENTE»: AS FOLGAS DURANTE O FRANQUISMO

XOSÉ RAMÓN QUINTANA GARRIDO


Rubén Vega García (coord.),
Las huelgas de 1962 en
España y su repercusión
internacional, Xixón,
Ediciones Trea-Fundación
Juan Muñiz Zapico, 2002,
540 páxs.

Na maioría dos manuais de historia, sexan de historia de España ou de calquera das hoxe denominadas comunidades autónomas, resulta habitual que, no correspondente apartado dedicado ó franquismo, a penas se deteñan en aclarar e explicar, coa necesaria profundidade, o significado e a importancia da conflictividade social e laboral en tal período. Con frecuencia ocupa moito máis espacio o relato dos avatares das forzas da oposición política á Dictadura, aínda que moitas delas tiveran pouca entidade organizativa e escasa receptividade social. A maior relevancia dada á dimensión política e o esquecemento ou limitada atención ós aspectos máis estritamente sociais e laborais, trae como consecuencia tanto a amputación dunha faciana decisiva da realidade histórica, como unha clara insuficiencia no momento de explica-las dinámicas e cambios políticos, ben sexan no seo da oposición ou mesmo no propio réxime franquista.

Vai sendo hora, pois, de restituir e resitua-la dimensión social nas interpretacións e nas exposicións globais da historia do franquismo. Pero non para substituí-la historia política pola historia social, senón para establecer, cando así sexa mester, a complexa interrelación entre ámbalas dúas. Afortunadamente, nos últimos dez anos tense avanzado substancialmente no estudio das dinámicas sociais e laborais durante o franquismo, aínda que persistan moitas interrogantes ou, en determinados casos, haxa unha certa tendencia a magnifica-lo obxecto de estudio ou a utilizar esquemas explicati-

vos demasiado deterministas e dualistas.

Un bo exemplo das novas forradas de estudos é esta voluminosa obra coordinada por Rubén Vega García, dedicada á vaga de folgas que acontecen en moitas partes de España na primavera do ano 1962, que vén complementar outro amplo volume publicado á par que este polo mesmo coordinador e que acomete monograficamente o caso de Asturias, principal foco das folgas. A obra da que estamos a dar noticia componse dun conxunto de vintedous estudos, da autoría doutros tantos investigadores e especialistas



españóis e europeos, agrupados en tres apartados: un primeiro dedicado ás folgas e os seus contextos; segundo, a estudos rexionais e locais (Andalucía, o País Vasco, Aragón, as Illas Baleares, Canarias, León, Cataluña, Galicia, Madrid, Murcia, Puertollano, Valencia); e un terceiro que trata o seu grande eco internacional. Non menos interese ten o extenso e impagable anexo final, onde se recolle unha acertada selección dos principais documentos xerados arredor do fenómeno das folgas e as súas repercusións nos máis variados ámbitos, moitos deles de difícil acceso ou pouco ou nada coñecidos ata o momento.

A vaga de folgas de 1962 supuxo unha revitalización da conflictividade sociolaboral no conxunto do Estado español: arredor duns trescentos mil traballadores nos máis distintos lugares e zonas (en vinteoito provincias) van á folga, configurando a máis vasta mobilización obreira coñecida desde a Guerra Civil. A importancia histórica desta vaga vén determinada non só pola súa gran dimensión cuantitativa e territorial, senón tamén por outras circunstancias concorrentes e, sobre todo, polos seus efectos a medio e longo prazo, que desbordan o plano estrictamente laboral para incidir noutros ámbitos de maior alcance. Parafraseando un clásico das ciencias sociais, pode dicirse que a vaga de folgas de 1962 foi un *feito social total*.


En efecto, a conflictividade obreira significou non só un punto de non retorno na conciencia do conflito (sociolaboral e, en derradeiro termo, político) en amplos sectores de traballadores, en espe-

cial da minería e da industria, pero tamén noutros sectores menos visibles da estrutura laboral. Nin tam pouco unicamente a consolidación en determinados lugares desa nova forma de organización flexible e mobilización sociolaboral que foron as recentemente nadas comisións obreiras. Estas dúas circunstancias, só en si mesmas, xa chegarían para situa-lo ano 1962 na historia. Ó longo da obra estúdiáanse os seus motivos, a súa difusión, as reivindicacións, os resultados, e salientase a ligazón: descontento obreiro-organizacións clandestinas-solidariedade de clase, aínda que cabería afondar máis nos mecanismos microsociais que explican o espallamento da protesta, nas formas de mobilización e na cultura da solidariedade amosada nesta vaga de folgas, así como a *natureza* desta (¿herdanza das folgas tradicionais da época da República ou expoñente do novo movemento obreiro?). Cabe destacar, no plano dos resultados, que as folgas de 1962 supuxeron a posta en práctica polas autoridades franquistas da Lei de convenios colectivos (promulgada en 1958 e que a penas fora aplicada) como principal forma de canalizar no futuro os conflitos ou impedi-la súa aparición, circunstancia que, como se sabe, sería eficazmente aproveitada polas activas comisións para encadra-los traballadores nos anos vindeiros.

Pero resulta que, ademais de todo o anterior, 1962 foi un ano crucial para o réxime franquista, como titula o historiador alemán Walther L. Bernecker a súa contribución a este volume e como incide tamén Rubén Vega García nun primeiro e ben elaborado capí-


tulo. Nese ano, o Goberno franquista, necesitado dunha maior homologación internacional e dunha maior inserción da economía española na europea, solicita a apertura de negociacións para a eventual integración futura no Mercado Común Europeo. Nese ano tamén acontece o que o réxime denominou —facendo uso da súa linguaxe característica—, o Contubernio de Múnic. E nese ano, igualmente, iníciase o Concilio Vaticano II, que suporía o *aggiornamento* da Igrexa e o comezo do distanciamento, e mesmo contestación, de sectores eclesiásticos co franquismo.

A vaga de folgas, xa que logo, non podía ocorrer en peor momento para a Dictadura: suponía unha clara ameaza desestabilizadora, ó tempo que, como destaca García Vega, faría aflorar tensións no seu seo entre os partidarios da man dura e os que trataban de canaliza-lo malestar laboral a través dunha maior flexibilidade, mentres a tecnocracia opusdeística se encargaba da área económica. Certamente, a mobilización obreira implicou un claro cuestionamento do sindicalismo vertical oficial, amosando a ineficacia para conte-los conflitos laborais e «representa-los produtores», o que levou ó «sorriso do réxime», o ministro José Solís, a intervir persoalmente no epicentro asturiano para desactiva-lo conflito nun sentido paternalista, accedendo ás demandas, pondo en liberdade os detidos e readmitindo os despedidos. Non sería este, en troques, o procedemento utilizado noutros casos nos que a represión foi a tónica. De aquí en diante, a política do réxime respecto da conflictivi-



dade sociolaboral oscilaría ou, mellor dito, combinaría a represión máis atroz coa negociación contemporizadora, en diferentes doses segundo as circunstancias e os intereses dos actores do réxime.

As folgas de 1962 tamén puxeron en evidencia a política informativa do franquismo, baseada na censura e a manipulación, dada a ampla cobertura dos medios de comunicación internacionais, as mostras de solidariedade en todo o mundo, a denuncia dunha variada nómina de intelectuais españois (incluídos non poucos que simpatizaran ou colaboraran co franquismo) da censura informativa e a petición dunha solución civilizada ós contenciosos laborais; ou o labor de *La Pirenaica* como medio de información alternativo e instrumento de amplificación da protesta, ben estudiada nesta obra polo historiador galego José Gómez Alén. Todo isto tivo a súa tradución en múltiples condenas internacionais (de chancelerías, da OIT, dos sindicatos, partidos e opinións públicas de Europa, de intelectuais europeos e no exilio) e na (re)des-



cuberta do carácter dictatorial dun franquismo que pretendía coarse polas boas no seo dunha Europa democrática. Así as cousas, fíxose patente a necesidade dunha nova política informativa do réxime, resultando a substitución do ministro Gabriel Arias Salgado pola «liberalizadora» do novo ministro de Información e Turismo, Manuel Fraga Iribarne, baseada nunha filosofía de «pau e a cenoura».

Como non podía ser doutro modo, a mobilización obreira deu novos folgos á oposición á Dictadura, tanto das tradicionais forzas antifranquistas, especialmente o Partido Comunista, como de novos grupos e grupúsculos recentemente creados, como o denominado Felipe, entre outros. Uns e outros

sentiranse estimulados polas folgas, e verán acudir ás súas fileiras novas fornadas de militantes que non viviran expresamente a Guerra Civil. Socioloxicamente, destácase non só unha «nova clase obreira», senón tamén relevantes sectores de estudantes universitarios, non poucos de procedencia burguesa e con apelidos ligados ó réxime, e da intelectualidade (escritores, artistas, xornalistas, profesores), moitos deles atraídos polo labor do mítico dirixente clandestino comunista Federico Sánchez, isto é, por Jorge Semprún. Nos anos seguintes a oposición e contestación ó franquismo nutríase, sociolóxicamente e politicamente, destes novos sectores que emerxen de forma xa irreversible no ano 1962.

Estamos, en definitiva, ante un libro dabondo interesante, innovador e necesario, que axuda a restituír e resitua-lo papel da conflictividade sociolaboral na historia do franquismo e a comprender mellor a súa incidencia na evolución e dinámicas políticas do réxime e da oposición. Gracias a el e a outras obras nunha liña semellante, pódense subscribir para o noso caso as palabras de «Hay una lumbre en Asturias», unha célebre copla popular de protesta da época que dicía: «últimamente, / se están viendo las cosas / más claramente».

XOSÉ RAMÓN QUINTANA GARRIDO
 PROFESOR DE SECUNDARIA
 xrquintana@edu.xunta.es


AS FOLGAS DE 1962 EN ASTURIAS

JOSÉ LUIS PALLÍN JUSTO

Rubén Vega García
(coord.), *Las huelgas de 1962
en Asturias*, Ediciones Trea,
Fundación Juan Muñiz
Zapico, Xixón, 2002,
573 páxs.

Os conflitos son sempre potentes «analizadores sociais». Como a ausencia de conflito só pode ser pensada nos casos límite dunha sociedade totalitaria de dominación (utopía negativa) ou dunha sociedade completamente emancipada (utopía positiva), en tódalas sociedades históricas aparecen conflitos sociais. Neste campo, as diferencias residen nos tipos dominantes, na forma de se manifestaren, no grao de represión a que dan lugar, etc. Os conflitos, pois, revelan as fendas que toda orde social posúe e de aí o seu valor no estudio do social. Este valor acrecéntase no caso de se produciren en contextos sociopolíticos, como foi o caso da Dictadura franquista, nos que o poder ten a ridícula pretensión de suprimilos «por decreto» ou mediante a represión.

Polo demais, todo estudio profundo de calquera conflito social pon de manifesto que dicotomías adoito utilizadas en certas polémicas historiográficas, como as de acción/estructura ou análise micro/macro, responden, no mellor dos



casos, a preferencias de enfoque por parte do investigador ou ás esixencias da competencia no «mercado historiográfico de novidades», no peor.

O libro que comentamos nestas liñas constitúe un magnífico exemplo de análise pluridimensio-

nal dun conflito sociolaboral: as folgas na minería asturiana durante a primavera/verán de 1962. A obra está composta por dezaseis capítulos nos que se tratan polo miúdo os distintos aspectos dese acontecemento histórico: desde o contexto socioeconómico

no que se produce, ata as moi diversas facianas da cultura obreira, pasando pola transcendencia que tivo o devandito conflito nos planos interno e internacional, o tratamento historiográfico deste e o comportamento dos distintos actores: os mineiros mallas súas mulleres, o Sindicato Vertical, os empresarios, as forzas sociopolíticas opositoras, o propio Goberno da Dictadura, a Igrexa nos seus distintos banzos xerárquicos; a cronoloxía, a memoria persoal, colectiva e literaria sobre o conflito... Eses dezaseis capítulos complétanse cun limiar de Manuel Vázquez Montalbán e un espléndido anexo documental. No limiar, Montalbán utiliza a súa memoria persoal como fonte de crítica perante un presente no que «las huelgas ya no son lo que eran». No caso do anexo documental, cómpre salientalos informes das «forzas represivas». A precisión e profundidade destes informes, moi superiores ós da prensa, fan necesaria a apertura completa dos arquivos policiais ós historiadores.

Un dos méritos do libro reside na posibilidade de comprobar, a través de exemplos concretos, os diversos aspectos do franquismo que, ás veces, permanecen demasiado abstractos nas sínteses divulgadoras. O atraso técnico da industria española, as relacións do empresariado cos diversos aparellos do réxime, as fendas ideolóxi-



cas no seo da Igrexa, as consecuencias do Plan de Estabilización no nivel de vida, as migracións interiores, as dificultades das forzas opositoras, as divisións entre as distintas «familias» do franquismo, son todos temas que aparecen unha e outra vez ó longo das páxinas da obra. Hai, sen embargo, dous aspectos que, ó noso xuízo, cumpriría destacar.

É xa un lugar común na historiografía do franquismo considera-las folgas da minería asturiana da primavera de 1962 como un momento clave nos movementos de oposición á Dictadura. O maior desafío no campo laboral experi-

mentado polo réxime ata daquela principiou unha xeira na oposición a aquel, tanto polas novas formas de se manifestaren os conflitos laborais (as comisións obreiras) como pola incorporación a elas de traballadores novos non marcados pola Guerra Civil e a durísima posguerra. Mais o estalido dun movemento de folgas de tal magnitude lévanos a formular un problema historiográfico de non menor alcance: o de cómo se xesta e se transmite unha cultura de resistencia nun contexto sociopolítico tan desfavorable. No libro hai un gran número de apuntamentos neste sentido, centrados case todos no mantemento, ó longo do tempo, de determinadas pautas de cultura obreira; apuntamentos que requirirían unha investigación posterior e unha comparación co acontecido noutras zonas do Estado.

O segundo aspecto ten que ver co problema da memoria. Unha das vítimas principais dese proxecto de «amnesia selectiva» que supuxo a Santísima Transición española foi a «memoria de oposición ó franquismo». Agora que, despois da loanza acrítica da devandita Transición, e non só por parte do periodismo de divulgación e «formación de masas», comezan a aparecer obras historiográficas que lle descubren insospeitadas virtudes ó réxime franquista no, seica inevitable e glorioso, proceso de «modernización» da sociedade española, convén, quizais máis ca nunca, cultivala memoria como exercicio de hixiene e lucidez mental. Benvidos os libros que, como o que aquí comentamos, contribúen a esa finalidade sen caer na vulgar apoloxía e cunha moi alta calidade intelectual.

JOSÉ LUIS PALLÍN JUSTO
 PROFESOR DE ENSINO
 SECUNDARIO



EDICIÓNS DO CASTRO

DO GRUPO SARGADELOS



SADA-CORUÑA

Tfno. 620200 e 620937

Fax 623804

LIBROS GALEGOS FEITOS EN GALIZA

- Pra recuperar a nosa memoria
- Pra estudar a nosa realidade presente
- Pra espallar as nosas formas culturais

1963-2003

700 autores que prepararon máis de 1.000 títulos de: documentos, ensaio, historia e creación literaria, arte e arquitectura, cadernos do Seminario de Sargadelos, publicacións do Seminario de Estudos Galegos, así como as revistas Gallaecia, Larouco, Minius, Luzes de Galiza e Unión Libre.

Case cuarenta anos de traballo pola nosa historia, nosa lingua, nosa cultura, nosa identidade, loitando por recuperar a memoria histórica de Galiza, e hoxe apoiando sobre todo a investigación e o coñecemento científico das nosas bases económicas.

DOS ANARQUISTAS GALEGOS

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

Óscar Freán Hernández,
O movemento libertario en
Galicia, 1910-1936,
Universidade de Vigo, tese
de doutoramento, 2003.

Sabiamos, polos traballos de Dionisio Pereira, que o sindicalismo libertario acadou unha relativa presenza en determinados oficios urbanos, pero a penas se estendeu ás bisbarras das cidades na Galicia anterior á Guerra Civil, sendo os exemplos mellor coñecidos os da Unión Campesina nas Mariñas coruñesas a comezos de século XX ou a súa rápida expansión entre os obreiros que construíron o ferrocarril no oriente ourensán, nos anos da Segunda República. A tese de doutoramento europea titulada *El movimiento libertario en Galicia, 1910-1936*, amplía o estudo da presenza anarcosindicalista ós eidos da cultura e das relacións de sociabilidade, que formaban parte da identidade obreira xunta os seus conflitos de clase. Óscar Freán Hernández realizou unha innovadora investigación, dirixida polos profesores Alberto Valín da Universidade de Vigo e Gérard Brey da Université de Franche-Comté, que defendeu na facultade de Humanidades de Ourense o pasado 15 de febreiro, merecendo a máxima cualificación de sobresaliente cum laude polo tribunal integrado por

cinco catedráticos de historia contemporánea das universidades Complutense de Madrid, de Haute Bretagne-Rennes II, Autónoma de Barcelona e máila de Vigo, que coincidiron en apunta-las importantes contribucións historiográficas desta pescuda.

Óscar Freán analiza, en primeiro lugar, os recursos e tácticas organizativas do movemento libertario galego dende 1910 ata 1936. Explica polo miúdo o dinamismo das súas actividades naquela Galicia de caciques, agrarios e *americanos* retornados, que estaba a experimentar fondas mudanzas económicas e sociopolíticas, mantendo a necesaria perspectiva comparada coa evolución do anarquismo español, pero deténdose nos diferentes escenarios de actuación dos libertarios galaicos. O anarcosindicalismo, entendido polo autor como a organización e mobilización sindical dos obreiros, protagoniza o relato, pero este queda solidamente complementado pola descrición das formas de sociabilidade dos grupos anarquistas e das súas iniciativas culturais.

O autor presenta as diferentes organizacións do movemento libertario en Galicia: entidades sindicais (Federación Solidaridad Obrera de Galicia e Confederación Regional Galaica), os grupos anarquistas (autónomos e afiliados á FAI ou ás Xuventudes Libertarias) e as agru-

pacións do Partido Sindicalista. Dédicalle un capítulo específico ó coñecemento dos ámbitos socioeconómicos nos que enraizou o anarquismo en Galicia, coa pretensión de coñecer en qué sectores productivos asentaba a CNT, o perfil profesional dos anarcosindicalistas e a evolución da súa presenza ó longo do período estudado. As



cidades, o mundo da pesca e as bisbarras rurais foron os escenarios onde actuaron con máis forza os libertarios galegos.

Remata acertadamente a súa pescuda cun espléndido apartado consagrado ó amplo abano de manifestacións culturais do anarquismo galaico, dende os centros educativos e as escolas ata os centros de estudos, as iniciativas xornalísticas ou editoriais e as actividades de lecer, que eran os aspectos

esquecidos nos traballos sobre o movemento obreiro galego, centradose unicamente nas actividades políticas e sindicais das súas organizacións.

A innovadora investigación de Freán confirma o intenso dinamismo do movemento libertario galego entre 1910 e 1936, manifestado sobre todo no escenario sindical, pero que tamén tivo importancia na actividade propagandística dos grupos anarquistas e diferentes actividades de tipo cultural. Foi un sindicalismo case exclusivamente urbano, ata que penetra nas periferias rurais, xa nos anos da República, empregando como cabalos de Troia os obreiros de orixe



labrega que regresaban ás casas nas fins de semana e os sindicatos que se formaron entre os traballadores da liña de ferrocarril Zamora-Ourense-A Coruña. O sector pesqueiro xa o lideraban os sindicalistas da CNT no quinquenio republicano, e a cidade da Coruña convertérase na cerna do anarquismo galego, cunha ampla zona de influencia na súa área metropolitana, e tamén foi moi salientable a pegada do movemento libertario

en diferentes localidades das Rías Baixas.

É unha mágoa que a investigación remate coa desfeita do movemento libertario logo do golpe de estado reaccionario do verán de 1936, porque agora mesmo ningún está mellor cualificado có propio autor para atravesar ese rubicón historiográfico de triste lembranza e emprende-lo estudio da supervivencia do colectivo anarcosindicalista durante a longa noite de represión, clandestinidade ou exilio do franquismo, como fixo xa Víctor M. Santidrián co PCE. Podería afondar tamén nas posturas oficiais e na actuación real das organizacións libertarias ante a cultura tradicional galega, porque é sabido que boa parte do éxito do discurso anarquista entre o campesiñado das rexións latifundistas se debía ó tradicional milenarismo das sociedades rurais, que souberon explotar moi ben, por exemplo, os *narovdiki* na Rusia tsarista.



Óscar Freán demostra, en definitiva, a existencia dun universo de sociabilidade e humanismo anarquista moito máis rico e complexo do que ata agora coñeciamos para a Galicia anterior á Guerra Civil. Ofréceños unha panorámica xeral do movemento anarquista comparándoa con outros escenarios ibéricos, analiza as súas relacións con outras forzas sociais e políticas e describe o complexo mundo da cultura obreira, tan intensamente influído polos ateneos libertarios e o humanismo anarquista, nun estudio que debería ser publicado porque constitúe a mellor visión de conxunto do socialismo libertario en Galicia. É un punto de partida imprescindible para estudiosos da nosa historia

contemporánea que desexen facer investigacións de ámbito máis reducido ou de temáticas máis concretas, pero debería chegarlle tamén ó gran público, porque os anarquistas foron, sen dúbida, os grandes esquecidos dende a «segunda restauración» e a recuperación da memoria histórica debería facerlles xustiza tamén a eles.

Investigacións como a de Óscar Freán demostran que os vencedores xa non son os únicos que escriben a historia. Os obreiros anarquistas que habitan no seu estudio rexeitaban a imposición tiránica de patrias, deuses ou reis, cun espírito humanista que deberiamos recuperar nestes tempos de integristos exacerbados (non só do Islam) e populismos patrioteiros, que *nós* vivimos. Reconciliáronos co ideal de tolerancia e respecto ó *outro*, que xurdiu do racionalismo ilustrado e callou na cultura política europea recente gracias ás reivindicacións das organizacións obreiras, pódenos inmunizar cun san escepticismo fronte ós que profetizan choques de nacións ou civilizacións que arrasan sempre as vidas da xente corrente, dos millóns de familias obreiras e labregas anónimas, en Galicia ou no ameazado Iraq, que loitaron e traballaron no século pasado para resistiren as imposicións dos Estados e adaptárense ás demandas dos mercados.

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ
PROFESOR DE SECUNDARIA
rsoutelo@edu.xunta.es

ESCAPARATE BIBLIOGRÁFICO



O DESASTRE DO PRESTIGE NA WEB

EDUARDO BRAGADO

U nha das primeiras características de Internet foi facilita-la maior cooperación entre individuos distantes, se ben a organización e o traballo cooperativo en liña non posúen aínda tódalas posibilidades do cara a cara. Ante os desafíos globais que nos toca vivir, a cooperación a distancia resulta moi importante. O capitalismo do século XXI xera desastres globais que reclaman a acción internacional concertada e rápida das distintas institucións, pero tamén dos cidadáns do mundo. Os complexos intersticios da rede aínda deixan ocos ós espacios alternativos para suxerir ou, cando menos, recrear novos xeitos de organización dos cidadáns do século XXI. Ante a opacidade dos medios de comunicación de masas controlados polos grandes grupos de comunicación, os novos movementos sociais asentados nesta vasta e aínda non de todo controlada rede de oportunidades.

O desastre ecolóxico provocado polo afundimento do petroleiro *Prestige* orixinou un enorme movemento social de protesta que hoxe xa non poderíamos comprender en toda a súa amplitude sen ter en conta o uso da rede. O novo intento de ocultar-la dimensión do desastre ecolóxico, como ten ocorrido en anteriores ocasións, fracasou no inverno de 2002 porque na actualidade a opinión pública está mellor informada e é máis sensible ás cuestións ambientais e tamén, entre outras cousas, pola existencia de Internet, que per-



mitiu como mínimo tres aspectos innovadores: a) un acceso máis amplo á información en tempo real; b) unha presentación máis atractiva da información especializada, e c) unha organización da protesta máis moderna, creativa e aberta, que mesmo desbordou as expectativas e modos das organizacións políticas e

sindicais máis formais.

1. Información inmediata, información en tempo real

O gran caudal de información rigorosa e servida con prontitude impediu o despregamento do veo de ignorancia

que os poderes públicos de ámbito galego e español pretendían estender. Lembremos que nos primeiros días da catástrofe, os datos divulgados a través de Internet polo Instituto Hidrográfico Portugués e o instituto Le Cedre foron as fontes de información para a opinión pública e os medios de comunicación como Tele 5, ou a Cadena Ser, que simplemente tentaron conta-lo que estaba pasando. Cando a opinión pública comezou a acusa-las autoridades españolas de mentirosas e incompetentes, facíao en gran parte porque Internet fornecera información seria e rigorosa que razoablemente se impuña ás versións oficiais. As páxinas do Instituto Hidrográfico portugués (www.hidrografico.pt/hidrografico/), do Le Cedre francés (www.le-cedre.fr) e da Universidade de Vigo constituíronse en materia prima informativa de pri-

meira para a creación da opinión pública.


2. Información presentada de xeito atractivo e didáctico

Ante a abundante información que suscitou o caso do *Prestige*, ata os medios tradicionais de comunicación: xornais, radios e televisións, atoparon nas súas edicións electrónicas a mellor canle para expresaren como ocorreron os feitos e as dimensións das súas consecuencias; colgaron as informacións máis detalladas e mellor presentadas sobre a evolución do petroleiro, sobre os vertidos e as súas consecuencias. En Internet, os gráficos dinámicos, as presentacións flash e Powerpoint demostraron unha enorme capacidade para explica-los feitos dun xeito máis completo, didáctico e atractivo.

La Voz de Galicia en Galicia e *El país* no Estado foron quen de trasladar á web boa parte da súa información, con grande éxito entre o público tradicional da prensa escrita. As universidades galegas construíron páxinas específicas sobre o desastre, con notable capacidade para informar con celeridade e rigor. Por primeira vez en Galicia e en España, Internet converteuse no primeiro medio para estar ben ó día sobre a catástrofe. A responsabilidade e o esforzo científico e técnico das presentacións fixeron que a opinión pública tomara conciencia da valía de moitos investigadores das nosas universidades, que pasaron a ser fonte de información cualificada.

3. Unha protesta moderna

Un dos aspectos que máis sorprendeu a opinión pública española, presa dos





tópicos sobre a resignación e o carácter submisivo da sociedade galega, foi o carácter innovador do movemento de protesta en Galicia. Internet contribuíu a que a explosión de indignación cidadá callara nunha nova maneira de organiza-la protesta que en ocasións anteriores non tivera un éxito tan rotundo e prolongado. A plataforma Nunca Máis (www.plataformanunca.mais.org) e tamén as plataformas da xente da cultura (www.burlanegra.org) e dos ensinantes (www.areanegra.net) confiaron en Internet para organiza-la máis ampla mobilización cidadá que se lembra en Galicia dende o franquismo, e empregaron a rede dun xeito sistemático, creativo e eficaz. Galicia demostrou a súa capacidade moderna e creativa de responder ós vellos usos do poder conservador: a propaganda cutre baseada na mentira repetida mil veces, a desinformación e o ocultamento quedaron ridiculizadas polos xeitos intelixentes, imaxinativos e orixinais do movemento de protesta.

As mobilizacións polo caso do *Prestige* marcaron en boa medida o xeito seguido na posterior mobilización contra a guerra de Iraq. O novo repertorio deste ciclo de protesta

supuxo un salto cualitativo crítico no uso de Internet como instrumento de demanda e mobilización. A rede solidaria e alternativa, que ben pode simbolizar o proxecto www.nodo50.org, ergueuse para facer fronte á información oficial ou paraoficial. Desde a ampla e profesional cobertura do portal galego Vieiros (www.vieiros.com) ata as pequenas achegas de centos de internautas, en Galicia e no resto de España, contribuíron a crear unha rede de observatorios sobre o desastre que obrigou a Administración a responder a cuestións que non tocaban, como lle gusta dicir ó presidente Aznar. Os internautas proporcionaron fotografías, vídeos, noticias do pésimo estado das infraestructuras de vixilancia, contradicións nas informacións dos responsables políticos, etc. A batalla da información do *Prestige* gañouna a verdade, en parte porque agora existe Internet.

Durante a catástrofe do *Prestige*, a sociedade civil galega, fronte ós tópicos de desinterese e resignación, amosou a súa vitalidade fundada no tecido social preexistente. O éxito da páxina de Areanegra asenta sen dúbida na entrega e no entusiasmo dos ensinantes que a promoveron, gran

parte deles dos institutos da Costa da Morte, pero tamén na experiencia e no coñecemento das xentes de colectivos como o da Casa Encantada ou o colectivo fotográfico Branco e Negro.

As organizacións eco-pacifistas veñen apostando con forza por Internet. Dende hai anos, as páxinas de Greenpeace, ADENA, Ecoloxistas en Acción ou a de ADEGA no ámbito galego son un instrumento ben útil para o desenvolvemento das súas campañas, para abrirse ós sectores máis dinámicos e amplos da sociedade e relacionarse cos seus socios e simpatizantes dun xeito máis aberto e consoante cos hábitos actuais de compromiso social. O fío roxo e verde leva anos fluíndo pola rede sen que en moitos casos as organizacións tradicionais de esquerda lle presten a debida atención.

A redacción de DEZ.EME decidiu botar unha ollada a catro das máis coñecidas organizacións ecoloxistas, aínda que hai moitas outras experiencias semellantes na rede. Centrámo-la nosa visita nas páxinas de Greenpeace, ADENA, Ecoloxistas en Acción e ADEGA.

Na páxina de Greenpeace (www.greenpeace.es, www.greenpeace).



org), oito meses despois da desfeita mantense un sitio especialmente dedicado ó caso do *Prestige*; nel podemos obter datos precisos sobre a situación dos espazos naturais, dos fondos mariños, da situación e dos cuidados precisos para as aves mariñas afectadas, etc. As organizacións ecoloxistas representan un estado de alerta permanente fronte ós grandes perigos da globalización sobre os nosos ecosistemas, e entre as súas virtudes destaca a perseveranza na defensa do patrimonio natural. Mentres, Greenpeace, como ADENA ou ADEGA, alerta sobre a actuación de máxima urxencia para evita-la total desaparición do Arao, do que nestes momentos soamente restarían tres parellas con posibilidades reproductivas¹. No sitio Greenpeace sobre o *Prestige* podemos ver datos precisos do petroleiro afundido, lugares de contacto para o voluntariado e unha interesante analítica do petróleo vertido; e aínda quedan corenta mil toneladas afundidas na fosa galaico-portuguesa.

Na analítica dos vertidos efectuada polo Instituto de Investigacións Químicas e Ambientais de Barce-

lona, pertencente ó Departamento de Química Ambiental do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), afírmase que a mostra de fuel confirma a presenza de hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAHS) pesados, os máis tóxicos e potencialmente canceríxenos, como o benceno, pireno, benzofluorantenos e indeno. O informe especifica que a fracción maioritaria é a máis refractaria á degradación e, por isto, altamente persistente no medio. Aínda que o impacto inicial agudo é máis ben de tipo físico, ó impedir a capa de hidrocarburos acumulada o paso da luz e do osíxeno, hai tamén que considera-la aparición de efectos ecotoxicolóxicos a medio-longo prazo, xa que a presenza de hidrocarburos aromáticos de elevado peso molecular, que se acumulan nos sedimentos, poden suscita-la aparición, en fases posteriores ó derramo, de compostos de oxidación máis tóxicos cós produtos de partida. Unha analítica semellante de Le Cedre (Centro de documentación, investigación e experimentación sobre as contaminacións accidentais das augas) confirma as graves consecuencias a

medio e longo prazo dos vertidos.

A prevención dos expertos contrasta coa imaxe de tranquilidade que queren transmitir as Administracións española e galega, que amosan a súa insensibilidade e estreita perspectiva, insolidaria e encadeada ós intereses económicos e políticos inmediatos.

Greenpeace, coma outras organizacións ecoloxistas, consciente da importancia da escola nos aspectos ambientais, inclúe nas súas páxinas un vínculo específico para o seu programa escolar centrado na divulgación das enerxías alternativas e limpas. O programa de charlas escolares e mesmo unha web específica para os máis peques —a web dos peques de Greenpeace—, complétanse co espacio dedicado á Rede de Escolas Solares. Coa instalación dos tellados de placas fotovoltaicas quérese plasmar na práctica a viabilidade da enerxía solar. Greenpeace proporciona a información, a coordinación e maila xestión centralizada necesaria para a consecución do proxecto a través dos acordos cos poderes públicos e entidades privadas. A rede escolar solar ten, loxicamente, unha dimensión

reivindicativa pero tamén é evidente o seu interese educativo e práctico nos centros escolares.

A páxina de WWF/ADENA (www.wwf.es) representa a actualización da vella tradición conservacionista baseada no rigor e no estudio sistemático dos problemas ambientais —xerados pola globalización capitalista— dos máis variados ecosistemas, coa súa dimensión socioeconómica e política.

A páxina de ADENA permite achegarse dun xeito global e ben estruturado a un amplo catálogo de problemas ambientais. Nas súas web, hai apartados dedicados ó estado das augas continentais, das mareas e das costas, dos espacios e as especies en perigo de extinción. A cuestión do cambio climático e a súa relación coa conservación da biodiversidade é un aspecto central no enfoque actual de ADENA. No apartado de cooperación internacional destaca a campaña contra a contaminación mariña. Afirmar ADENA nas súas páxinas que hoxe en día é evidente que a contaminación debida á intensificación do transporte marítimo e das actividades de perforación está a provocar estragos nunca

coñecidos na vida dos océanos. A industria petroleira produce, transporta, refina e comercializa na actualidade máis de tres mil millóns de toneladas de cru ó ano. O seu transporte, efectuado maioritariamente por vía marítima, implica un elevadísimo risco, en caso de accidente, dada a enorme dificultade de acceder con rapidez e medios adecuados ó lugar do sinistro. O caso do *Prestige* demostra que só unha planificación global e a acción concertada dos distintos Estados pode pór límite á ambición desmedida dos intereses privados e diminuí-las posibilidades de futuras catástrofes.

ADENA, fiel á súa tradición de facer política ambiental a partir dos estudos dos expertos, esixe dos poderes públicos que, cando menos, cumpran os compromisos adquiridos nos foros internacionais. No informe «Combatir las causas del cambio climático» [ecccclima.zip], faise unha severa crítica da política ambiental da Administración española, no que podemos cualificar de verdadeiro incumprimento dos compromisos de Quioto. ADENA, como Greenpeace, aposta claramente polo pulo das ener-

xías alternativas, na promoción do que chaman nas súas páxinas «electricidade verde». Como outras web de organizacións ecoloxistas, dedica un espacio a educación e capacitación. Neste sitio atoparemos tamén cursos para profesorado e materiais educativos orientados á educación primaria e secundaria.

A páxina de Ecoloxistas en Acción (www.ecologistasenaccion.org), que agrupa máis de trescentas organizacións ecoloxistas do Estado español, configúrase como un verdadeiro observatorio sobre a situación ambiental na pel de touro. As xentes de Ecoloxistas en Acción convidan os visitantes da páxina a votar no apartado «Atila 2003» ó maior agresor ambiental de España. O presidente da Xunta de Galicia, Fraga Iribarne, o ministro de Fomento, Álvarez Cascos, e o ex ministro de Medio Ambiente, Jaume Matas, rivalizan na obtención da prezada mención. Fronte á lasa política da Unión Europea na concesión de bandeiras azuis a moitas praias da península ibérica, os Ecoloxistas en Acción promoven a concesión de bandeiras negras a aqueles areais e zonas litorais que





non cumpren os mínimos estándares de protección do medio costeiro. Como ADENA, os Ecoloxistas en Acción chaman ó cumprimento da lexislación aprobada polo Estado español; o Goberno incumpre os seus propios acordos, coma tal a Estratexia Española para a Conservación e o Uso Sostible da Diversidade Biolóxica, aprobada en decembro de 1998. Nas páxinas de Ecoloxistas en Acción dise: «necesitamos que se aplique a Directiva de prevención e control integrados da contaminación en 1996 e a Directiva Marco de Augas de 2000, marcándose obxectivos de calidade, mellora e recuperación ambiental do litoral». Fronte á política turística das bandeiras azuis, din en Ecoloxistas en Acción: «hai que actualiza-lo obsoleto programa de Vixilancia Sanitaria da Calidade de Augas de Baño, que ten 26 anos de antigüidade, por unha norma que incorpore novos parámetros físico-químicos e microbiolóxicos».

As organizacións ecoloxistas

apelan sempre a modificacións dos comportamentos individuais para cimentar un cambio institucional máis amplo. Débese modificar, ó tempo que se reivindica, a conciencia cidadá como o primeiro paso para mellora-los nosos ecosistemas. Así, dende Ecoloxistas en Acción reclámase dos usuarios das praias a colaboración na limpeza das areeiras. Hai que educa-los nosos mozos nos hábitos e actitudes de respecto á natureza, que en ocasións consisten só en entender que hai que achegarse ós colectores para bota-lo lixo, prescindir dos vehículos de motor e motos de augas nas zonas de baño ou tomar conciencia dos prexuízos sobre a saúde da contaminación acústica.

ADEGA (<http://www.adegagaliza.org>), a organización ecoloxista de ámbito galego e de maior tradición e implantación nas distintas comarcas e localidades do noso país, como a maioría das organizacións verdes, mestura a atención local coa preocupación polos efectos ecolóxicos da globalización. A web de ADEGA posúe un programa de educación ambiental moi interesante e un sempre preciso apartado denominado «Ecoloxía cotiá» onde fai unha serie de recomen-

dacións sobre cómo actuarmos con conciencia ecolóxica en tódalas tarefas e situacións cotiás da nosa vida.

Somos conscientes da imposibilidade de levar un comportamento perfecto desde o punto de vista ecolóxico agás que nos illemos do mundo que nos tocou vivir. Por iso, non te obsesiones: as ideas que propoñemos nesta guía non son mandamentos de obrigado cumprimento, senón suxerencias para que cada quen, na medida das súas posibilidades, vaia avanzando nesa dirección. Agrupámo-las tendendo ás actividades do día, dos días laborables e dos feriados, e deixamos para o final as que, ó noso entender, deben estar presentes sempre, cada día e a cada momento.

É deber dos profesores e profesoras deste país transmitir esta mensaxe tan humilde pero tamén tan rica e solidaria para os pobos do mundo e as xeracións futuras.

NOTAS

¹ A Xunta utiliza a denominación «Arao» para dar nome a unha fundación na que se conxugan nada claros intereses e escuros medios de xestión.

V ENCONTRO DE INVESTIGADORES DO FRANQUISMO

A Fundación 1.º de Maio - Arquivo de Historia do Traballo conxuntamente coa Universidade de Castela-A Mancha, o Centro de Estudos de Castela-A Mancha e o Grupo de Estudos de Asociacionismo e Sociabilidade convocan o quinto Encontro de Investigadores do Franquismo, que cada tres anos se organiza desde a Rede de Arquivos Históricos de CC.OO. Este encontro reúne os historiadores e investigadores que orientan o seu traballo á etapa franquista e permite realizar unha posta ó día das diferentes liñas de investigación relacionadas con aquel período histórico. O congreso terá lugar os días 13, 14 e 15 de novembro no campus de Albacete.

O programa de traballo divídese en seis apartados que serán introducidos por un relator para as comunicacións presentadas e un moderador para o posterior debate. Na primeira sesión, «Política: o réxime e a oposición», o relator será o profesor da Universidade de Castela-A Mancha, Manuel Ortiz. A segunda referirase á «Economía e sociedade» no franquismo, o relator será o profesor Roque Moreno da Universidade de Alacante. O terceiro apartado terá como eixe central a «ideoloxía, cultura e medios de comunicación» e actuará como relator Jordi García da Universidade de Barcelona. A cuarta sesión ocupase co tema «Asociacionismo e sociabilidade» e contará previamente cun ponente, Isidro Sánchez da Universidade de Castela-A Mancha e como relator para as comunicacións, Jorge Uría da Universi-

V ENCUENTRO DE INVESTIGADORES DEL FRANQUISMO

13, 14 y 15 de noviembre de 2003

Campus de Albacete
Salón de actos de la Escuela de Magisterio
Universidad de Castilla La Mancha

segunda circular



Comité Organizador

José Babiano, J. Antonio de Mingo, Pedro Oliver Olmo, Manuel Ortiz Heras, Juan Sisinio Pérez Garzón e Isidro Sánchez Sánchez.

Organizan

UNIVERSIDAD DE CASTILLA-LA MANCHA
Departamento de Historia (Área de Historia Contemporánea)

FUNDACION 1 DE MAYO
ARCHIVO DE HISTORIA DEL TRABAJO

Centro de Estudios de Castilla-La Mancha

GRUPO DE ESTUDIOS DE ASOCIACIONISMO Y SOCIALIZACION (GEAS)

Patrocinan y colaboran

Centro de Estudios de Castilla-La Mancha

UNIVERSIDAD DE CASTILLA-LA MANCHA
Facultad de Humanidades de Albacete

UNIVERSIDAD DE CASTILLA-LA MANCHA
Vicerrectorado de Albacete

Ayuntamiento de Albacete

CCM

RED DE ARCHIVOS HISTÓRICOS
CCOO

dade de Oviedo. A quinta versará sobre o tema «Muller e franquismo»; a ponente será a profesora Carme Molinero e a relatora Conxita Mir da Universidade de Lérida. E a sexta sesión centrarase na cuestión «Traballo e relacións laborais»; o ponente será Jose Babiano da Fundación 1.º de Maio e o relator o profesor Santiago Castillo da Universidade Complutense de Madrid.

As comunicacións editaranse en disco compacto que se enviará primeiro ós participantes e posteriormente publicarase un libro no que estarán incluídas as ponencias e as intervencións dos relatores, xunto cun índice das comunicacións presentadas.

Os interesados en asistir poderán recibir máis información nas institucións organizadoras e persoalmente a través das seguintes persoas:

José Babiano Mora
Tel.: 91 364 060 1
jbabiano@1mayo.ccoo.es

Manuel Ortiz
Tel.: 926 599 200
Manuel.Ortiz@uclm.es

Isidro Sánchez
Tel.: 926 295 300
Isidro.Sanchez@ucilm.es

Fundación 10 de Marzo,
República do Salvador 15, 5º,
15701 - Santiago de Compostela
Tel.: 981 591 816
f10m.sn@galicia.ccoo.es

ACTIVIDADES E PROXECTOS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Desde o número anterior de DEZ·EME, na Fundación 10 de Marzo continuaron desenvolvéndose os proxectos iniciados nos últimos meses e xa anunciados naquel número.


Un deses traballos era a preparación dunha unidade didáctica que completa a exposición *Imaxe Gráfica da II República*, que está a percorrer diferentes centros de ensino de Galicia. A unidade editouse en colaboración co Concello da Coruña e está xa ó dispor dos interesados e usuarios da devandita exposición. Elaborada polo mesmo grupo de profesores de ensino secundario que preparou a mostra, desenvolve en diferentes apartados unha atractiva e ampla proposta de traballo que serve de referencia ás necesidades curriculares do nivel en que se empregue.

A unidade divídese en vinte capítulos que recollen as liñas xerais desta etapa histórica e a aplicación práctica abrángueos

todos. Desde o primeiro dedicado á situación internacional e o contexto socioeconómico xunta os precedentes políticos e a proclamación da República, pasando polas cuestións esenciais: a organización do territorio, a cuestión relixiosa, o tema da muller, o exercito, a educación e a cultura; así como a problemática social e a dinámica política que enmarca as etapas do período republicano; a formación do Frente Popular, a evolución durante a Guerra Civil e a referencia ó Estatuto de Autonomía de Galicia e ó exilio, finalizando cuns apuntamentos sobre o réxime franquista.

Outra das novas editoriais é a publicación da memoria de actividades da Fundación correspondente ó ano 2002 e que recolle todo o traballo desenvolvido durante o ano: as exposicións e o seu percorrido por Galicia, publicacións, organización de cursos e conferencias, colaboración con diferentes institucións, actividades xerais e estado, volume e procedencia dos fondos documentais asentados no Arquivo Histórico. A memoria inclúe un anexo de prensa que reflicte a difusión que tiveron as nosas actividades, xunto con todo o catálogo de publicacións.

Tamén seguiu desenvolvéndose o ciclo de conferencias que a Fundación 10 de Marzo organiza xunto co Ateneo de Pontevedra sobre a recuperación e xestión da memoria histórica. Nesta etapa estiveron presentes: Santiago Carrillo, que tratou o tema «A esquerda desde a transición. Problemas e perspectivas actuais»; Vicente Álvarez Areces, presidente do Principado de Asturias, disertou sobre «O modelo autonó-




mico de articulación territorial. Os seus problemas e as perspectivas de desenvolvemento futuro».

Un ano máis, a Fundación e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia levaron a cabo diferentes actividades para celebra-lo Día da Clase Obreira Galega, que tódalas centrais sindicais conmemoran o 10 de marzo. Este ano, o tradicional acto de homenaxe a sindicalistas e persoas de diferentes sectores profesionais destacados pola súa contribución á conquista da democracia durante a dictadura franquista tivo lugar en Lugo e contou coa asistencia de máis de duascenas cincuenta persoas de toda Galicia: sindicalistas, profesores, xornalistas, representantes de partidos políticos e das diferentes institucións administrativas ou da universidade, xunto co alcalde da cidade, José López Orozco, que acompañaron os homenaxeados deste ano: a sindicalista María Pita; Jesús Buján, sindicalista histórico de CC.OO. en RENFE; o dirixente mineiro en Ponferrada e Lugo, Benjamín Trancón, e o profesor emérito da Universidade de Santiago de Compostela e membro da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero.

Presentáronse ademais as publicacións editadas en colaboración con diferentes entidades; estamos tamén a participar coa organización da Asociación para a Recuperação da Memoria Histórica.

Por outra parte, a Fundación 10 de Marzo participou na reunión ordinaria da Rede de Arquivos e Fundacións da Confederación Sindical de CC.OO. para seguir desenvolvendo as actividades da Rede que xa están programadas. Unha delas, a exposición de cartéis que fan parte do patrimonio documental dos diferentes arquivos, que supera os quince mil cartéis. A mostra *Arte e solidariedade. Os pintores españois e o cartelismo sociopolítico*, presentarase a fins de xuño en Asturias e fará un percorrido polas diferentes comunidades autónomas a partir do próximo outono. Outro tema fundamental desta reunión foi a preparación do V Encontro de Investigadores



do Franquismo, que organiza a Fundación 1.º de Maio e da que se informa noutro apartado deste número de DEZ·EME. Por último, tamén está rematando a preparación e activación da páxina web da Rede de Arquivos, que coordina o Arquivo de Historia do Traballo da Fundación 1.º de Maio.

Entre os proxectos que estamos a desenvolver para os próximos meses hai novas exposicións. Unha sobre a época do franquismo que están elaborando profesores de colaboradores da Fundación neste campo de traballo e que se porá ó dispor dos centros de ensino que a soliciten. Outras exposicións son a xa mencionada *Arte e solidariedade. Os pintores españois e o cartelismo sociopolítico* e unha mostra fotográfica de Maximimo Reboredo que se inaugurarán no mes de xuño en Lugo.

Ademais, está prevista a publicación de dous novos traballos: o diario de Casimiro Jabonero, preso político no campo de concentración de Labacolla, e a tese de licenciatura de Leonardo Rey Castro sobre o sindicalismo na factoría de Astano durante o franquismo.

JOSÉ GÓMEZ ALÉN
DIRECTOR DA FUNDACIÓN
10 DE MARZO
jalen@wanadoo.es

DAVID SIMÓN LORDA

Médico psiquiatra en Ourense. Investigador da historia social da medicina e a psiquiatría en Galicia. Entre os seus traballos podemos destacar: «Pensamento antropolóxico dos médicos galegos» (1992), «Análise antropolóxico dun hospital psiquiátrico rural» (1997), «La asistencia psiquiátrica en Galicia en la II República» (2001), «Psiquiatría, Medicina, Sociedad: Ourense (1885-1936)» (1998), «Asistencia psiquiátrica en el primer franquismo: Ourense (1939-1959)» (1999), «La medicina desterrada. Un repaso por la vida de varios médicos ourensanos perseguidos por el franquismo» (2001), «Atomé: Médico e humorista xalleiro» (2001), «'Vieiros', hipervínculos y olvidos de la historia de la psiquiatría gallega» (2001), «Historias de fotógrafos, escultores y 'tolos' (Desde Haití ó Ribeiro)» (2001), *Médicos ourensáns represaliados na Guerra Civil e na posguerra. Historias da «longa noite de pedra»* (2002). Colaborador habitual das revistas SISO/SAÚDE, *Auriensis*, *Guía dos Libros Novos*, *Psiquiatría Pública*.

FINS EIREXAS

Licenciado en Xeoloxía. Investigador no proxecto «Comunicación e Medio Ambiente» sobre cobertura de noticias ambientais na prensa galega, levado a cabo no Departamento de Didáctica das Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela, en convenio co Consello da Cultura Galega.

JAVIER RODRIGO SÁNCHEZ

Licenciado en Historia pola Universidade de Zaragoza. Ampliou estudos na Universidade de Pisa. Na actualidade é bolseiro na European University de Florencia. Colaborador da revista *Spagna Contemporanea*, publicou numerosos estudos sobre o mundo concentracionario franquista, tema sobre o que xira a súa tese de doutoramento. Autor de *Los campos de concentración franquistas. Entre la historia y la memoria* (2003).

JOSÉ LUIS PALLÍN JUSTO

Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compos-

tela. Profesor de ensino secundario. Traballa sobre aspectos económicos do mundo actual desde unha perspectiva didáctica. Verbo destes temas elaborou dúas unidades didácticas: *A mundialización da economía e Paro e mobilización total*.

LORENZO FERNÁNDEZ PRIETO

Profesor titular de historia na Universidade de Santiago de Compostela. Especializado en historia agraria, é autor de *Labregos con ciencia* (1992) e da máis recente *El pozo de todos los males: sobre el atraso de la agricultura española contemporánea* (2001).

MANUEL GONZÁLEZ MOLINA

Catedrático de Historia Contemporánea na Universidade Pablo Olavide de Sevilla. Autor de numerosos artigos e libros como *La desamortización del trienio liberal en Andalucía* (1985), *Historia y ecología* (1993), *Hombre y naturaleza en el siglo XIX* (1996) ou a máis recente *El pozo de todos los males: sobre el atraso de la agricultura española contemporánea* (2001).

MARÍA LADO

Poetisa, membro do Batallón Literario da Costa da Morte. Publicou *A primeira visión e Caza atlántica*.

MARÍA PILAR JIMÉNEZ ALEIXANDRE

Profesora de didáctica da bioloxía e educación ambiental na Universidade de Santiago de Compostela. A súa investigación explora a comunicación e a construción de significados na aprendizaxe das ciencias, e é autora de numerosos artigos e libros, entre eles *Dubidar para aprender* (Xerais, 1996) e coordinadora de *Enseñar Ciencias* (2003).

MARTA F. AGRASO

Licenciada en Bioloxía. Investigadora no proxecto «Comunicación e Medio Ambiente» sobre cobertura de noticias ambientais na prensa galega, levado a cabo no Departamento de Didáctica das Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela, en convenio co Consello da Cultura Galega.

NORMA PILLADO ORDOÑEZ

Profesora de educación física no CPI Aurelio Rey.

RAIMUNDO VIEJO VIÑAS

Licenciado con grao en Xeografía e Historia (especialidade de historia contemporánea) pola Universidade de Santiago de Compostela. Bolseiro de investigación no proxecto «Identidade Colectiva de Galicia» (1995-1998) do Centro Ramón Piñeiro (Xunta de Galicia). Bolseiro da Fundación Pedro Barrié de la Maza. Doutor en Ciencias Políticas e Sociais, cursou o seu posgrao nas universidades Johann-Wolfgang Goethe de Francfort e Humboldt de Berlín. Autor de diversas publicacións sobre nacionalismos e transicións na Europa central, con especial atención a Alemaña, desde a análise dos movementos sociais. Desde outubro de 2000, profesor na facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC. Na actualidade está a orientar as súas investigacións ós estudos europeos.

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

Licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e profesor de ensino secundario. Especialista en historia oral. A súa última publicación é *De América para a casa: correspondencia familiar de emigrantes galegos no Brasil, Venezuela e Uruguai (1916-1969)* (Santiago de Compostela, 2001). Na actualidade está a rematar a súa tese de doutoramento.

XOSÉ RAMÓN QUINTANA GARRIDO

Historiador, profesor de ensino secundario e profesor asociado da Universidade de Vigo (Dpto. de Historia, Arte e Xeografía-Área de Historia Contemporánea). É autor de diversos estudos de historia política, historia social e historia da historiografía. Entre os seus últimos traballos publicados están: «Traballadores en conflito. Unha vaga de folgas en Santiago de Compostela, 1920-1921» (2001); *Diario de empresa e xornalismo cívico: Galicia. Diario de Vigo, 1922-1926* (2002); «Da cantiga á arenga: xénese e desenvolvemento do nacionalismo galego» (2002); e «Les renaissances de Breogán: trajets du nationalisme galicien» (2003).

para colaborar en Galicia

EME

dez



*Revista de Historia e Ciencias Sociais
da Fundación 10 de Marzo*

República do Salvador, 15 - 5º
15701 - Santiago de Compostela
Teléfono 981 599 765 / Fax 981 597 081
correo electrónico: f10m@galicia.ccoo.es



UNIDAS SIN DISTINCIÓN DE CLASES

EN ORGANIZACIONES JUVENILES DE I.F.I. Y DE LAS J.O.N.S.

Tense afirmado, en non poucas ocasións, que unha das grandes revolucións do século XX foi a da muller. Na procura da igualdade, a maioría demográfica foi acadando a súa *visibilidade* histórica. Son conquistas de moi distinto contido que afectan a esfera do político, a cultura, as relacións persoais. Aí están o dereito de voto e a participación da muller na política, pero tamén o seu acceso á educación, o recoñecemento do seu propio corpo... Todos eses temas trataranse no oitavo número desta revista de Historia e Ciencias Sociais. Será en decembro de 2003.

Normas para a presentación dos orixinais

- O número de caracteres dependerá da sección á que vaia dirixido o artigo:
 - Ó redor da Historia: entre 20.000 e 25.000 caracteres.
 - Na clase: entre 20.000 e 25.000 caracteres.
 - Testemuño: entre 15.000 e 20.000 caracteres.
 - Unha imaxe: 7.000 caracteres.
 - Concepto: 6.000 caracteres.
 - De libros: 12.000 caracteres.
 - Encontros: 5.000 caracteres.
- Os orixinais irán acompañados do enderezo, número de teléfono do autor ou autora e, de se-lo caso, do correo electrónico. Incluirán un resumo de 400-500 caracteres e, no caso das recensións de libros, unha reprodución da portada da obra comentada.
- As notas irán numeradas correlativamente e aparecerán ó final do artigo.
- As referencias bibliográficas irán incluídas no texto do seguinte xeito: (Apelido do autor; ano da publicación: páxina). Por exemplo: (Hobsbawm, 1999: 98).
- A bibliografía incluirase ó final do artigo do seguinte xeito: Apelido do autor; Nome (ano de publicación), Título, Lugar de edición, Editorial. Por exemplo: Hobsbawm, Eric (1999), *Gente poco corriente. Resistencia, rebelión y jazz*, Barcelona. Crítica.
- Dos artigos aceptados enviarase unha copia en disquete, preferentemente en formato Word para Windows.
- Os títulos dos artigos ou os epígrafes non se escribirán con maiúsculas.
- No caso de que o artigo vaia acompañado de imaxes ou ilustracións, indícarase o pé que levará.
- As imaxes enviaranse en formato TIF ou JPEG (JPG), cunha resolución non inferior a 240 pp.
- Os artigos serán corrixiados polo Gabinete de Normalización Lingüística do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, seguindo a normativa do Instituto da Língua Galega.

Os orixinais dos artigos deberán ser remitidos por correo ou entregados persoalmente na FUNDACIÓN 10 de MARZO r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 - Santiago de Compostela, ou enviados por correo electrónico ó enderezo f10m.sn@galicia.ccoo.es
 A revista é semestral e a data de peche para a recepción de traballos é de dous meses antes da saída de cada número. O Consello de Redacción de Dez•eme resérvase o dereito de decisión en canto á publicación dos artigos recibidos.

CORTE POLA LIÑA DE PUNTOS OU ENVÍE UNHA FOTOCOPIA

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Nome Apelidos
 Enderezo
 Cidade C.P.

SI, DESEXO SUBSCRIBIRME Á REVISTA DEZ•EME A PARTIR DO NÚMERO (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 17 EUROS, GASTOS DE ENVÍO INCLUIDOS)
 SUBSCRICIÓN DE APOIO OU INSTITUCIONAL (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 30 EUROS, GASTOS DE ENVÍO INCLUIDOS)

FORMAS DE PAGAMENTO

Contrareembolso Xiro postal Talón bancario (a nome de: Fundación 10 de Marzo, República do Salvador, Santiago de Compostela)

DOMICILIACIÓN BANCARIA (cubrir tódolos díxitos do código interbancario)

Código interbancario Nome da entidade
 Enderezo postal
 En , a de de Asdo.



**WIR HABEN DIE ERDE
VON UNSEREN KINDERN
NUR GEBORGT.**



DIE GRÜNEN



OTE



Fundación 10 de Marzo
comisión obrera